21 Xulío
Agosto
Setembre 1968

GRIAL



MICAELA MISIEGO: Isledinga Sögur

J. A. GONZÁLEZ CASANOVA: Comunicación social e desenrolo político no xurdimento da conciencia nacional

AMABLE VEIGA ARIAS: Fonología galiega

SALVADOR LORENZANA: As interrogantes no teatro de Ionesco

X. MARIÑAS DEL VALLE: Pequena farsa dos amores desencontrados

XESÚS TABOADA: Cuevillas e o seu maxisterio.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 21 — XULIO, AGOSTO, SETEMBRE 1968

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Isledinga Sögur, por MICAELA MISIEGO 257

Comunicación social e desenrolo político no xurdimento da conciencia nacional, por J. A. GONZÁLEZ CASANOVA ... 275

Fonología Gallega. Fonemática: El sistema consonántico, I, por AMABLE VEIGA ARIAS 282

As interrogantes no teatro de Ionesco, por SALVADOR LORENZANA 288

ESCOLMA

Pequena farsa dos amores desencontrados, por X. MARIÑAS DEL VALLE 295

Pequena amostra da poesía do Canadá francés, trad. X. CAMBRE MARIÑO 312

PENEIRA DOS DÍAS

Cuevillas e o seu maxisterio, por XESÚS TABOADA 314

Curiosidad literaria, por EDUARDO MARTÍNEZ TORNER 322

Arredor dun poema de Rosalía, por X. L. FRANCO GRANDE 326

Sebastián González García-Paz. Notas da súa vida e do seu tempo, por ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS 334

A lendo do Graal, por R. C. C. 358

A poesía africana moderna, por C. B. 358

LIBROS, por R. C. C., BASILIO LOSADA CASTRO, X. L. FRANCO GRANDE, C. B., S. S. e X. M. B. 362

O REGO DA CULTURA 379

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

ISLEDINGA SÖGUR

A comenzos do século IX, no que tradicionalmente se ten chamado periodo vikingo, non existía unha nación noruega propiamente dita con un só goberno i un só rei: había somentes un certo número de reizolos ou xefes, cada un en guerra continua cos seus veciños, vivindo do roubo e das preadas. Un distes xefes, fillo de Halfdan o Negro, foi Haraldr, máis tarde conocido históricamente co nome de Haraldr Harfagri ou o Rubio, que tivo a idea de someter a tódolos demáis baixo da súa autoridade, e fundar así un reino de Noruega, cousa que acadóu despóis de longa loita. Despóis da batalla de Hafrsfjord en 872, —batalla que está mañíficamente descrita no capítulo II da "Gretla" ou "Saga de Grettir, o forte"—, a súa soberanía foi firmemente establecida.

Moitos dos "jarls" derrotados refugaron prestar xuramento de obedencia ó rei, porque non eran gustantes de "suplicar polo que antano posuíron por direito natural". Pra istes non houbo outro camiño máis que o mar, polo cal navegaron cara outras terras, sobre todo cara o oeste, ou seña, Escocia i as illas Orcadas, Shetland e Faroe, desde onde orgaizaron espediciós vikingas ou de piratería cara Noruega. Haraldr perseguíunos nas súas novas patrias e obrigounos, polo menos a unha parte diles, a percurar refuxo no norde máis recuado de unha Islandia cáseque deshabitada, onde a terra se achaba prácticamente á súa disposición e onde cada ún podía ser o seu propio dono e xefe único dos seus seguidores, sin reconocer ningunha autoridade superior. Así se fundóu a comunidade de Islandia, coa fror do sangue e virilidade da raza noruega.

Dadas, nembargantes, as cualidades desta raza que fixeron posible a colonización, e unindo esto á ausencia dun goberno único, era inevitable que roubos e derramamentos de sangue foran frecuentes. Dentro de cada tribu, chamada 'godord', o orden era mantido polo xefe ou 'godi', pro no tocante a estranos ou forasteiros, apricábase a lei do máis forte. Con todo, inda que xurdiron retesías entre familias rivales i unha morte era xeneralmente vengada con outra, non é exactamente certo decir que o país carecía por completo de leis; en realidade, existía, entre os membros da comunidade, unha forte ten-

dencia á propiedade legal, pro ó non existir unha autoridade dabondo poderosa pra promulgar leis nin unha forza política adecuada pra mantelas si existían, era sempre posible que un xefe violento provocara un levantamento con repercusiós, prácticamente, en toda a illa. I esto levóu, máis tarde, á formación do chamado *Thing* ou *Althing*, o parlamento, ou corte de xusticia.

Pódese decir, polo mesmo, que Haraldr Harfagri, pola súa actuación inda que non pola súa vontade, creóu a mancomunidade islandesa. Dende o punto de vista da euxenesia, é dubidoso que calquera outro país na historia do mundo teña poseído unha poboación de cualidade máis elevada, xa que os homes que chegaron a Islandia eran a fror da raza nórdica, aquiles cuio fero esprito de independencia e libertade non puido aceptar a nova "escravitude" en Noruega, preferindo a perda das terras e bens i o exilio a un país desconocido á sumisión ó rei Haraldr. Parte do proceso diste establecemento pódese seguir na acción vital i os choques de persoaxes individuáis que forman os primeiros vinteséis capítulos da "Egla" ou "Saga de Egil".

No ano 930 compilouse un rudimentario código civil e instituíuse o *Althing*, ou asamblea de homes ceibes, que se axuntaban cada vran en Thingvellir, ó sudoeste da illa, pra debatir e solucionar asuntos de interés público, e dende iste intre toda a vida do islandés xiróu arredor destas xuntanzas anuáis, a onde levaba as súas queixas, resolvía as súas retesías cos seus adversarios e axuntábase e bebía cos seus parentes e camaradas de toda a illa. Non hai dúbida de que a accesibilidade debeu ser o primeiro factor que se tivo en conta ó elexir o lugar onde iste primitivo parlamento iba a establecerse, pro é evidente tamén que a beleza natural do lugar fíxoo diño da escolla: o *Thing* achábase acarón dun quedo lago á beira da aba de seis kilómetros de lava negra, do Almannagjá, sobor da cal o pequeno río Axewater cai retumbando, con prados e campos pendentes onde os xefes colocaban as súas tendas, arrodeado o conxunto por campos de lava rotos por cañós e abismos e, no horizonte, por un circo de montanas. I é unha proba evidente de que na mente islandesa coexistiron o instinto legal i o político, xunto con un intenso individualismo, o feito de que, durante séculos, cada un dos habitantes de Islandia que tiña algunha importanza cabalgara cara iste lugar anualmente, nun viaxe que, dende algunhas partes do país, non levaba días senón semás.

Esta foi, xa que logo, a comunidade islandesa; poboados espallados que se acollían á protección dun señor ou un sacerdote, mantidos en unión entre sí pola raza común i as xuntanzas anuáis do *Althing*. Os islandeses tiñan saído de Noruega pra seren os seus propios donos, i en ningunha outra comunidade civilizada ten existido meirande libertade do individuo; non había alí goberno executivo nin había entre o xefe e mailo súbdito, polo menos en teoría, máis lazo que un contrato honroso entre homes ceibes que podía desfacerse a vontade de unha das duas partes. A seguranza da república basábase, pre-

cisamente, nas súas condiciós físicas, ou seña, na ausencia de agresión esterna i as grandes distancias dentro do seu propio territorio. I esta especie de anarquía froreceu mentres as cousas permaneceron niste estado, ou seña, mentres os homes se contentaron con ser poderosos cada ún nas súas propias posesiós, mentres os lazos de parentesco seguiron considerándose sagros, mentres houbo amplio espacio pra todos. Cando estas condiciós se crebaron, toda a vida política se derrubóu.

No século XIII houbo homes poderosos que empezaron a cobizar terras máis alá dos seus propios dominios e aspiraron como o xoven e brillante Sturla Sighvatson, a sobrancear e dominar políticamente. A casa dos Sturlungs abranguéu a mitade do país co seu poder, logo dividíuse i empezaron as liortas entre o seus propios membros, que orgaizaron exércitos i enguerelláronse en batallas cuia magnitude non se tería podido maxinar noutras épocas, batallas que foron ruinosas nunha proporción moi desigual ó número de homes caídos nelas, xa que eran os grandes homes os que loitaban deica morrer mentras os seus seguidores quedaban nunha paz relativa. Con elo, a mesma seiva da terra verteuse na guerra civil i esta circunstancia foi aproveitada, sagazmente, por Noruega, que tiña estado agardando, axexando e intrigando durante anos. En realidade, o intre histórico que se pode fixar como o fin definitivo da república de Islandia é o 22 de setembro de 1241, a data en que Snorri Sturlason, historiador e político, o máis xoven i o máis famoso dos tres irmaos Sturlung, foi morto a puñaladas na súa casa de Reykholt por asesinos alugados polo seu propio xenro nunha emboscada preparada polo rei de Noruega.

O Cristianismo estableceuse legalmente no ano 1000. É evidente, polas sagas i outros documentos, que o cambio de fe foi primariamente i en sustancia un procedemento político basado en consideraciós de esperiencia, máis que un movemento relixioso popular; cando se fixo indiscutible, na famosa asamblea do *Althing* do ano 1000, que unha controversia relixiosa estaba a punto de dividir completamente o país, os seus habitantes buscaron o medio de evitar que existiran duas leis no mesmo. Pra esto fíxose do Cristianismo lei e prohibíronse, baixo pena de desterro, os ritos pagáns; pro o culto antigo, aínda prohibido públicamente, tolerouse en privado, i é característico que esta decisión diplomática que trouxo o Cristianismo legalmente e preservóu a cohesión do Estado, foi preparada e decretada por un pagán. Dende iste intre, inda que a letra da lei era cristiá, o esprito seguía sendo pagán i a súa persistencia ó longo de moitas xeneraciós posteriores, refléxase na continuación dos antigos costumes; os bispos cristiáns practicaban a poligamia e cabalgaban en espediciós de pillaxe tan libremente na era Sturlunga como na dos grandes xefes de antano e houbo poetas da corte, como o skald Hallfred, que levaron tan lixeiramente a capa da súa nova fe, que unha das súas máis correntes ameazas ó rei, si iste non quer escoitar os seus poemas, é o abandono do cristianismo i a volta ó paganismo do poeta. Quizáis a proba máis sorprendente e definitiva desta persistencia do esprito

pagán áchese na imparcialidade e falta de ton cristián nas mesmas sagas. O cristianismo non foi unha relixión tolerante en ningunha época nin en ningún país e, nembargantes, en sagas como a "Egla", de mediados do século XIII, é difícil achar unha frase ou figura de dicción que apunte a un cristiano contando unha narración da época pagá ou que poidera considerarse fora de lugar nun persoaxe da época heroica.

Na base da antigua mitoloxía nórdica áchase un profundo fatalismo, ó que están sometidos o ceo, a terra i os mesmos deuses. E sobre iste fondo abesedo, os homes e mulleres das sagas desenrolan as súas vidas; fatalismo e predestinación áchanse en cada unha das súas palabras e acciós i esto fainos, por contraste, orgullosos, prácticos e alleos a toda clase de medo.

A poesía e prosa da Islandia medieval forman un conxunto literario máis escepcional, e probablemente o máis rico e máis variado, que poida acharse en calquer país de Europa na Edade Media. Inda que non sempre se ten apreciado o seu mérito intrínseco por completo, hai xa longo tempo que os historiadores da antigüedade de Inglaterra, Alemania i Escandinavia consideran aquela literatura como fonte histórica e, ó mesmo tempo, como unha especie de sustituto prá súa propia poesía dos tempos pre-cristiáns, perdida ó que semella irremisiblemente. A "Edda poética" é a meirande coleición dos cantos que froreceron no Norde antes da introducción do cristianismo i é un tesouro de valor incalculable prás léndas heroicas xermánicas i a mitoloxía nórdica; xunto coa "Edda en prosa" de Snorri Sturlason i a considerable cantidade de verso escáldico, istes poemas son a fonte de información máis importante que hoxe se ten sobre as divinidades da antiga Escandinavia i os héroes poéticos e lexendarios da Xermania.

Como xénero literario, as sagas que tratan de héroes nativos, as "Islendingasögur" ou "Sagas de islandeses", amostran unha clara individualidade e son, enteira e únicamente, unha producción de Islandia tanto polo seu tema como pola descripción de persoaxes i o estilo. Contan a inmigración á illa, a ocupación i a colonización do novo país, as espediciós vikingas, as liortas entre familias e cláns i as amargas retesías legáis, debidas sobre todo a direitos de propiedade e prestixio persoal. A acción destas historias adoita ter lugar no século que seguíu ó establecemento da Gran Asamblea de 930, período que se chama, xeneralmente, a Era da Saga, pro as obras mesmas escribíronse moito máis tarde; con poucas escepciós, foron escritas no século XIII.

As sagas de islandeses non teñen paralelo no resto do Norde nin na Europa contemporánea, i é notable esta completa ausencia de calquer contacto claro con outras literaturas. En Europa, no século XIII, hai por unha banda o gran frorecemento filosófico do escolasticismo e por outra as ideas poéticas derivadas, principalmente, da fe católica e, niste conxunto, aparecen en contraste as sagas islandesas sobre héroes nativos. O seu tratamento do tema é estraordinariamente ouxe-

tivo, realista, sin elucubraciós metafísicas; a ideoloxía que aparece nas palabras e acciós dos seus persoaxes é de orixe pagán i en toda a saga ousérvase un estricto carácter épico no que a persoalidade do narrador é completamente suprimida.

En islandés, saga siñifica algo diferente do que siñifica en inglés ou en outras língoas xermánicas, porque a menudo ten somentes contido histórico; "saga Islands", por exemplo, siñifica a historia de Islandia. As sagas dos islandeses non teñen acadado somentes fama como arte orixinal narrativo, ás veces tomáronse como verdadeira historia i outras como fonte de valor incalculable prá historia cultural. En realidade, na profusión de persoaxes da saga, os escritores islandeses, moitas veces anónimos, crearon de novo a vida dos seus antepasados, dende as cousas corriqueiras de cada día hastra os grandes conflictos que produciron enormes consecuencias.

Polo mesmo unha saga, en realidade, pódese definir en grandes rasgos como unha narración en prosa que trata dramáticamente material histórico e na que o interés céntrase en persoas individuáis, nos seus caracteres, acciós e destino. É heroica en tema i espíritu, como a obra de Homero, pro non é poética, non presenta endexamáis a oposición épica de troyanos e gregos i evita toda clase de elementos sobrenaturáis ou máxicos; non ten a visión teocrática dos libros bíblicos nin a arela cabaleiresca das canciós de xesta ou a ardente emoción celta; en realidade, na saga, as mesmas palabras fanse máis tensas e menos emotivas cando a situación vai achegándose ó seu punto culminante, hastra que cada unha das frases ten efecto individual e absoluto, provocando un tumulto anonadador de asociaciós.

Tense discutido, sin chegar a conclusión definitiva algunha, por qué Islandia e Noruega, Suecia ou Dinamarca foi o berce da literatura clásica escandinava. E. R. Eddison, na súa edición da "Egla", cita unhas palabras do Dr. Nordal que semellan a resposta máis axeitada. Según iste, os homes do Norde, de raza conquistadora, chegaron a Islandia con idea de conquistar, sin que poideran atopar alí onde exercitar iste pulo innato, só terra erma e pedras. Como non só eran rudos e violentos guerreiros i aventureiros do mar, senón tamén homes que sentían profundamente o orgullo de raza, ó vérense privados da posibilidade de crear un imperio temporal volveron a súa mente á historia e coas súas ideas labraron un imperio máis perdurable, usando os dons de intelecto e carácter que sempre lles distinguiron.

As sagas islandesas son, xa que logo, biografías de grandes homes. É doado imaxinar a iniciación de unha calquera delas, nas longas noites de inverno das rexiós nórdicas, nas que os homes debéronse sentar acarón do lume do xefe, ou 'godi', e, mentres bebían, disfroitaban do placer de contar historias dos vellos tempos de Noruega, de cómo os seus devanceiros desafiaron ó tirano e loitaron contra il e, vencidos pro non dominados, navegaron cara o oeste e chegaron a Islandia, ocupando a terra i establecendo novos fogares, nomeando a cada un dos colonos i ós seus devanceiros. Así empezan todas as

grandes sagas, cuios primeiros capítulos quizás semellen pouco amenos ó lector de hoxe, pro que forman con todo a semente da que xurde a narración completa, continuada a través dos descendentes da edade heroica. Estas biografías áchanse todas compostas en gran estilo, amostrando como o carácter do héroe se desenrola dacordo co seu ambiente político e social e compre lembrar que son, en principio, relatos de feitos verdadeiros no que podía conocer o narrador. Como en todo arte histórico, o poeta só quere decir o que coida que é verdade, e non ten interés ningún en crear.

É curioso tamén que, en países como Islandia e Noruega, onde a escenografía natural semella prestarse tan maravillosamente ó lirismo, fálese tan raramente da bonitura da paisaxe e, nembargantes, o narrador amostra ás veces o que podería facer de habelo querido, como se bota de ver na "Gretla", cando fala do refuxo de Grettir nos glaciares de Geitland, (cap. LXI) e con moi poucas palabras presenta un paraíso terrenal de felicidade e acougo.

Os islandeses, pois, áchanse na posición pouco adoitada de ter incluso a súa xénese como nación documentada en escritos. O notable libro conocido co nome de "Landnámabók" ou "Libro de colonizaciós", que puido ter sido escrito arredor do século XII, menciona máis de tres mil persoas e mil catrocentos lugares en conexión coa colonización, e, por unha circunstancia afortunada, é posible conocer a chamada Era Sturlunga a través dunha obra única, detallada e contemporánea, a "Sturlunga Saga", que contén un certo número de sagas levemente conectadas e das cales,as que tratan da primeira mitade do século XIII, son obra de Sturla Thortharson (1214-1284), sobriño de Snorri Sturlason, o persoaxe máis interesante da súa época.

Snorri, o autor da "Heimskringla", é unha figura de interés excepcional na Islandia do século XIII, non só polos seus escritos senon pola posición que ocupaba como xefe e terratenente, e pola parte que tomóu na política da súa época, da cal foi producto no máis pleno sentido da palabra. Case trinta anos antes do seu nacemento, o reino danés tiña estado en mans dun príncipe alemán, Enrique o León, que puxo e depuxo os gobernantes alí como mellor lle parecéu; e durante a infancia de Snorri un distes gobernantes, Valdamarr I, contribuíu á destrucción política de Enrique. En Noruega, Sverrir Sigurdarson tiña acabado co vello orde social, reemplazándoo con outro moito máis centralizado; tiña desafiado no esterior o poder de Roma i o dos seus propios nobles no interior, como Enrique II de Inglaterra e Federico Barbarroxa; despóis da morte de Sverrir, seguíu un interregno e no remate chegóu ó trono un monarca poderoso e intelixente, que alongóu as reformas de Sverrir e, despóis de acadar a unidade i a paz, reavivóu a vida intelectual de Noruega coa influencia de modelos franceses e ingleses. Baixo o patrocinio diste rei, Hakon Hakonarson, traducíronse ó noruego e ás veces ó sueco, danés e islandés, obras como as de Chréstien de Troyes. Islandia, pola súa banda, ás veces a través de Noruega i outras directamente, absorbéu parte da vida do continente europeo: Samundr o erudito, que tiña estudado en París, fundóu unha escola en Oddi;

Sturla Sigvatsson, sobriño de Snorri, fixo unha pelerinaxe a Roma e visitóu Alemania; i o mesmo Snorri amostra, nas páxinas iniciáis da "Heimskringla" ou "Historia dos Reis de Noruega", a influencia dos grandes ciclos de romances.

Snorri foi fillo dun xefe turbulento e cobizoso, Sturla Thordsson, de Havmm, no oeste da illa, fundador dunha familia cuios membros chegaron a ser tan importantes que o periodo comprendido entre 1200 e 1264 toma o seu nome diles, inda que eran relativamente recén chegados entre as familias dirixentes de Islandia. Snorri nacéu en 1178 e sábese pouco da súa educación i adolescencia; o seu pai morréu cando il contaba somentes cinco anos e il quedóu baixo a tutela de Jon Loftsson, de Oddi, lugar onde vivíu deica acadar a maioría de edade legal. Cando Jon Loftsson morréu Snorri tiña dezanove anos e moi poucos recursos económicos con que se labrar unha posición social, xa que a súa nai tiña derrochado prácticamente toda a parte que lle correspondía a il da herencia do seu pai. Con todo, dous anos máis tarde a súa irmá maior Thord arranxoulle o matrimonio con Herdis, filla de Bersi o Rico, que poseía as terras de Borg. Despóis da súa boda, a súa nai entregoulle as terras de Hvamm. Cando Bersi morréu, Snorri trasladouse a Borg e adequiríu unha xefatura, quizáis como herdanza da que tivera o seu sogro. Por 1206 trasladouse de novo, esta vez a Reykjaholt, unha gran finca cuio propietario era vello e incapaz de manexar eficazmente; Snorri tomóu a propiedade a cambio de manter ó anterior dono e máis á súa familia e con esto aumentóu moitísimo a súa riqueza i o seu poder. A súa esposa permanecéu en Borg, i o seu matrimonio semella ter rematado prácticamente niste intre; tiñan dous fillos e il tiña outro ilexítimo e a partir desta data, e durante unha longa serie de anos, tivo varias amantes das cales tivo tamén varios fillos.

A influencia de Snorri era agora cada vez maior; estaba en boas relaciós cos seus irmaos Thord e Sigvat, tomóu parte en varias retesías e liortas inda que nunca foi de carácter loitador ou guerreiro, i o seu éxito foi sempre debido máis á súa intelixencia i ó apoio dos seus homes que ás súas cualidades de xefe bélico. A pesar da súa mocedade, foi nomeado en 1213 pra un cárrego cuio equivalente no mundo de hoxe podería ser, quizáis, o de asesor xurídico. En realidade, era o que sabía a lei e podía dictar o curso a seguir nunha ocasión determinada na asamblea anual. Islandia non tiña leis escritas i o que ocupaba iste cárrego era á vez xuez, maxistrado supremo ou, traducindo literalmente a palabra islandesa, "o que falaba a lei". Polo mesmo esta posición, elevadísima na república, requería un completo conocemento das leis e habelencia pra xusgar e arbitrar en querelas e litixios.

Pola mesma época, comenzóu a pensar en ganar o favor dos gobernantes de Noruega e, seguindo a tradición, adicóu a elo o seu talento poético. Compuxo e mandóu un poema de loubanza a Hakon Galin i este, pola súa banda, mandoulle regalos e convidouno a que o visitara en Noruega, o que Snorri non puido facer porque o noble

noruego morréu ó pouco tempo. Por entón, en 1218, o poder noruego achábase en maos do rei Hakon Hakonarson, de catorce anos, e do noble Skuli Bardarson, que era de feito o gobernante. Ambos o recibiron con simpatía i enchérono de honores e, despóis de ter estado con iles ano e medio, concedéronlle o título de 'skutilsvein', rango de alto honor na corte noruega. Cando na primaveira de 1220 se preparaba pra voltar ó seu país, a flota noruega estaba preparándose pra atacar e roubar a illa, irritados, por desacordos en principios comerciáis contra os islandeses e, sobre todo, contra os homes de Oddi, que Snorri seguía considerando como o seu antigo fogar. Por esto falóu con Skuli e convenceuno de que era mellor tratar de ganar a amistade dos xefes de Islandia pra que se aliaran a Noruega, e aseguroulle que il i os seus irmaos, que eran en conxunto os máis poderosos xefes da illa, podían levar a cabo esta alianza. O rei detuvo a orden de ataque e il i Skuli concedéronlle a Snorri o novo título de 'lendrmathr' e moitos regalos.

As súas actividades como pacificador non tiveron éxito, porque fixo moi pouca cousa pra que os seus compatriotas aceptaran xurisdición noruega, i en 1222 foi reelexido como asesor do *Thing*, e mantivo esta posición deica 1231, ó mesmo tempo que ampliaba o seu poder arranxando varios matrimonios entre os seus fillos e fillas e varias familias importantes da rexión. Fracasóu no seu intento de se casar con Solveig, filla de Saemund Jónsson de Oddi, a cal casóu co sobriño de Snorri, Sturla Sigvatsson; o mesmo Snorri casóu daquela con Hallveig, a muller máis rica de Islandia, co cal convertíuse, ó xuntar ambas fortunas, no home máis rico da illa, sin comparanza posible con outro.

A partir diste intre a súa vida é unha continua loita, ás veces diplomática, outras violenta, pra asegurar e reforzar o seu dominio. Ambicioso e violento, vivíu entre homes que poseían as mesmas características e cuia hostilidade, naturalmente, provocóu, pro faltoulle o vigor i a ferocidade necesaria pra os vencer. A súa derrota, con todo, conqueríuse con unha emboscada: Snorri foi asesinado cando se achaba indefenso, porque tiña accedido a unha xuntanza pacífica pra parlamentar na que estipulóu que tódolos participantes irían desarmados. O grupo que se enfrentóu a il, no que figuraba o seu propio xenro e que se tiña reunido a instigación do rei noruego, anceioso pola posesión da illa, non respeitóu os termos do acordo, e Snorri foi apuñalado.

Existiron ó longo dos anos moitas opiniós encol da lealtade, a honradez i o patriotismo, incluso, de Snorri, pro non pode haber máis que unha verbo do valor da súa obra literaria, da cal o máis importante, sin a menor dúbida, é a chamada "Heinskringla". É a máis elaborada de todo o que Snorri compuxo e completouna antes da súa segunda viaxe a Noruega en 1235. A palabra que constitúe o título siñifica "o círculo do mundo", i é a que tamén empeza a obra; con ela o autor inicia unha narración razonada da fundación de Noruega polos antigos deuses, sigue despóis a través da lenda heroi-

ca deica o período histórico e conta, xa niste, a vida dos seus héroes no trono, nas cortes e campamentos orientáis, ou en incursiós a terras lonxanas, dende os tempos máis antigos deica o reinado de Sverrir, que subíu ó trono en 1184, cinco anos despóis do nacemento do propio autor.

Eric Magnússon estuda o autor e maila obra de maneira detallada e mañífica no tomo VI de "The Saga Library", onde examina tamén o material que Snorri achóu dispoñible. Iste consiste na tradición oral, as distintas xenealoxías que se atopan en documentos, canciós e poemas dos cantores antergos como as xenealoxías rimadas da "Ynglinga" i a "Eyvinda", poemas dos cantores da corte, ou seña, cantos históricos que a xente sabía de memoria dende os días de Harfagri deica a mesma época de Snorri.

Antes diste momento existiron só monografías biográficas, arredadas e desunidas sobre os reis noruegos, escritas según os modelos das sagas de familia de Islandia; a ambición de Snorri foi moito meirande, porque vendo claramente que o transcurso da vida vai determinado por causa i efecto, e que nas vidas dos reis teñen unha parte importante intereses e preocupaciós moi distintas entre sí, tanto nacionáis como dinásticas, ideóu unha nova maneira de escribir unha saga, amostrando como a semente da causa, sementada nun reinado, daba unha colleita de efecto, inevitablemente, no que seguía a aquil. E, coa idea de que esto é o que debe lembrar firmemente o escritor de vidas de reis, Snorri decide escribir a primeira historia pragmática conocida en calquera língoa xermánica ou teutónica, a "Heimskringla".

A "Saga de San Olaf", "Olaf's Saga Ins Helga", que é a que realmente nos interesa hoxe, forma parte da sección central da "Heimskringla", pro tamén se acha separada como obra completa de sí mesma: desta forma foi escrita primeiro por Snorri. A diferencia entre ámbalas versiós é que esta derradeira empeza con un breve resume da historia de Noruega a partir da morte de Harfagri e remata con uns poucos capítulos sobre os sucesos posteriores á morte de Olaf e, en particular, sobre a aparición do culto a il adicado nos reinados seguintes. Ó incorporar a saga ó seu estenso tratado histórico, estas secciós adicionáis foron, naturalmente, suprimidas, pro a parte principal quedóu intacta. Non é sorprendente que Snorri elexira a figura de Olaf pra o seu primeiro intento de biografía dun rei noruego porque, a pesar de que tiña moito material que consultar, a persoalidade que resultaba a través de tódalas fontes era dabondo contradictoria e paradóxica pra constituir unha atractiva tentación pra o poder de interpretación do autor. Os feitos históricos mostraban un estrano cambio na actitude dos súbditos cara o rei: durante a maior parte do seu reinado, tíñaselle mostrado decidida hostilidade, tiña sido botado do país e, ó cabo, tiña morto loitando cos mesmos que antano foron os seus vasalos. E, nembargantes, ós poucos meses da súa morte, tívoselle por santo, atribuíronselle milagres e concedéuselle a aceptación popular que nunca tivo en vida. Compre engadir, ade-

máis, que nos documentos escritos conservados sobre a vida do rei, aparece iste como orgulloso, vengativo e deshonesto, de tal maneira que é difícil relacionar a piedade i os milagres coa impresión que se ten da súa vida.

Tanto os poemas escritos polos propios poetas cortesáns do rei como as diferentes biografías que dil se fixeron inmediatamente despóis da súa morte, debéronlle parecer a Snorri moi defectuosas, non só porque aceptan sin discusión os razonamentos máis increíbles, sinon porque a súa inxenua parcialidade i a súa psicoloxía sobexamente superficial non podían proporcionar unha visión adecuada nin do mesmo Olaf nin da actitude dos seus súbditos verbo dil. En realidade, a diferencia más notable que o lector bota de ver ó consultar calquera das historia e comparala coa de Snorri é o tratamento da santidade de Olaf. En Snorri sempre está presente Olaf como guerreiro e gobernante, e moi poucas veces se alude á santidade; nunca lle chama santo durante a súa vida, senon simplemente 'rei Olaf' ou ben 'Olaf Digri', cuia tradución aproximada sería 'o alteiroso". E quizáis o factor diferencial máis importante é o seu drástico examen das narraciós milagrosas i edificantes tan abondosas nas fontes que utiliza. A cristianización de Noruega foi, sin dúbida, un aspecto importantísimo do reinado de Olaf i Snorri dá conta detallada dela; pro, ó mesmo tempo, ve que o sucedido ten tanto carácter político como relixioso, poisque estaba tan íntimamente unido co propósito de aplastar ós xefes semi-independentes i establecer a Olaf como único e indiscutible gobernante.

Ademáis, Snorri detalla esplícitamente a brutalidade dos métodos de Olaf, especialmente o seu uso da mutilación, que era odioso pra os islandeses. Por exemplo, a saga lexendaria adica unha soia frase ó destino do rei Hroerek, a quen se lle quitaron os ollos, i Snorri adícalle varios capítulos, escritos con unha forza tal que os convirte nun dos episodios máis memorables de toda a saga. É indudable que a impresión pouco favorable que Olaf produce nistes capítulos debeu de ser parte da intención deliberada do autor, un dos aspectos da complexidade da súa interpretación do rei. O seu propio cristianismo nunca foi fanático i o seu comentario á tendencia dos noruegos a non desprendérense dos costumes pagáns é que "cando o home corrente se atopa abandonado ós seus propios recursos, a fe que se lle ensinóu na súa infancia é a que ten o poder máis forte sobre as súas inclinaciós".

O tema central desta saga é a política interna do rei, i a súa relación cos xefes de familia e condados cuia final oposición causóu a súa caída. Snorri dá unha espricación da hostilidade distes homes, ou seña, esplica cómo Olaf con leis xustas pro duras tratóu de suprimir o vello costume polo cal istes xefes coidábanse ceibes de viviren saqueando a outros. Nembargantes, ó autor interésalle máis buscar as razós individuáis prá rebelión de cada un dos xefes e, inda que en gran parte o tema tiña sido tratado xa polos seus predecesores, é indiscutible que na obra de Snorri hai unha meirande sutileza ó tra-

zar os caracteres dos enemigos do rei i ó interpretar os seus motivos que, ademáis, son interesantes e variados. O desexo de esplicar estas razós personáis lévao a incluir episodios que ó comenzo quizáis semellan disgresiós, pro cuia importancia faise instantáneamente evidente. Nefeito, unha das premisas básicas da súa obra é que os sucesos do mundo lévanse a cabo pola interacción de personalidades humáns, e non por un choque sobrehumán das forzas do ben e do mal.

Outro tema que interesa ó autor e que trata de aclarar é a causa de que os noruegos aceptaran a Olaf como santo. Os biógrafos anteriores non dubidaron de que Deus tiña probado a santidade de Olaf con milagres, abrindo así os ollos dos homes. Non hai razón pra crér que Snorri non aceptara istes milagres, que achóu en diferentes e antigas fontes; pro unha vez máis toda a custión toma, pra il, o aspecto de motivos persoales e opinión pública xa que coida, razonablemente, que si os homes da súa época non tiveran voluntariamente crido naqueles milagres e non os tiveran repetido uns a outros, o mero feito da súa existencia non tería abondado pra trocar a opinión que todo o país tiña do rei morto. Snorri fala entón dos impostos i as leis inxustas dos gobernantes daneses como causa primaria dunha revulsión dos sentimentos noruegos a favor de Olaf, i é esta revulsión a que atopa espresión entre o pobo, nos rumores sobre os seus milagres. Os xefes aceptaron istes rumores por razós particulares de cada un i Snorri dá exemplos abundantes: o do ambicioso Einar, que non tiña recibido o título i as terras prometidas por Knut; o de Kalf, enganado tamén polas promesas de Knut e desexoso de se reconciliar cos seus irmaos, leáis a Olaf, e así moitos outros. Pouco a pouco, a creencia na santidade de Olaf fíxose equivalente en Noruega ó sentimento patriótico e cando Magnus, fillo de Olaf e desterrado, foi chamado pra que ocupara o trono do seu pai, o culto ó rei morto convertíuse en parte oficial do cristianismo noruego.

O mérito da saga non reside somentes na mestría que Snorri usa ó narrar os episodios. En realidade, o que máis ademiración causa ó lector é a mañífica habilidade de construcción que demostra, porque ningún autor tiña intentado previamente entretecer tantos fíos distintos nunha soia obra i Snorri móvese con facilidade dun aspecto a outro, enlazándoos con un arte tal que nunca interrumpe a narración cronolóxica nin escurece a relación dun episodio co conxunto. Os seus métodos son variados, e con iles, ademáis de fuxir da monotonía que doadamente se podería dar nunha obra así, acada unha estructura firmemente orgaizada e rica na súa mesma variedade, e na cal a súa erudición i a súa imaxinación crean un retrato tan delicado como convincente de Olaf Haraldson, no seu doble aspecto de rei e de santo.

E con esta saga i este retrato enlázase a pantástica historia dos homes do Norde coa verde paisaxe galega. Tense discutido frecuentemente o siñificado dos nomes que aparecen nun dos capítulos da saga de Olaf e non se ten chegado a unha conclusión definitiva, pro semella lóxico que España, pola súa lonxanía e polo seu carácter

evidentemente diferente dos outros países atacados, nomeárase nalgús dos seus cantos. E, de ser así, é tamén probable que Galicia, onde intentaron antes establecerse, fora citada preferentemente. As discusiós, en realidade, centráronse na posibilidade da chegada de Olaf a España.

Na "Crónica de Noruega" escrita sobre unha das illas Orcadas e publicada polo profesor Munch de Cristianía en 1850, atópase unha proba bastante concluínte a favor da espedición á península de Olaf. O autor di que o rei foi a atacar Bretaña i España, onde conqueríu varias victorias, na páx. 17 de "Symboloe ad historiam antiquiorem rerum Norvegicarum": "Olavus interim britones debellat, et usque Hispaniae partes profectus, ibique clarissimos suae victoriae titulos reliquens, rediit in Daniam", etc.

Outra proba é a citada por Dozy nas súas "Récherches sur l'histoire et la littérature de l'Espagne", vol. 2 e coido que, apesar da súa estensión, val a pena resumila eiquí. Basa Dozy a súa teoría na saga de Snorri que, inda que foi escrita como tal arredor da primeira mitade do século XIII, posee fragmentos que semellan pertenecer á primeira mitade do século anterior, ou seña, á época en que se empezóu a poñer por escrito a tradición oral, o que fai que os datos que proporciona merezan especial atención. A saga di que o punto máis alonxado ó que Olaf chegóu na súa espedición é "Kalrsár". O problema plantexado é decidir que é o que siñifica iste nome i é ahí onde aparece a hipótese de Dozy. No "Diccionario geográfico" que forma o volume XII dos "Scripta historica Islandorum" tradúcese *Karlsár* como "as augas de Carlos" i esplícase que os homes do Norde tiñan o costume de cambiar os nomes dos lugares de países estranos por outros que tiveran siñificado pra iles. Seguidamente, os autores do Diccionario engaden que a súa opinión é que se trataba do río Garona. Dozy refuga esta interpretación, i o seu razonamento é, en resume, o seguinte: En primeiro lugar a saga di claramente que os homes que habitan perto das *Karlsár* son pagáns e idólatras i é difícil aceptar que Olaf i os seus compañeiros, que eran cristiáns a pesar da súa actuación, poideran considerar ós habitantes desta rexión de Francia como adoradores de ídoles. Di, ademáis, a saga, que Olaf agardóu nas Karlsár un vento favorable que lle permitise cruzar o estreito (de Xibraltar) e non semella ter moito sentido agardar na desembocadura do Garona un vento propicio pra entrar no Mediterráneo. Dozy coida que se trata da bahía de Cádiz, onde normalmente os barcos agardarían o intre favorable pra pasaren o estreito. Por outra banda alí vivían entón "pagáns", xa que todos os pobos cristiáns consideraban ós mahometáns como idólatras. Pra esplicar por qué os nórdicos diron á bahía o nome de *Karlsár*, Dozy básase na mesma etimoloxía do nome. Na língoa xermánica "karl" siñifica un home alto, forte, robusto. De ahí que un navío de Olaf cuia proa estaba adornada coa cabeza dun rei levara o nome de 'karlhoefuth', ou seña, cabeza de home forte. Diste feito pasa Dozy a relacionar o nome coas chamadas columnas de Hércules. Según as fontes árabes

que cita, estas columnas consistían en grandes pedras duras colocadas sobre unhas pilastras no mar ou nunha illa, de altura enorme, que varía según a fonte consultada. Na cima había unha construción triangular terminada en punta, riba da cal había unha estatua enorme dun home de longa barba, revestido con un manto dourado que lle chegaba a media perna. A súa face ollaba ó Noroeste i a súa mao esquerda estaba estendida cara atrás e sinalaba co dedo índice a entrada do estreito; na súa mao direita, cuberta co manto e alongada cara a terra tiña un ouxeto que ordinariamente se coidóu que era unha chave, pro que en realidade podía ser un bastón, según Dozy. Tendo en conta todo esto, a denominación de *Karlsár* "as augas do home" esplícase doadamente. Nas fontes árabes dise que estas columnas existiron deica 1145, e si é así é natural que esta estatua colosal captara a imaxinación nórdica e que lles deran ás augas da bahía de Cádiz iste nome. Na saga dise que Olaf, mentras agardaba nestas augas un vento favorable, tuvo un sono notable no cal se lle aparecéu "un home de aspecto maxestuoso e formidable" que lle ordenóu que non continuara o seu viaxe, senón que voltara inmediatamente a Noruega onde reinaría eternamente. Olaf regresóu ó seu país. Dozy coida ver niste sono unha lembranza confusa da estatua porque os escritores árabes dan a mesma siñificación á man estendida da figura, a da frase "Volta ó país de onde viñeche".

O capítulo que sigue agora é o da saga de Snorri, literalmente; o único cambio, inevitable, a pesar do meu desexo de o dar intacto, é o de unha das letras nórdicas, difícil de achar entre os caracteres das máquinas de escribir que eu podía usar ou na nosa tipografía. Esta letra, con todo, equivale ó son actual da 'th' inglesa, e sustituín aquela por ésta cada vez que aparece. O resto é exactamente tal como aparece no volume islandés. A continuación vai a traducción, o máis literal posible.

Heimskringla
Óláfs Saga Ins Helga
XVII Kapítuli

Óláfr konungr helt lithi sínu vestr til Gríslupolla ok barthisk thar vith vikinga fyrir Viljálmshoe. Thar hafthi Óláfr konungr sigr. Svá segir Sigvatr:

20. Óleifr, vanntu, thars jǫfrar,
ellifta styr, fellu,
ungr komtu af thví thingi,
thollr, í Gríslopollunr.
That frák víg at víttu,
Viljalms fyr boe, hjalma,
tala minust es trat telja,
tryggr jarls, háit snarla.

Thví naest barthisk hann vestr í Fétlafirthi, sem segir Sigvatr:

21. Tǫnn ranth tolfta sinni
tírfylgjandi ylgjar,
varth, í Fetlafirthi,
fjǫrbann lagit mǫnnum.

Thatan fór Óláfr konungr allt suthr til Saljupolla ok átti thar orrostu. Thar vann hann borg thá, er hét Gunnvaldsborg —hon var mikil ok forn— ok thar tók hann jarl, er fyrir réth borginni, er hét Heirfithr. Thá átti Óláfr konungr tal vith borgarmennina. Hann lagthi gjald á borgina ok á jarl til útlausnar, tólf thúsundir gullskillinga. Slíkt fé var honum goldit af borginni sem hann lagthi á. Svá segir Sigvatr:

22. Threttánda vanu throenda,
that vas flótta bǫl, dróttinn
sujallr í Seljupollum
sunnarla styr kunnàn.
Upp lét gramr í gamla
Gunnvaldsborg of morgin,
Geirfithr hét sá, gǫrva
gengit, jarl of fenginn.

Traducción:

"O rei Olaf, entón, dirixíuse cara o oeste, cara Grislopol, e loitóu alí cos seus vikingos en Williamsby. E alí tamén vencéu o rei Olaf. Así di Sigvat:

Agora contaréi a onceava batalla,
onde se loitóu i o que acontecéu.
O noso xoven príncipe atravesóu o campo de batalla
onde os xefes morrían, en Grislopol.
forte loita bruaba arredor da vila
que o bravo Conde William tiña como súa,
e moitas língoas din ben axiña
cantos elmos se esmagaron aquil día.

Despóis loitóu máis cara o oeste, en Fetlafjord, como Sigvat di:

A doceava loita deuse onde a espada
percuradora-de-honra do rei deu ós dentes
devoradores do lobo salvaxe, en Fetlafjord,
unha esmorga de guerreiros condenados a morte.

Dende alí o rei Olaf navegóu cara o sul deica Seliopol, onde deu unha batalla. Tomóu alí un castelo, chamado Gundvaldsburg —que era moi grande e antigo— e tomóu tamén prisioneiro ó conde que mandaba na fortaleza e cuio nome era Geirfinn. Despóis o rei Olaf celebróu unha xuntanza cos homes do castelo. Puxo un tributo sobre a vila i o conde, como rescate, de mil duascentas monedas de ouro. O cal foi pagado por aquiles a quenes se lles tiña imposto. Así di Sigvat:

Agora conto a décimoterceira batalla
onde se loitóu i o que acontecéu;
en Seliopol deuse a loita
e moitos non sebreviviron.

O rei mandóu tódolos seus homes e poder
á antiga fortaleza de Gunvaldsburg;
e un rico conde foi apreixado alí
cuio nome era Geirfinn, estóu certo."

Iste é o capítulo da saga e istes son os nomes. Como dixen, houbo gran cantidade de discusiós sobre a súa identificación, pro derradeiramente acéptase bastante xeneralmente que se trata de nomes españóis, co cal semella afirmarse tamén a chegada de Olaf a España. En realidade as fontes españolas falan de ataques vikingos polo 1016, pro a cronoloxía é incerta dabondo pra que seña posible aceptar a posibilidade de que foran aquiles nos que Olaf tomóu parte, en 1012 ou 1013. Nise caso tódolos historiadores están dacordo en que Grislupolla podería ser Castropol; Wiljalmsboe podería ser unha corrupción de Villameá e Fetlafjorthr, outra de Betanzos. O "jarl Viljams" ou conde William, naturalmente, sería unha invención pra esplicar, na mente do poeta, o nome do lugar. Seljupollar tense identificado, dudosamente, con Silleiro, perto de Bayona, ó Norde da Guardia. O resto dos nomes, o da fortaleza i o conde, quedan aínda por identificar, e *só existen sobre iles teorías con moita menos base que as que citéi.*

Na historia dos Canútidas. ou seña, nas "Sögur Danakonunga" ou "Historia dos reis de Dinamarca", áchase a "Knytlinga Saga". E nela, o fragmento seguinte do capítulo XII:

"Fathir hans hét Úlfr, hann var jarl i Danmǫrk, hann var hermathr mikill; hann fór í vestrviking ok vann Galizuland ok eyddi ok gerthi thar mikinn hernath: thví var hann kallathr Galizu-Úlfr"

Ou seña:

"Había entón o chamado Ulf, un nobre de Dinamarca, que era bravo guerreiro; foi como vikingo cara o oeste e arrasóu Galicia e colléu alí rico botín; por esta razón chamóuselle Galizu-Ulf."

Os eruditos do Norde teñen ouservado que, según os sincronismos dados polo autor da historia dos Canútidas, iste Ulf, ó que Saxo Grammaticus nomea algunha vez i ó que chama Ulvo Gallicianus, debéu ter nado o ano mil. Na "Historia Compostellana", páx. 15, dise que os normandos fixeron unha incursión en Galicia na época en que Cresconio era bispo de Compostela, que foi entre 1048 e 1066; si se combinan os dous puntos, pode ser que o vikingo que invadíu Galicia en tempos de Cresconio fora o danés Ulf. Polo demáis, a "Historia" non dá detalles sobre esta invasión, e cando di que Cresconio exterminóu ós invasores —"Cresconius suae militiae circunspecta strenuitate Normandos, qui hanc terram invaserant, funditus extinxit"—, non se debe tomar ó pé da letra. O autor español seguramente eisaxeróu a derrota dos normandos da mesma maneira que o autor islandés semella ter eisaxerado os seus trunfos.

Dende a mitade do século XI deica a mitade do XII houbo unha serie de invasiós que semellan centrarse en España. Os atacantes

eran, en parte, noruegos que iban a tomar parte nas Cruzadas. Quizáis esquenceron que Galicia era un país cristián e lembraron só que os seus devanceiros tiñan sido vikingos, pro a maior parte dos piratas viñan de outro país i a "Historia" chámalles "anglici vel normanigenae" i ó falar dunha invasión que tivo lugar en 1111 chámalles simplemente, "anglici piratae" (páxs. 133 e sig.). Non eran, dende logo, anglonormandos descendentes dos acompañantes de Guillermo o Conqueridor; en realidade, o único país a cuios habitantes pode referirse é ás illas Orcadas, onde temos visto ó comenzo que se refuxiaron en primeiro lugar os "jarls" escandinavos que non quixeron aceptar as novas condiciós de dependencia absoluta de Harald Harfagr i os seus sucesores lles impuñeron. Destas illas saíu, según conta a "Saga Magnus Boerfetts", en 1107, Sigurd, ó frente de sesenta naves; pasaron o inverno en Inglaterra, onde o rei Enrique I, fillo do Conqueridor, acolleunos afablemente. Na primaveira do ano seguinte, chegaron a Galicia, que a saga chama 'Jakobsland'. Unha vez alí decidiron invernar. O gobernador da rexión encarregouse de lles proporcionar víveres a cambio de diñeiro, pro despóis do Nadal faltóu á súa promesa e Sigurd vengouse axíña, atacando o castelo do gobernador. Tratouse de identificar iste castelo como Compostela, pro, si así fora, non hai dúbida de que a "Historia Compostellana" tería falado desta espedición, pro nona nomea. A saga dí que, como o gobernador non tiña forzas dabondo pra se defender, fuxíu do castelo e de todo canto iste contiña e marchóu cara o sul.

Según a "Historia" (páx. 133) Galicia foi atacada de novo en 1111 por outro grupo de "cruzados", esta vez axudando a dous señores galegos na súa loita contra Urraca, filla de Alfonso VI.

Finalmente, en 1152, Rongvald, na súa viaxe de pelerinaxe a Xerusalén, saíndo das Orcadas, chegóu primeiro por terra a Narbona onde se detivo, atraguido pola beleza da vizcondesa Ermengarda, según a "Orkneyinga Saga", e logo continuóu cara Galicia por mar, pra pasar alí o inverno, pedindo víveres que lle foron prometidos si a cambio, según a saga, libraba ós habitante do xugo dun señor estranxeiro que os aburaba de impostos i ó que se dá o nome de Gudifreyr, home duro e avaro, políglota e moi intelixente. Unha vez máis víronse os nórdicos misturados nas loitas internas do condado e unha vez máis houbo destrución, roubos e pillaxe. Despóis da cuaresma marcháronse os nórdicos de Galicia e, de camiño cara o Estreito, fixeron varias incursiós en territorio sarraceno.

Esta espedición de Rongvald, que semella que tivo lugar oito anos despóis da destrución da estatua de Cádiz según a data que dan os autores árabes, semella ter sido derradeira. En realidade, despóis diste momento, os habitante das Orcadas, inda que continuaron por algún tempo as súas actividades vikingas, tiñan problemas dabondo na súa propia terra e nos territorios que formaban a súa inmediata vecindade pra matinar en faceren espediciós a terras lonxanas.

En realidade, pois, o humanismo que frorecéu en Islandia foi, sobre todo, en forma histórica e, nembargantes, pola súa mesma orixe, polo seu modo de vida que era unha protesta contra sistemas monórquicos e contra toda política tal como é xeneralmente entendida, achábanse os islandeses imposibilitados de tratar calquera tema esterno. Non hai ahí grandes masas, xeneralidades i estadísticas coas que o político traballe i o notable das sagas, o verdadeiro segredo da mente islandesa, é que nada é realmente valioso agás o persoaxe individual, ou seña, é o punto de vista dramático. Motivos públicos, grandes intereses e causas non son desconocidos, pro os motivos son principalmente de carácter persoal: homes e mulleres non representan ideas abstractas, senon sobre todo a sí mesmos. Polo mesmo, a forza está na acción, no diálogo, e de ahí a beleza inagotable dos seus relatos, fundados nun sentimento de realidade e un conocemento imaxinativo.

O punto de vista nas sagas islandesas áchase completamente adicado ó particular i é desesperadamente limitado. O moralista ou o economista poden sorprenderse ante esta escesiva devoción a unha determinada persoa ou escea, pro esta intensa limitación de intereses, esta visión dramática, fai que Islandia seña, nas súas sagas completamente distinta do resto do mundo. Non quer esto decir que a illa seña o único lugar onde esta clase de obra se acha, xa que sagas, dunha ou doutra clase, hainas en tódalas língoas conocidas, como se bota de ver xa no Xénesis; pro en Islandia non queda apenas nada cando se prescinde do drama persoal, e ningún outro país, que eu seipa, pode presentar tal diversidade de narraciós nas que os persoaxes destaquen todos con tanta precisión.

As historias noruegas áchanse entre as grandes obras dos islandeses, con todo o mellor das sagas agás quizáis unha soia cousa: a tensión tráxica que dá unidade a elementos diversos proveñentes de feitos reáis e de tradición popular nas sagas propiamente ditas, como "Njala" e "Laxdela". As crónicas noruegas teñen unha vitalidade algo máis baixa i o seu material é máis engorroso; as traxedias de Olaf Tryggvason e de San Olaf no son tan claras e fortes como as de Njal ou de Kjartan Olafsson pro a imaxinación é a mesma e, considerando as dificultades do tema, é aínda máis maravilloso como o historiador logra reter o argumento frecuentemente complicado, como entrelaza dramáticamente as conversas, usándoas, non como simple adorno, senón como parte esencial da súa trama. O diálogo nestas Vidas non é unha mera cita sacada de algunhas memorias, é parte da vida que se describe e da mente do historiador que a narra. Con elas ábrese diante dos ollos do lector un mundo en que os homes puideron aceptar un terrible fatalismo inexorable sin que a súa propia grandeza humá se reducirá, por desiguáis que foran as forzas en tensión, e sin que o esprito nórdico se empequenecera nin desmaiara ó se enfrentar coa certeira victoria final do destino.

MICAELA MISIEGO
New Jersey

ANDERSON, Sven Axel. "Viking enterprise". New York, 1936.

ANNANDALE, N. "The Faroes and Iceland". Oxford, 1905.

ARBMAN, Holger. "The Vikings". Londres, 1961.

BUGGE, A. "Contributions to the History of the Norsemen in Ireland". Oslo, 1900.

CHADWICK, Hector. "The Heroic Age". Cambridge, 1912.

DOZY, R. "Récherches sur la litératture espagnole".

FABRICIUS, Adam Kristoffer. "La connaissance de la Péninsule Espagnole par les hommes du Nord". Lisboa, 1892.

FABRICIUS, A. K. "La première invasion des Nordmans dans l'Espagne musulmane". Lisboa, 1892.

GJERSET, Knut. "History of the Norwegian people". New York, 1932.

GONZALEZ LOPEZ, Emilio. "Grandeza y decadencia del Reino de Galicia". Buenos Aires, 1957.

GUMMERE, F. "The Popular Ballad". Londres, 1907.

HALLBERG, Peter. "The Icelandic Saga". Nebraska, 1962.

HASKINS, Charles Homer. "The Normans in European History". Boston, 1915.

HEUSLER e RANISH. "Eddica Minora". Dortmund, 1903.

HOLLANDER, Lee M. "Old Norse Poems". New York, 1936.

HOLLANDER, Lee M. "The Skalds". Princeton, 1945.

JONSSON, F. "Carmina Scaldica". Copenhague, 1913.

KENDRICK, T. D. "A History of the Vikings". New York, 1930.

KER, W. "Epic and Romance". Londres, 1908.

KER, W. "On the History of the Ballads". Londres, 1902.

KERSHAW, N. "Stories and ballads of the far past". Londres, 1921.

LIESTL, Knut. "Origin of the Icelandic family Sagas". Oslo, 1930.

LINKLATER, Erik. "The ultimate Viking". Londres, 1955.

MAWER, A. "The vikings". Cambridge, 1930.

MELVINGER, Arne. "Les premières incursions des Vikings en occident d'après les sources arabes". Upsala, 1955.

OLRIK, Axel. "Viking civilization". New York, 1930.

OLRIK, Axel. "The Heroic Legends of Denmark". New York, 1932.

OXENSTIERNA, Eric. "The Norsemen". New York, 1965.

RISCO, Vicente. "Historia de Galicia". Vigo, 1952.

SIDGWICK, Frank. "The Ballad". Londres.

SCARGILL, M. e SCHLANCH, M. "Three Icelandic Sagas". New York, 1950.

WILLIAM, M. W. "Social Scandinavia in the Viking age". New York, 1920.

COMUNICACION SOCIAL E DESENROLO POLITICO NO XURDIMENTO DA CONCENCIA NACIONAL *

Laiábase hai anos Hermann Heller de que a sociedade burguesa do século XIX tivera esmagado o carácter de totalidade da vida sustituíndoo pola predomiñanza dunha serie de puros sistemas individuás xustapostos [1]. Os fatos sociás —sabémolo oxe— só serán sistemas abertos si se comportan coma algo que non se autoabonda, coma algo auténticamente integrado nunha realidade máis ample. Isa realidade é unha constelación de fatos, cuios fins e os seus correspondentes medios prós atinguir son considerados como xerarquizados asegún determinados criterios.

Ten dito hai pouco S. N. Einsenstadt, ó falaren dun dos máis importantes *approaches* no análise comparativo das *total societies,* o que se basea no degrao ou nivel de "complexidade" dos conxuntos institucionás, que un dos elementos esenciás que sirven pra calibraren o degrao de complexidade do ámeto da aitividade política da sociedade constitúienno "the areas of social life and the social groups wich are affected by the activities of central political organs and ere dependent on thise activities for the maintenance of their own solidarity and organization" [2].

Chega un intre, quérese decir, no que os fins ou *goals* dos fatos aparecen, obxetiva ou subxetivamente, coma fins *particulares,* coma metas que soio secundariamente intresan ou movilizan ós seus membros. A consecuencia —ou, ás veces, tamén a causa— é que os medios que tiña o fato pra acadalos seus fins aparecen coma insuficintes ou con pequeneira efectividade. Incluso ocurre que a estreita dependencia en que se atopan os fins específicos do fato verbo dos fins de autro, convirte a iste derradeiro en superior ou en supremo dediante do primeiro. Antre outras cousas, pola necesidade que ten o fato inferior dos medios do fato superior pra poderen realizar os seus fins. A xerarquización, en todo caso, dos fatos atópase

---

* Este trabajo constituye, salvo algunas alteraciones y adiciones, un capítulo de una investigación más amplia titulada "*Comunicación humana y comunidad política*", de próxima aparición en Editorial Tecnos, S. A. La traducción a la lengua gallega de las páginas que siguen la ha realizado mi buen amigo y admirado académico, Marino Dónega, a quien agradezco el honor que tengo de enriquecer mi modestísima obra con la belleza, hondura y matización del idioma de Galicia.

[1] H. Heller, *Staatslehre,* 3.ª ed. cast., México, 1955, páx. 119.

[2] S. N. Eisenstadt, *Problems in the Comparative Analisys of Total Societies,* in *Transactions of the Sixth World Congress of Sociology,* Evian, 4-11 setembro 1966, t. I, páx. 190.

en función da xerarquización dos fins e dos medios correspondentes dentro dunha estroitura que históricamente, engloba a tódolos fatos.

O que se ten chamado "proceso histórico de estroiturialización e desestroiturialización" [3] pon ben ás claras que os fenémenos sociás teñen unha dimensión conservadora i autra transformadora, constitutivas dun proceso orientado cara equilibrios provisionás e dinámicos. As estroituras son algo dinámico. O cambio é, xustamente, o que asegura a permanencia das estroituras, non a súa inmovilidade. Unha estroitura é un tecido que anda a se tecer e destecer arreo.

Logo, os conocidos problemas verbo da integración, cohesión ou homoxeneización de *unha* sociedade —entendida a estes efectos coma *sistema englobante dunha xerarquía de fatos*— son problemas que han de ser contemplados, dinámica e históricamente, coma procesos de *totalización*. Cousa ben distinta é, excusábamolo decir, que os instrumentos e os métodos dise proceso totalizador señan de índole "totalitaria".

O resultado dos devanditos procesos sírvenos oxe pró artellamento dunha teoría empírica e sistemática da "sociedade total", baseada sustancialmente na noción de *desenrolo,* que adoita se facer sinónima de *progreso* ou de *modernización*. As novas experencias de cambio social concomitantes á "fundación" das chamadas "novas naciós", servíronnos, non soio pra integrar nun *framework* máis ample e coherente as aportaciós empíricas recentes da cencia social, senon tamén pra profundar nas nociós tráves da devandita cencia.

O profesor Jiménez Blanco, ó describir as etapas da cencia social norteamericán, fixo ver como xa na obra devanceira de Cooley a *comunicación* é un principio que sostén a vida social, e cita as verbas do sociólogo americán: "cando chegamos á Era Moderna, especialmente, non entendemos nada ó dereito, a menos que percibámolo xeito en que a revolución na comunicación fixo pra nós un novo mundo" [4].

Coidaba tamén Cooley que os cambios producidos pola "nova comunicación" na sociedade ían contribuir á orgaización dunha "mente pública" ou "mente xeral", única pró orbe humán, que daría coma resultado unha sociedade orgaizada sobor das máis outas facultás do home —a intelixencia e a sim-patía— denantes que sobor da autoridade, da caste ou da rutina [5].

Os aspectos conservadores da estroitura social virían reforzados pola comunicación espallada antre as masas. Os *mass-communication*

---

[3] Lucien Goldmann, *Conciencia real y conciencia posible,* in *Le concept d'information dans le sciencie contemporaine,* París.

[4] Jiménez Blanco, *La sociología de las comunicaciones masivas en los Estados Unidos,* R. E. P. núm. 127, 1963, páx. 55.

[5] Cooley, *Social Organization,* in *The Two Major Works of Ch. H. Cooley,* 1956, páx. 81.

media virían ser eficaces ferramentas de control social, conferirían "status" e fomentarían a "a-patía". Ista función de "resistencia ó cambio" tería o valor terapéutico de tornar da "ansiedade" producida ós individuos polo cambio social [6].

Agora ben, asegún Newcomb, os conceptos de "rol", "status" e "communication" son interdependentes deica o punto de que o cambio transformador é compatible coa cohesión da estroitura social. A comunicación é, xustamente, o medio que crea e/ou modifica o consenso básico [7]. A transformación da sociedade, o seu progreso e modernización, e, tamén, o seu propio nacer á esistencia coma "sociedade total" globalizadora dautros fatos menores, depende do proceso de comunicación [8].

Daniel Lerner e Lucille W. Pevsner, na súa sabida obra *The Passing of Traditional Society: modernizing the Middle East* (1958), teñen artellado, cecáis, a teoría máis xeneral e comprensiva da función da comunicación na sociedade global. Vexámolo:

Partindo do modelo occidental de modernización, que Lerner matina universal en canto a algúns dos seus componentes (urbaización, alfabetismo, comunicación masiva, mór renta "per cápita", participación política, etc.), analiza iste autor o cambio social ou o paso da chamada sociedade "tradicional" á "moderna".

Iste paso non é un cambio súpeto e inmediato, senón que acolle a forma dautro tipo de sociedade *"transitional"* [9]. A "modernidade" é un concepto dinámico. As sociedás "tradicionás" puras —ó igual que as "modernas"— non esisten. O que esiste é un proceso de modernización que permite a esistencia de sociedás "intermedias", afectadas por determinados cambios e certas resistencias.

O cambio social caracterizado por Lerner supón, diante todo, a *movilidade psíquica*, cabo da movilidade xeográfica e social. O home moderno ten unha persoalidade *móvil*. Ista persoalidade distínguese por unha grande capacidade de adaptación ós aspectos novos do medio, ó traveso de dous procesos complementarios (proiección e introiección), resumidos por Lerner no termo *empatía*.

A espansión da empatía supón a mór capacidade do home de se maxinar a sí mesmo en situaciós, lugares e tempos distintos ós adoitos pra íl. O aumento de condiciós de transporte e a comunicación ó traveso dos modernos aparellos técnicos teñen apurado as esperencias humáns e os conceptos interhumáns, multiplicando a empatía. Os medios de comunicación atópanse, xa que logo, na base dista "densificación" das relaciós sociás.

---

[6] Vid. nise senso a obra de P. F. Lazarsfeld e R. K. Merton, asina coma a de Rosemberg, Coser, Lewin, antre outros.

[7] T. M. Newcomb, *Sociology and Psycology*, in J. Guillin, *For a Sciencie of Social Man*, 1954.

[8] Vid. Riley-Riley, *Mass Communicatios and the Social System*, in Merton-Broom-Cottrell, eds., *Sociology Today*, N. Y., 1959, páxs. 537-578.

[9] Cfr. David Riesman, no limiar ó libro de Lerner, páx. 13-14.

Agora ben, os medios de comunicación somentes poden multiplicar a súa movilidade psíquica naquelas sociedás, que dun xeito ou dautro, *xa son* modernas. A modernidade é un sistema. Pra Lerner, o feito de vivir nun réxime común desenrola formas orgaizadas pra espallar información. Nise senso, a esistencia dunha língoa común ou dunha cultura compartida é xa un punto de inicio insustituible e fecundo prá creación dunha sociedade total.

Se a modernización é a transición a unha sociedade "*participativa*", a dirección do cambio, no tocante á comunicación, hase orientar cara unha constante espansión da opinión pública acolá onde non esiste *concencia* de compartiren intreses comúns. O xeito significativo de participar en todo "*network*" ou rede de comunicación social é compartir un intrés común nas mensaxes trasmitidas, quérese decir, *tendo opiniós* en col das custiós atinentes ós demáis participantes. A tendencia modernizadora é a de acadar redes comunicativas que permitan a meirande participación e que, ó mesmo tempo, desenrolen nos participantes a necesidade das devanditas redes de comunicación. O degoiro de *vérense* noutras condiciós de vida e de participación comunitaria é fundamental, coma *actitude latente,* pra se producir o dinamismo propio dunha sociedade en transición.

A obra de Lerner enlázase directamente, ó meu ver, coa de Almond e Coleman, *The Politics of the Developing Areas* (1960). Pró primeiro dises autores, o fin dun sistema político é unificar unha sociedade, facer dela un soio corpo, ben mantendo un orde dado, xa seña transformándoo noutro.

A categoría "cambio" está presente no sistema esbozado por Coleman dun xeito complementario da concepción de Lerner. Nefecto, o cambio, no estudo de Almond e Coleman, éo *cara unha ordeación integradora* da sociedade. Se Lerner puxo en reléu a *apertura* dun sistema tradicionalmente pecho e pechado en sí mesmo, os devanditos autores sobrancean cómo isa apertura constituie un proceso de integración. O novo, o froito do cambio, viría ser a sociedade, ó fin cohesionada, frente á pluralidade irreductible dos fatos.

O sistema político sería un órgao instrumental axeitado pra levar adiante ise proceso de integración social. O sistema político viría ser o cumio dun proceso totalizador e orientador dos fatos cara unha nova unidade superior: a sociedade política. Compréndese, logo, que o sistema político, pra Almond, seña motor transformador, en canto o cambio ten de ser dunha pluralidade anárquica a unha unidade ordeada. Mais tamén é centro de estabilización da unidade atinguida, pra non recaer na atomización dos fatos.

O sistema político constituie, xa que logo, a fase final dunha pre-sociedade e o motor dun cambio, dunha transición antre a pre-sociedade (os fatos) e a sociedade política. Algo asina como o paso da poliarquía medieval ó Estado moderno. Pra que o sistema político poda esistir realmente precisa ser quén de levar adiante as sete funciós seguintes:

a) De socialización e reclutamento.
b) De artellamento de intreses.
c) De agregación de intreses.
d) De *rule-making* (creación de iñormas)
e) De *rule-application* (adopción de medidas prácticas)
f) De *rule-adjudication* (resolución dos conflictos).
g) De comunicación política.

Ista derradeira función é, pra Almond, fundamental. Porque, primeiro, terma da realización das demáis e, logo, de que a sociedade dada acade un degrao de mór ou menor integración. Á súa ves, unha sociedade máis ou menos integrada atura que o sistema político seña máis ou menos eficaz i estable. O que fai á sociedade ser unha, i estable ó sistema político, é o escorreito funcionamento do sistema de comunicación [10].

Karl W. Deutsch, profesor de Yale, precisóu istas custiós en relación co *Nation-Building*, quérese decir, coa "creación" ou "construcción" das novas naciós, as afro-asiáticas endemáis. Asegún Deutsch, o factor básico na formación das naciós é a comunicación, entendida coma transmisión e coma forma de predictibilidade de comportamentos [11]. O análise empírico (mediciós da asimilación nacional e da unidade, diversidade, vontade e concencia nacionás) conduz a un síndrome de sub-factores que ben pode se resumir, poño por caso, nista descripción da *concencia nacional*: "a concencia nacional é o avencellamento dos símbolos secundarios da nacionalidade ás custiós primarias de información abaladas ó traveso dos canles de comunicación social ou ó traveso da mente dun individuo" [12].

Asemade considera Carl Friedrich coma elemento esencial dunha sociedade nacional, a máis da independencia —orgaización política autónoma e internamente lexitimada—, a *cohesión*, que ven dada "pola capacidade duns hábitos o máis efectivos posibles de comunicación e cooperación social doada e variada, en comparanza coas súas correspondentes capacidás e motivaciós prá comunicación e a cooperación cos estranxeiros" [13].

Resumindo, a estroitura obxetiva da comunicación humán cristaíza en fatos, históricamente trascendidos por procesos de cambio totalizadores, que constituien sociedás globás (no presente, naciós), mercede a un desenrolo comunicativo de natureza política. O desenrolo dos fatos deica seren unha sociedade nacional supón un desenrolo político disa sociedade. O proceso comunicativo e mailo desenrolo político rematan coincidindo.

---

[10] G. Almond e J. S. Coleman, o. c., Princeton, 1960, Introducción, páxinas, 3-23.
[11] K. W. Deutsch, *Nationalism and Social Communication*, 1953, páxina 78 e cps. 5-8.
[12] Ibid., páx. 146.
[13] Carl Friedrich, *Man and his Government*, McGraw-Hill, 1962, páxinas 457-566, e *Nation Building?* in Deutsch e Foltz, *Nation Building*, 1963, páxs. 27-32.

Lucien W. Pye, nun esforzo de síntese moi avaliado, teno salientado: o *political process* é unha *communication process*. Político —eiquí entendido coma público— ven ser o que é coñecido, o que é comunicado. Os actos privados ou particulares convírtense en públicos ó amplificárese a súa función social.

O proceso de comunicación crea un ámeto común de ideas e mitos que constituien a unidade ou, ó menos, a unión. O proceso comunicativo deixa prever as conductas vindeiras, acadar influencias mútuas (*flow, in-fluere*), chegar ós acordos tácitos, base de consensus fundamentás e in-discutibles. O consensus político é froito do sistema comunicativo.

O desenrolo dos medios de comunicación leva aparellado un mór artellamento político, unha mór expresión dos intreses, a formación de opiniós colectivas, o intertroco de ideas e o natural conflicto de valores. Todo elo supón un degrao de participación social, de orgaización de servicios e de integración política, propios do desenrolo político [14].

En definitiva, o carácter básico dunha "cultura política" determínase polas relaciós, no andar do tempo máis complexas, antre a estroitura dos sistemas de comunicación e os procesos polos que os intreses políticos hánse expresar, combinar e relacionar, formando *policies* ou programas políticos [15].

Do que se leva dito dedúcese que o aparecemento e o desenrolo dunha cultura política non depende do seu reconocemento por autras culturas, englobantes ou non. Non é pra dudar que ise reconocemento fai máis doada a esistencia da cultura política a tratar, ainda que prá mesma non seña causa dabondo. Se así for, ningún pobo tivera atinxido a súa condición legal e internacional de nación. Outra cousa é a plena soberanía política, que moitos autores entenden como a expresión única da plenitude nacional. Levaríanos moito andar o análise dista custión i é preciso, logo, deixar o camiño pra máis adiante. Chegue decir que a identificación antre "Estado soberán" e "Nación", non atura xa os bimbiós da crítica sociolóxica, e que oxe pódese falar asisadamente de "nación" sen necesidá de se chamar á súa plena soberanía política. Un dos argumentos que semellan máis convincentes pra termar do que deixo exposto fúndase na real perda de soberanía efectiva da inmensa maioría das naciós contemporáneas, tanto no plano internacional coma no interno. Aporcima, o problema da soberanía háse abalroar dende autras catego-

---

[14] L. W Pye, ed., *Communications and Political Development*, Intr. páxina 4 e ss., Princeton, 1963.

[15] Cfr. W. Schramm, *Communication Development and the Development, Process*, in PYE, ed., o. c., páx. 30 e ss.

rías, ó meu ver máis trascendentás que a da mesma comunicación. A soberanía é unha custión de poder económico e social e, xa que logo, político. No seo de cada nación hai quen ten máis ou menos poder i exérceo. De cómo se atope espallado ise poder e cara a que fins se dirixa, depende a esistencia mesma das naciós e tamén o seu ulterior desenvolvemento.

J. A. GONZALEZ CASANOVA

Santiago

FONOLOGIA GALLEGA*
FONEMATICA: EL SISTEMA CONSONANTICO, I

¿UNO O DOS SISTEMAS?

Al hacer la descripción del sistema vocálico gallego ("Grial", 10, págs. 390-402), nos hemos valido del contraste silábico / asilábico para poder hacer el inventario de los fonemas vocálicos: en gallego son vocálicos los fonemas que pueden funcionar como centro o núcleo silábico, y consonantes los que sólo pueden aparecer en el margen de la sílaba. Pero esta definición de fonema vocálico es meramente funcional. Ya entonces aceptamos como un hecho evidente que un sonido vocálico no aparece exclusivamente como núcleo silábico, sino que puede aparecer también en la tensión y distensión de la sílaba, como los sonidos consonánticos; y como ahora tratamos de describir sistemáticamente los fonemas que aparecen en posición asilábica, necesariamente hemos de volver de nuevo sobre los fonemas vocálicos, para ver en qué relación se encuentran con los demás fonemas, que no pueden funcionar como centro de sílaba, si es que efectivamente son vocálicos algunos de los sonidos que aparecen en el margen silábico.

En nuestro anterior trabajo nos limitamos a considerar los rasgos que oponen a los fonemas vocálicos entre sí, y a señalar su contraste sintagmático con los fonemas consonánticos; pero ahora tenemos que ver si entre los fonemas vocálicos y consonánticos existe, además del contraste silábico / asilábico, algún tipo de oposición paradigmática, esto es, si se integran en un sistema único o, por el contrario, forman dos sistemas de fonemas independientes. El no haber considerado esta oposición en el sistema, que entonces quedaba fuera de nuestro propósito, nos hizo identificar los sonidos semivocales [i̯] y [u̯] y los semiconsonantes [j] y [w] como variantes asilábicas de los fonemas /i/ y /u/.

Si antes hemos puesto nuestra atención en el núcleo silábico, ahora, en cambio, van a ser la tensión y la distensión de la sílaba las que constituyan el centro de nuestro análisis.

---

* En el n.º 18 de *Grial* apareció publicado nuestro trabajo "Un grupo fónico monofonemático", con una errata que es conveniente corregir. En las líneas 34 y 35 dice: La conmutación es inadmisible. Debe decir: *La conmutación con cero es inadmisible.*

LA OPOSICIÓN VOCAL / CONSONANTE.

En una palabra como "pau" [pau̯] se distinguen los segmentos siguientes: un núcleo silábico [a], que es realización del fonema /a/; un segmento prenuclear [p] y un segmento [u̯], que sigue al ápice silábico. El segmento [u̯] es monofonemático, pues en tanto puede ser conmutado, por ejemplo, con [r], [par], no puede ser analizado en segmentos más pequeños. En esta posición [u̯] es conmutable con [r], [par]; con [ŋ], [paŋ]; con [Ø] en el gallego no seseante, [paθ], ("paz"); con [s̑] en el gallego seseante, [pas]; con [ś] en el gallego no seseante, que da lugar a la palabra [paś] inexistente, pero posible; con [l], que da lugar a [pal], palabra posible, aunque inexistente; y, por último, con [i̯], [pai̯]. Pues bien, lo que opone [u̯] a [i̯] es la localización posterior labializada, oscura o grave de [u̯], frente a la anterior no labializada, clara o aguda de [i̯]; es decir, [u̯] está respecto a [i̯] en la misma relación que /ǫ/ con /ę/, /ǫ/ con /ę/ y /u/ con /i/. Y lo que opone los dos sonidos semivocales, [i̯], [u̯], a los otros [r], [Θ], [s], [ś], [ŋ] y [l] es la ausencia de obstáculos en la articulación de los dos primeros y su presencia en la articulación de los seis restantes. Pero la falta de obstáculos en la articulación es justamente la abertura, cuyo mayor o menor grado opone entre sí a los fonemas silábicos del gallego. Podemos decir, pues, que la falta de obstáculos en la articulación, o abertura, es el rasgo "vocálico" que opone todos los fonemas vocálicos a los consonánticos, o fonemas en cuya producción interviene algún obstáculo. Las semivocales [i̯] y [u̯] son, por lo tanto, funcionalmente hablando "consonantes", ya que no aparecen en el núcleo silábico, pero son "vocales" desde el punto de vista fonológico, ya que poseen el rasgo vocálico de la abertura, que las opone paradigmáticamente a todos los sonidos "cerrados" o carentes de abertura, que son fonológicamente "consonantes". Y esta oposición vocal / consonante, que se manifiesta solamente en el margen silábico, es precisamente lo que integra la totalidad de los fonemas de la lengua en un solo sistema; por lo tanto, sólo en términos funcionales se puede hablar de un sistema vocálico y otro consonántico.

LAS SEMIVOCALES SON ARCHIFONEMAS VOCÁLICOS.

Ya sabemos, pues, que los sonidos [i̯] de [pai̯] y [u̯] de [pau̯] son fonológicamente vocálicos y que en ellos es pertinente la localización, como en los fonemas vocálicos cuando funcionan como centro de sílaba. Lo que, en cambio, no es en ellos pertinente es el grado de abertura: no hay en posición asilábica sonidos vocálicos en los que el grado de abertura tenga valor distintivo; es decir, en posición asilábica la oposición entre fonemas vocálicos de abertura máxima, media abierta, media no abierta y mínima queda neutralizada. El sonido [i̯] es, pues, realización del archifonema de las vocales anteriores o agudas /I/, y [u̯] realización del archifonema de las vocales posteriores o graves /U/.

Lo que acabamos de decir de las semivocales vale también para las semiconsonantes [j] y [w], pues en ellas sólo es pertinente la localización y la abertura, pero no la oposición de grado de abertura, que aparece neutralizada: [j] y [w] son, pues, realizaciones prenucleares de los archifonemas vocálicos agudo y grave, /I/ y /U/, respectivamente.

Vemos así claro cómo nos equivocamos al considerar alófonos de /i/ y /u/ los elementos débiles de los diptongos tanto crecientes como decrecientes, error en el que caímos por no tener en cuenta la oposición vocal / consonante y considerar tan sólo las oposiciones en que se encuentran los fonemas vocálicos entre sí, cuando funcionan como centro de sílaba.

En el mismo error incurre, a nuestro parecer, Alarcos Llorach en su FONOLOGÍA ESPAÑOLA basándose en la "regla" III de Trubetzkoy para la determinación de fonemas: "dos sonidos emparentados articulatoria o acústicamente deben considerarse variantes combinatorias de un sólo fonema cuando no aparecen nunca en un mismo contexto". Y es evidente que éste es el caso de los sonidos [j], [i̯] e [i̯̯] por un lado y [w], [u̯] y [u̯̯] por otro, por lo que, después de tratar de demostrar la imposibilidad de que [i̯̯], [j] puedan ser considerados como alófonos del fonema consonántico /y/ con cuyas realizaciones fonéticas están también emparentados, no vacila en considerarlos variantes combinatorias de /i/ y /u/. Sospechamos que el error de Alarcos Llorach haya ido todavía más lejos, pues la existencia en castellano de un fonema /y/ nos parece más que problemática.

Frente a la interpretación de las semivocales y semiconsonantes como variantes asilábicas de los fonemas /u/ e /i/, de Alarcos Llorach está la de A. Rosetti, que en trabajo titulado "Sur le problème des semi-voyelles", publicado en el tomo XLVIII de la R. F. E. dice: "Du point de vue des traits distinctifs, que ressortit de la phonologiea, il y a lieu de distinguir, à part les voyelles et les consonnes proprement dites, les semi-voyelles et les semi-consonnes". Esta última interpretación, a nuestro parecer, más que acercarnos, nos aleja de la verdadera solución.

LOS DOBLETES DEL TIPO [MAO̯] / [MAU̯̯]

La neutralización de la oposición de grado de abertura nos permite explicar de modo convincente la existencia en los diptongos de los dobletes del tipo [ao̯] / [au̯̯], [oi̯] / [oe̯̯], [ja] / [e̯̯a], etc., cuya presencia, común al gallego y castellano, se constata también en otras lenguas. Efectivamente, sólo por no tener pertinencia, por estar neutralizada la oposición de grado de abertura en el margen silábico, resulta indiferente pronunciar [mau̯̯] o [mao̯]; la única condición que se ha de cumplir es que la pronunciación se haga en una sola sílaba. Las diferencias de pronunciación que se observan en gallego parecen, en muchos casos, atribuíbles a hábitos perso-

nales: de dos personas de la misma localidad y del mismo nivel cultural, a las que formulamos la misma pregunta, una contestó que la palabra "pau" terminaba en "u", y la otra en "o", lo cual se puede interpretar tanto en el sentido de que se trata de un sonido intermedio entre [u̯] y [o̯], como de que una pronuncia normalmente [u̯] y la otra [o̯]. Pero en general hay que tener en cuenta que el núcleo silábico supone siempre un límite para la abertura del elemento débil del diptongo: así, mientras es posible una pronunciación [ao̯] del diptongo "au", una pronunciación [oo̯] es imposible para el diptongo "ou". Digamos, sin embargo, que Carballo Calero en su Gramática estima que la pronunciación de "mao" debe ser disilábica; creemos que en este punto, lo mismo que cuando dice que la terminación verbal "-íu" ("fuxíu") no constituye diptongo, sus apreciaciones no están de acuerdo con los hechos.

Un claro ejemplo de vacilación en cuanto a la abertura del elemento débil de diptongo en castellano nos lo ofrece la pronunciación del participio en "-ado": [amao̯] / [amau̯]. El problema en términos fonéticos está ampliamente tratado en el manual de "Pronunciación Española" de Navarro Tomás y "Elementos de Fonética General" de Gili Gaya.

La doctrina de Trubetzkoy y el testimonio del gallego.

Vemos, pues, que la realización fonética de los archifonemas de las vocales anteriores y posteriores, /I/ y /U/, respectivamente, ofrece cierto grado de dispersión, atribuíble en algunos casos a hábitos personales de pronunciación, pero siempre dentro de los límites que el contorno fónico permite: "Xoana", en gallego, se puede pronunciar [šo̯ana] o [šwana], del mismo modo que Joaquín", en castellano, se puede pronunciar [Xoakin] o [Xwakin]; pero, en cambio, "louro" en gallego no admite más pronunciación que [lo̯u̯ro], lo mismo que en castellano "cuota" no admite más pronunciación que [kwota]. No es posible, por tanto, decir que el archifonema está realizado por tal o cual sonido; lo único que cabe decir es que la gama de sonidos que realizan fonéticamente los dos archifonemas tiende a [i̯] en el caso del archifonema /I/, y a [ü̯] en el caso del archifonema /U/, o, dicho en otros términos, que la abertura en ambos casos tiende a ser la mínima.

Así las cosas, se puede admitir que todo se desarrolla conforme a la doctrina fonológica de Trubetzkoy, según la cual, en caso de neutralización de una oposición de tipo gradual, uno de los términos extremos funciona como archifonema ("Pricipes", págs. 84-5).

Y fue precisamente la fidelidad a la doctrina fonológica de Trubetzkoy lo que nos impidió interpretar debidamente como una neutralización la restricción a que está sometida la aparición de fonemas vocálicos en sílaba final inacentuada. Decíamos entonces que la pronunciación [pile] de "Pili" y [mile] de "mili", era prueba de

restricción en el uso del fonema /i/ en sílaba final; hoy podemos aducir también un testimonio, que, por ser gráfico, ve centuplicado su valor: en una pared de una casa de la costa lucense hemos podido leer: LOLE RICO. Pero es sobre todo definitivo el testimonio de Carballo Calero, que en su Gramática, pág. 67, dice: "Por lo que se refiere a posición final, absoluta o relativa, pueden aparecer todas [las vocales] menos i y u átonas". Quiere esto decir que en posición final inacentuada tiene lugar entre los fonemas silábicos una neutralización del tipo que Trubetzkoy llama "centrífuga": en ella se neutraliza la oposición gradual entre los fonemas vocálicos de abertura media abierta, media no abierta y mínima. Pero en este caso el archifonema está realizado no por un término extremo, como quiere Trubetzkoy, sino por un término medio, el de abertura "media no abierta". En posición átona final, pues, tanto absoluta como relativa, el sistema de los fonemas vocálicos en gallego queda reducido a estos tres miembros:

/E/ /O/
/a/

A la vista de lo que acabamos de decir, tenemos que modificar lo que en nuestro estudio de las vocales decíamos sobre las posiciones de diferenciación máxima y mínima; en efecto, decíamos allí que la posición de diferenciación mínima era la átona, pero la neutralización que acabamos de enunciar la sitúa en sílaba final no acentuada; por lo que se refiere a la posición de diferenciación máxima, sigue siendo la tónica, única en que aparecen los siete fonemas silábicos.

El testimonio del gallego sería prueba más que suficiente para demostrar el error en que se halla Trubetzkoy al asegurar que en caso de neutralización de una oposición gradual es un término extremo el que aparece en la posición de neutralización. Pero la posibilidad de que sea un término medio y no un extremo el que funcione como archifonema ha sido señalada ya anteriormente: concretamente lo hemos oído de labios de E. Coseriu en el III Congreso de Estudios Clásicos celebrado en la primavera de 1966 en Madrid, al discutirse la interpretación fonológica de la apofonía en sílaba medial abierta de las vocales breves latinas.

NATURALEZA DE LA OPOSICIÓN VOCAL / CONSONANTE.

Hemos visto antes como las semivocales [i̯] y [u̯] nos han conducido a establecer la oposición vocal / consonante, que en términos articulatorios viene dada por la ausencia / presencia de obstáculos en la articulación. Pues bien, esta oposición opone en bloque todos los fonemas vocálicos a los consonantes, o, en otros términos, el archifonema de todas las vocales, que convencionalmente podemos representar por /V/, al archifonema de todas las consonantes, que podemos representar por /C/. La oposición /V/ - /C/ es, pues, bi-

lateral ya que es la única en que intervienen estos archifonemas, y la primera de la lengua, puesto que todo fonema es necesariamente /V/ más algo o bien /C/ más algo, y de esta manera está presente en todos los fonemas. No se puede, por tanto, decir que /a/ se opone a /p/, por ejemplo, como /i/ se opone a /b/: son pura y simplemente una sola y misma oposición /V/ - /C/.

En cuanto a la relación existente entre los dos miembros de la oposición, lo mismo se puede admitir que se trata de una oposición privativa que de una equipolente; en el primer caso se puede entender como vocal (ausencia de obstáculos articulatorios) / no vocal (no ausencia de obstáculos en la articulación), o bien, como consonante (presencia de obstáculos) / no consonante (no presencia de obstáculos), o, dicho en otras palabras, el término marcado tanto puede ser el vocálico como el consonántico; en el segundo caso, los dos términos de la oposición están caracterizados uno por la ausencia y otro por la presencia de obstáculos en la articulación. Digamos, por último, que esta oposición /V/ - /C/ no es neutralizable.

AMABLE VEIGA ARIAS
Lugo

AS INTERROGANTES NO TEATRO DE IONESCO

UNHA REVELACION DISCUTIDA

O 11 de maio do ano 1950 estrénase no "Théatre des Noctambules", de París, *La cantatrice chauve*. O seu autor é un empregado de Banca, natural da Rumania pero connaturalizado en Francia. Chámase Eugéne Ionesco. A peza estrenada é unha peza breve que se desenrola nun soio aito. O público acolle a representación con marmurios de descontento, asaños espontáneos, bulras, rosmadelas e risos irónicos... *La cantatrice chauve* orixina, ó cabo, un deses escándalos ós que París está afeito dende hai máis dun século. Pero trátase dun escándalo singular, comparábel, senón en estronicio sí en siñificado, co producido polas primeiras obras románticas.

A peza —calificada por algús de "antiteatro"— veu ser como a irrución boureadora i estampinante de Ionesco no mundo escénico. O mesmo Jacques Lemarchand, que prologóu o *Teatro* do autor rumano-francés, ó lembrar aquel estreno e facer a louvanza do seu arte, dí: "O teatro de Ionesco é de certo o máis estrano i espontáneo que se ten revelado na nosa posguerra".

Iste xeito espontáneo i estrano arrinca do propio tíduo da peza, na que non hai cantante nin calvicie de ningunha cras. Asegún ten referido Ionesco, o criador do papel de bombeiro —Henri Jacques Huet— "tivo un *lapsus linguae* nun dos derradeiros ensaios. Cando recitaba o monólogo *O resfrío*, onde se fala incidentalmente dunha institutriz loira (*institutrice blonde*), trabucouse e pronunciou cantante calva (*cantatrice chauve*). Veleiquí o tíduo da peza, berréi..., e así espontáneamente xurdíu o ausurdo tíduo que sustituíu ó primitivo: *L'anglais sans peine*".

A aición da peza, que semella confinárese a unha visita familiar de cortesía, basea na escordadura un diálogo dinámico. A súa téinica dialéitica é a *reductio ad absurdum*, o ritmo paródico. E como recursos efeitistas, o autor bota man arreo de figuras retóricas: homoteleutismos, anacolutos, apodiosis, epanelepsis, hipálages, epanórtosis, oxymoron, anadiplosis, metalepsis; i esdena efeitos fonéticos de destrabalínguas.

Despóis dista obra que chantóu o nome de Ionesco, con persoalidade de seu, no mundo da escea, van xurdindo da pluma do escritor, unha tras doutra, novas pezas. Cada unha delas descobre, xa que logo, recursos diferentes. Pero, en liñas xerás, pódese decir que as caraiterísticas de *A cantante calva*, como as de *A leición*, alónganse en *Xacobe ou a sumisión* e no seu complemento *O porvir está nos ovos*, *As sillas*, e *Vítimas do deber*. Nembargante, nistas derradeiras albíscase xa a percura doutros camiños.

Pousemos un brevísimo intre a nosa atención na farsada tráxica *As sillas*, por exemplo. En léndoa botamos de ver de contado que nela hai moito de pantomima: un algo que refrexa, sin dúbida, un direito influxo chaplinesco. Trátase dunha peza elemental en aparencia. Pero á sua represen-

ción cómprenlle, ineludíbelmente, grandes intérpretes. Mesmamente, porque os seus dous únicos persoaxes teñen que suxerir e individualizar —en pantomima— a cada quen dos compoñentes dun auditorio de conferencia. En calquera caso, a nós seméllanos que ista obra constitúe un dos alardes téinicos de Ionesco.

O crítico inglés Kenneth Tynan —un dos que máis bregaron pra facer conocer a Ionesco en Inglaterra— ponlle, en troques, reparos á peza. Referíndose á acramación suscitada en Londres con ocasión do seu estreno, escribe: "A acollida entusasta do público non se dirixía somentes á aitriz, por moi solprendentemente que desempeñara o seu papel. Os aprausos tiñan unha intensidá enxordecedora, a cras de frenesí que é sintomática cun culto novo. Era o culto de Ionesco; i eu osmo nisto un perigo".

Si de *As sillas* pasamos a *Vítimas do deber,* dexergamos cómo, a traveso de ausurdas escorxaduras, aparez un esbozo argumental, que logo, en *Amadeo,* entra no chocalleiro macabro, axeitado ás modalidás caraiterísticas do barroco. *Amadeo, ou cómo saír do paso,* co seu cadavre monstroso que medra infindamente, constitúe, mesmamente, unha confirmación dese feito.

Berenger protagonista

Con *Tueur sans gages,* Ionesco, crióu, ó noso entender, a súa peza máis importante, a máis cobizosa, senón a máis conseguida. Andivo unha longa camiñada dende o tempo no que —.adeprendendo inglés polo método "Assimil"— adivertíase escribindo *La cantatrice chauve.* O héroi de *Tueur sans gages* chámase Bérenger, un cidadán meio, de edade meia. Na compaña do arquiteito, Bérenger visita a cidade radiosa i espavéntase ó atopala case deserta. O arquiteito fala: As persoas refugan vivir na cidade radiosa, porque tódolos días se alcontran cadavres no fondo dos parrotes. O asesino aitúa sempre do mesmo xeito. Disfrazado de probe de pedir axexa ás súas vítimas. Valéndose de diferentes adaxes lévaas ós parrotes. Amósalles o retrato do Coronel; as vítimas debrúzanse pra ollar millor, i el arrempúxaas.

O segundo aito pasa no coarto de Bérenger, no corazón da vella cidade. Nese coarto miserento, un home chocalleiro que cuspe os pulmós, agarda a Bérenger. Trátase de Edouard, a quen aquél lle entregóu un día as chaves da casa. Edouard leva na súa enorme carteira moura os apertrechos do asesino. Eis, mesmo, o retrato do Coronel e máis o caderno no que o asesino apunta unha contabilidá esaita.

O derradeiro aito amósao tentando chegar á Prefeitura —a traveso de mil esparrelas—, como única posibilidá de prender ó asesino. Edouard abandónaa súpetamente, aproveitándose dun atranco imenso, compricado aínda por dous axentes-xigantes. Despóis ven o fermoso e longo monólogo final. Desaparecidos tódolos persoaxes, Bérenger marcha só, nun esceario de pesadelo: unha especie de chaira descoorida e núa, ate que apareza o asesino. Frente del, Bérenger móstrase teimoso, quere comprender as razós que o levan a matar. Pero non outerá como resposta máis que unha serie de chanzas. O asesino anda sempre a rír. Cando, ó cabo, íste agarra o puñal, Bérenger brande dúas pistolas facheiras, pra baixalas logo decontado. ¿Qué facer? Nada hai que facer máis que ofrecérese ó sagrificio.

De certo que os valores argumentás arraizan no teatro de Ionesco con ista obra —o mesmo que con *O rinoceronte*— deica acadar nalgún intre efeitos de suspense. Pero case sempre revélanse frustrados por se dilatar

sobexamente e orixinar fadiga no espeitador. En troques, nas pezas breves Ionesco atingue efeitos máis positivos, pois antre o lostregueo do ausurdo sempre é posibel reconocérmonos, asegún el o pregoa nas esposiciós críticas. Nembargante, si o recurso se alonga, o autodescobremento tamén se escurece. I encol diste escurecemento, Ionesco ten evidentes probas.

Si facemos a comparanza antre *Touer sans gages* e *O rinocerontе*, decatámonos que hai antre ambas obras varios puntos de vencello. Dende logo, a presencia argumental, aguzadas ouservaciós realistas, cadros de costumes en caricatura. Pero, por riba de todo, o común protagonista Bérenger e as dúas ou tres motivaciós trascendentes que en ámbalas pezas o acompañan: Imposibilidá de comunicación antre seres humáns, soedade infinda, tremenda sensación de impotencia perante o monstro que é a Sociedá ou o Estado. Esas motivaciós testemuñan, ó cabo, a deshumanización do tempo que vivimos.

"¿Por qué escollín trasformar ós meus persoaxes en rinocerontes?", tense preguntado Ionesco. "Porque —resposta— o rinoceronte é o animal máis torda e máis feroz do mundo, e, asimade, o máis feo. Púidose mirar ás xentes trocárense en rinocerontes na Alemaña nazi. Deshumanizáronse e trocáronse en greas de bestas horríbelmente estragadoras... Pra aturar as ideoloxías da masa, compre ser un grande inteleitual ou un neno. Bérenger é pouco máis ou menos un neno. É o único persoaxe que conserva o seu senso común. Sabe que algo malino está a suceder. Ten conciencia humá, i esa concencia é o repositorio de certas verdades humás fundamentás".

Quizaves o que ten de mellor e máis auténtico *Touer sans gages*, é o que se vencella ó teatro interior de *L'impromptu de l'alma*, do propio Ionesco: a ese clima onírico no que se operan estranas fusiós, misteriosas trasparencias. E así, en todo o primeiro aito, na fermosa escea antre Edouard e Bérenger no segundo, e tamén na grande escea final. A peza, de todos xeitos, envolve moita escoria e mesmo pasaxes que se integran mal no resto.

Pola súa parte, *A improvisación da ialma* ou *O camaleón do pastor*, ten caraiter de chave antre as obras dramáticas de Ionesco, coa súa acostumada estrana escordadura; i en boa medida ven ser como a esposición dunha teoría da arte teatral. Pesie a que a súa mínima aición non está situada temporalmente, os persoaxes asumen un ár molieresco, i en París representouse ambentada con música do século XVII. Nembargante, o propio autor é persoaxe da peza, e nela fálase da presente "era ultra científica e ultra popular". O argumento é sinxelísimo. Redúcese ó feito de que varios interesados pídenlle a Ionesco unha obra teatral, e ísto dalle pé pra espricar a súa téinica criadora e o senso que pra el ten a arte dramática:

"Toda peza é pra min —esprica— unha aventura, unha caza, o descobremento dun universo que se me revela, de cuia presencia son o primeiro en me asombrar". ¿Cómo xurden as súas obras?: "É unha imaxe, unha primeira réplica a que en min pon sempre en marcha o mecanismo da criación; despóis déixome levar polos meu propios persoaxes... i enxamáis sei esaitamente a onde vou".

Con bulra sotil, Ionesco enfía, ó longo de *L'impromptu de l'alma*, unha polémica antre "eruditos" do teatro, quenes manean un lésico ultratéinico, e, polo mesmo, valeiro de contido prá maoría non iniciada. Con ese lésico nomean i esaminan pedantescamente tódolos aspeitos do labor teatral. Ate que a muller da limpeza, ó entrar no lugar da discusión, volve poñer —co máis sinxelo senso común— as cousas nun plano realista e normal. O feito dalle pé ó autor pra arrenegar dos vocabularios ultratéinicos, da crítica normativa, de todo dogmatismo na arte.

Despóis de ún lér o teatro de Ionesco decátase doadamente de que íste enfoca a un único branco, case arreo a unha situación á que envolve ca roupaxe do choqueiro. O estilo propio de Ionesco é o da farsada. Válese dela pra presentar temas que traducen un estado, non un estudo de caraiteres, un argumento ou un mensaxe. Do mesmo xeito que Moliére amosa nas súas comedias o defeito, a moda, a idiosincrasia persoal, Ionesco revela a situación social.

Si o miramos ben, no teatro do autor rumano-francés non esiste o argumento propiamente dito. Só esiste nel o que poderíamos chamar esteriorización de climas, ós que Ionesco presenta case sempre en crise. Pra o facer, recurre ó aparencial, esdenando o ouxetivo. Emporiso bota man do ausurdo, recarga tintes e xustapón esceas, folgándose en facer traballar o inxenio dos leitores i espeitadores do seu teatro. Nese senso, *O rinoceronte* é a máis asequíbel das súas pezas. Pero non todas son tan doadas de abeirar. Velahí están *As sillas, Amadeo, Vítimas do deber. Asesino sin soldo* —por non citar máis que catro das súas produciós— cuios siñificados poñen a proba as dotes adiviñatorias de quenes as presencian ou as lén.

Resulta curioso que cando Soupault, Breton e máis Peret viron as obras de Ionesco, aló polo ano 1952, lle confesaran: "Isto é, mesmamente, o que nós queremos facer". Pode decírese, pois, que o teatro de Ionesco ven ser a realización dun anceio coleitivo; e o ésito universal que anda a acadar proba deica que punto o sinten así as xeneraciós mozas. Na real ousadía do seu "antiteatro", no atrevemento da súa rompedura coa lóxica, na fuxida ineisorábel dende o natural dexergábele —que forman a base e máis os meios da súa comicidade— compróbanse, doutra banda, certas coalidás que a algús poden semellárelles inagardada.

No labor de Ionesco hai seriedá e contención de oficio: "Son un modesto artesán, unha especie de albañil que conoce certas leis da costrución dramática, pero de xeito empírico, intuítivo"; e "agardo que algús principios fundamentás permanezan, sobre dos que poda apoiarme, coscente ou istintivamente". Hai tamén craridá de propósitos e de posición: "O humor é libertade". "A imaxinación non é arbitraria, é reveladora". "¿Cál é a utilidá de esistir? ¿Esistir?". "Nada máis racioal que a imaxinación". O irracioal é a vida. De ahí un realismo que chamaríamos interno, non só do individo: interno na sociedade mesmo, que é quizaves, ó cabo, o que viron Breton e os seus.

"Aportaréi —dí o Nicolás de *Vítimas do deber*— contradición a non-contradición, e non-contradición ó que o senso común xulga contraditorio...". "A persoalidade non esiste. Non hai en nós máis que forzas contraditorias e non-contraditorias". Ionesco adréntase nesa alma social transíbel, e ó presentárnola coma un disparate que é, obríganos a decírmonos que tal disparate é de certo real; e por iso irresistibelmente cómico; e por iso, ás veces, non tan cómico.

Ionesco atóbase antre os veos do ausurdo e do choqueiro. Tras deles é a onde hai que ir tirar as súas intenciós. Intenciós que, de seu, non son difíciles nin abstraitas; son simples, como que tiradas dista nosa vida moderna e cotiá. Un crítico francés de arestora ten dito: "Cando ouvimos e ollamos o teatro de Ionesco, rímos. Pero ó día seguinte preguntámonos: ¿qué ten querido decir Ionesco?". Eis, mesmamente, o rasgo máis inxenioso e particular do seu teatro, a espresión máis feliz do seu arte: o de ter sabido

espertar unha interrogante. Inda que, na esencia, ista interrogante, cando se desvela, non aporta nada sustancialmente novo agás a forma de a presentar.

Aló no seu fondo, Ionesco cinguese a sinalar os perfís diversos da sociedade ou da civilización do noso tempo. Cando os amostra, faino recargándoos dun xeito paiasesco. O seu ritmo é a insistencia, a teimosa e repetida retesía. Os elementos que emprega son primitivos. amoreamento arreo dunha mesma escea, aporte de bruídos axeitados ás situaciós describidas, palabras sin orde nin concerto aparentes, incoherencia ou emisión de sons inartigoados, con cuias axudas se tenciona dar á aición un vigor espresivo máis agudo. Toda ista engádega de faitores, craro está, empresta ás esceas do teatro de Ionesco un clima de aparente ausurdidá total. Iste rasgo tan importante da súa produción mereceulle críticas a moreas. Il mesmo referiuse ó paradóxico do seu estado perante atales xuicios. Nembargante, a consecuencia non podería ser outra.

Quen lee ou presencia as esceas de Ionesco, de primeiras síntese estantío. Á sensibilidade do leitor ou do espeitador chégalle un conxunto caótico. A ouservación desartéllase dediante desa chea de faitores sin relación ordeada, que, en impaitos repetidos, arriba ós sentidos do que mira ou do que lé. Despóis, ó día seguinte —asegún axeitada espresión do crítico citado— emprincipia a elaboración do recibido. Daquela revélase a intención de Ionesco: unha intención que lle ten valido, xunto co seu colega teatral Fritz Dürrenmat, o tíduo de moralista. Porén —como antes dixemos— os argumentos non están no teatro do discutido autor. Il só ofrece cadros. Por iste motivo asoméllase a Moliére, inda que se atope nas antípodas no respeitante ó xeito de os traducir.

William Saroyan dixo que Ionesco resúltalle un escritor cuias obras desacóuganno, enfeitizano, amólano, abráiano e adevírteno, todo a un tempo. Como Saroyan, outros escritores e críticos teñen enxuiciado en termos semellantes ó sonado autor. Pero, ¿cómo é Ionesco pra Eugéne Ionesco?

Confesion do autòr

En *Ionesco por il mesmo...*, o dramaturgo autoanalízase así, na víspera do estreno de *O rinoceronte*: "Dende fai dez anos loito contra do esprito aburguesado e da tiranía política. Desconfío dos autores que se propoñen demostrar nunha obra tal ou cal cousa. Si a obra é de arte, non pode estar ó propio tempo ó servicio dunha ideoloxía; deixaría de ser unha criación autónoma que vive leis de seu, asegún a súa propia vida".

Perante as críticas que o seu teatro ten provocado, o rumano-francés decrara que nunca, en xeneral, lle interesóu o teatro ate o día no que se ocupóu dil persoalmente. A razón diste desagrado fundaméntao —asegún confesa en *Notes et contra notes*: *Expérience du théatre*— na forma de o presentar, á que xulga inauténtica. Todas as artes restantes —engade Ionesco— son fieles á súa esencia; o teatro, non. Emporiso propón pra il un arte baseado na esaxeración esterna dos perfís, unha acentuación másima. Istas espresiós de Ionesco, por descontado, avalan o seu estilo de antemán. Il preséntase coma un reformador ou un anovador. O seu teatro céibase de toda práitica estabrecida e adoita un xeito de farsada, que escorda os rasgos deica levalos ó ausurdo. "Levar todo ó paroxismo. Facer un teatro de violencia, violentamente cómico, violentamente dramático".

En *Lorsque j'écris...* afirma que cando escribe se non prantexa o problema de saber si fai vangardismos ou non; si é, ou non é, un autor avan-

zado. Tenciona decir cómo dexerga o mundo, o que lle somella que é, do xeito máis sincero posíbel, sin preocupaciós de propaganda. Sin se propor influir na conciencia dos seus contemporáneos, trata de testemuñar ouxetivamente dende a súa suxetividade. E poisque escribe pró teatro, somente se preocupa de persoíficar, de encarnar un senso cómico e tráxico a un tempo da realidá.

No discurso final de *L'impromptu de l'alma,* remata con ista definición: "Creio sinceramente na probeza dos probes, láiome dela, é real e pode ser tema de teatro; creio tamén nos desacougos e nos graves disgustos que poden sofrir os ricos. Pero non é na miseria de aquéles nin na melanconía dístes onde eu atopo a miña sústancia dramática. O teatro é pra min a proieición na escea do mundo interior: é nos meus soños, nas miñas angurias, nos meus desexos escuros, nas miñas contradiciós interiores onde me reservo o dereito de tomar esa materia teatral. Como non estóu só no mundo, como cada quen de nós, no máis fondo do seu ser, é ó mesmo tempo tódolos demáis, os meus soños, os meus desexos, as miñas angurias, as miñas teimas me non pertenecen en propiedá; forman parte dun herdo antergo, dun depósito moi antigo e costitúen o dominio de toda a humanidá".

Aínda nun artigo tiduado *Celui qui n'ose pas hair devient en traitre,* pódese lér: "Nada digo de novo ó decrarar que teño medo ós que desexan afervoadamente a salvación ou a felicidade da humanidá. Cando ollo a un bó apóstolo fuxo del como cando miro a un criminal tolo armado dun puñal".

Así, descobrindo serodiamente que o mundo non xira con perfeición, Ionesco —coma Bérenger—, pregúntase: ¿Qué facer? Pra rematar afirmando que nada se pode facer, fora de imaxinar un heroi facheiro e tocante, que se deixa degolar. De cara ó mal que nos arrodea, o que loita só está votado ó fracaso. E o que se alista pasa ó campo dos asesinos, ó campo dos "rinocerontes". O mal é universal, a indiferencia tamén, a compricidade xeneral: En cada un de nós adormiña un esfaqueador, carrasco de sí propio e dos outros, e nada hai que facer. Só resta unha atitude posíbel, a caridade. A caridade que consiste en comprender.

Farsada e ausurdo

Si nos mergullamos un algo no teatro de Ionesco decatámonos de que todo il se limita a sinalar teimosamente un feito social: educación, matrimoño, requisición policial, frustración humá... Pero Ionesco non desexa falar, nin tampouco facer falar ós seus persoaxes. Soio quere facer ver, e amósase teimoso en que se vexa. Emporiso recurre ó ausurdo, ó choqueiro, á farsada. Ademáis, semella non crér na eficacia da demostración lóxica, na posibilidá de agasallar a leitores i espeitadores co seu desplegue demostrativo por meios e métodos tradicionás. Tal e cómo é arestora o noso mundo prós seus ollos, así será a forma a empregar pra trasmitir a súa imaxe. E ísta imaxe amósase, no dramaturgo, desenfiada, discontínua, ilóxica: nunha palabra, grotesca. Mais esa consecuencia "matemática" da súa forma de dexergar e de trasmitir o mundo no que vivimos e nos movemos, semella non ser a reconocida por Ionesco. Nembargante, compre que nos preguntemos: ¿O xeito teatral do escritor rumano-francés que vimos de sinalar ficará definitivamente estabrecido, ou será un xeito temporal máis na longa historia do teatro?

Non hai dúbida de que Ionesco é home de talento. Por outra banda atopóu a súa maneira de facer pensar. Amóstrase abelencioso pra envolver as súas teses, e inxenioso na presentación dos seus ausurdos. Seméllanos que mesmamente nisto radica o interés da obra escénica que leva feito: No saber atobar a intensidá intencional das súas pezas—positivamente serias no fondo—baixo do mantelo dunha incoherencia que refrexa os ritmos ausurdos do noso vivir cotián. De primeiras, cando as presenciamos botámonos a rír. Pero despóis, ó repasalas, xurde a interrogante: ¿Haberá algo máis que farsada e ausurdo tras de aquelo?

A intención teatral de Ionesco contralízase no probrema *Home*: Ben seña en crise matrimoñal, como en *Amadeo*; no asoballamento da libertá íntima espritual humá, como en *Vítimas do deber;* ou na ilusión de toda unha esistencia frustrada, como en *As sillas*. Velahí por qué, inda que ausurdo, escordado, caricaturesco, o seu teatro, aló no fondo, non sería cómico: sería tráxico. Pero ó chegar a iste punto xurde outravolta a pregunta: ¿Son só i escrusivamente tráxicos eses cadros, ou dase no seu pensamento algo máis...? ¿Non podería ser a súa intención criadora un radical nihilismo? Quizaves a filosofía da "nada" se non atope moi lonxe dela. O cómico é a desformación pavera do que aparez diante de nós. A caricatura é a súa distorsión. E desa violencia intrínseca i estrínseca pode cecáis nacer o tráxico.

Olladas así as cousas, esisten outras posibilidás de retratar o que nos arrodea. O noso autor reconóceo así. A vida ten xeitos e xeitos de se revelar, de se traducir. Ionesco olla nela o ausurdo, o choqueiro. A maoría das xentes, ó mirala retratada así, síntese aberta ó riso: outros, pola contra, atópana tráxica. O problema, polo tanto, non está no cómo se olla, sinón en cómo se debroca a visión.

O que conspira en contra da comprensión do teatro de Eugéne Ionesco é mesmamente o seu estilo; estilo que, por outra banda, constitúe a súa orixinalidá. Emporiso *O rinoceronte* é a súa obra máis conocida. Con ela estabrece unha comunicación inmediata antre autor i espeitador, cousa case imposíbel nas representaciós do seu teatro. Iste é, sin dúbida, intelixente, pero resulta barroco demáis, o que lle tira valor humán. Velahí, pois, a súa falla, e tamén a súa caraiterística.

SALVADOR LORENZANA

Vigo

PEQUENA FARSA DOS AMORES DESENCONTRADOS

PRÓLOGO DO QUE BEN PODE PRESCINDIRSE PRÁ QUE A FARSA NON DEIXE DE SER UNHA FARSA

O íntimo das xentes é o centro do universo, éo por ser o cerne mesmo do individuo. Nese carozo acochador das sementes da vida converxen o imenso grande i o imenso pequeno, remata o caos e nasce o cosmos. Quen profanar ese recóndito sagrado, serve ás forzas do Mal por máis protestos que faga a prol do ben común, do orde, da raza ou da patria: tudo un intento valdeiro de tapuxar o rabo peludo e as poutas de cabrón.

Defender ese reducto é conservar as chaves da libertade. As cadeas dos servidores do Trasno poden apenas enferrollar o barro; pero a verdadeira libertade consiste mais que en non estar aferrollado,en posuir a chave dos ferrollos.

ACTO UNICO

Esterior con lonxes nos que se adiviña praia e mar. Ocupa un ángulo do fondo unha casiña miuda que recorda un pouco un castelo de conto de fadas, arrodeada dun pequeno quintal balado de palitroquis brancos. No quintal unha roseira sen flores. Arrentes da embocadura, no proscenio sentados en bancos baixos algúns raparigos de corta edade, a unha banda os nenos á outra banda as nenas. A cuncha do apuntador abre e cerra como a capota dun coche, cando descorre a cortina está cerrada e cantan a coro os raparigos levando o compás cós pés batendo no chan.

NENOS e NENAS

Caracol, col, col,
bótalle os cornos ao sol
que te veñen a matar
con coitelos de luar.
Con navallas de Albacete,
con agullas e alfinetes...

Baixa a capota da cuncha e deixase ver o APUNTADOR *no seu burato, de meio corpo afora, cós papeis e unha palmeta. Mui alporizado polo estronicio dos raparigos, bate coa palmeta nas táboas do escenario.*

APUNTADOR

Silenzo!, Silenzo!..., que barullo é ese? Si non estades calados bótovos afora.

OS NENOS

Mentres que o Apuntador olla para a banda das nenas.

Caracol!

AS NENAS

Cando o Apuntador se volta para a banda dos nenos.

Caracol!

APUNTADOR

Ou gardades compostura e respeto ou mándovos afusilar. Xa o sabedes!

Bate de novo con palmeta e berra para o interior dos bastidores.

Estades listos? É hora de comenzar.

VOZ DE MULLER

Dentro.

Un momentiño que estóu axeitando as ligas.

OUTRA VOZ DE MULLER

Dentro tamén.

Vou decontado que xa remato as garcetas.

Da casiña pequena sai a NENA FIDALGA. *Vai polos vinte ben compridos, é mui melindreira e viste de xeito señoril de princípios de século.*

APUNTADOR

Vaia!, eres ti a primeira en chegar.

NENA FIDALGA

Non chego, eu estaba ahí, e pareceume oir vooes aquí afora.

APUNTADOR

Ti vas facer a nena fidalga, nonsí?

NENA FIDALGA

Vou, si señor.

APUNTADOR

E sabes ben o teu papel?

NENA FIDALGA

Coido que sí; mais que nunca lle botéi enriba un ollar.

APUNTADOR

Non che dixen que tiñas que adeprendelo de cor?

NENA FIDALGA

Faltóume tempo, tiven tanto que ensoñar!...

APUNTADOR

Dos ensoños non se come.

NENA FIDALGA

Pero respírase tan ben, arrecende tanto o ár, é tan crara a luz...

APUNTADOR

Deixemos iso. Ti eres unha nena fidalga que estás namorada dun bacharel e cando chegue o bacharel...

NENA FIDALGA

Ai, non, non quero que chegue... Eu quero morrer de amor, agardando amor que nunca chegue.

APUNTADOR

Agardando, envellecendo, resequíndote..., sabes de cousa máis triste que unha fonte seca?

NENA FIDALGA

Unha fonte seca é triste; mais non tanto por ter perdido o manantío como por ter perdido o cantar.

APUNTADOR

Ensoñar... Cantar...

NENA FIDALGA

Agardar un amor que nunca chega...

APUNTADOR

El tén de chegar, non imos facer unha farsa nova ao teu acomodo.

NENA FIDALGA

Góstame tanto esperar, esperar sempre decobadada na miña fenestra, polo día aquecida do sol, pola noite amortallada de lúa.

Chégase a acariñar a roseira e pínchase nun dedo. Bota un ail, e logo chucha a puntiña do dedo con muito remilgo.

APUNTADOR

Xa me estaba parecendo a min que ti has ser parva de todo. Non sabes que as roseiras teñen espiñas?

NENA FIDALGA

E como había eu de sabere que é unha roseira non lle vendo as flores?

APUNTADOR

Pois agora xa sabes. Chucha!

NENA FIDALGA

A carón da roseira canta ou recita.

Roseira das rosas
das rosas de té,
a miña roseira
tarda en florescer.
Tarda en florescer
en abrir a flor,
a flor que eu espero
no meu corazón.

Roseira, ai! roseira
que no meu quintal
arrecende a amores
e rosas non dá,
dame aquela rosa
que arrecende así
que xa ven o maio,
que xa pasa abril.

APUNTADOR

A que parecía parva! De onde tiraches ti eso que non está no papel? A ver si fas favor de non escarriar, que non é permitido laretar cousa ningunha sen a miña aprobación e apuntamento. Cuidadiño, eh!

Os rapaces baten palmas e cós pes no chan do xeito que adoitan facer cando demora comenzar o espetáculo.

APUNTADOR

Chis!! Xa vos dixen que gardárades compostura. Malcriados!

Berrando outra vez para o interior dos bastidores.

E vós, vides ou non vides!

VOZ DE MULLER

dentro

Un anaquiño, que se me rompéu o cordón do zapato.

OUTRA VOZ DE MULLER

dentro tamén

A min o do corpiño.

APUNTADOR

Pois a ver si bulides, que o público está despacientando.

dirixíndose á nena fidalga

Fai ti algo namentras esas non dan chegado.

NENA FIDALGA

E que vou facer si non está no papel.

APUNTADOR

Ainda que non estea dá na mesma. Desta vez autorízote.

NENA FIDALGA

A min non se me ocurre ningunha cousa.

APUNTADOR

Denantes ben te botaches a proclamas sen lle pedir permiso a ninguén.

NENA FIDALGA

Pero agora...

APUNTADOR

remedándoa

Agora...

Pois xa que non tés máis discurrimento vaite para dentro da casa que ainda non che compre sair. Xa te chamaréi no seu tempo.

A nena fidalga entra na casa e aparez na fenestra mirando aos ceos.

NENA FIDALGA

Cuco rei,
rabo de escoba
cantos meses faltan
para a miña boda?

NENOS e NENAS

Cucú, cucú, cucú!

NENA FIDALGA

Cuco rei,
pico de almasí
tres son muitos meses,
paréceme a min.

NENOS e NENAS

Cucú, cucú!

NENA FIDALGA

Cuco rei,
rabo de escoba
pico de almasí
rebáixame a conta
dos meses que faltan
para a miña boda.

NENOS e NENAS

Berrando máis forte que denantes.

Cucú !!!

Logo siguen cantando nenos e nenas alternativamente a onomatopeia do paxaro. O apuntador vai ollando a unha e outra banda até que cheo de carraxe bate forte coa palmeta nas táboas.

APUNTADOR

Queredes calar, condrevidos?

NENOS e NENAS

Cucú, cucú, cucú !

APUNTADOR

Agora vos faréi calar, ides quedar caladiños como petos. (*Chamando para o interior*) Guardias, guardias!

Entran os guardias con largos pasos marciaes e os raparigos recóllense nun silenzo medoño. Os guardias cádranse firmes didiante do apuntador e saudan militarmente.

GUARDIA 1.º

As suas ordes.

APUNTADOR

Hai que sufocar unha revolta.

GUARDIA 1.º

A quen hai que afusilar?

APUNTADOR

Escorrentaime esa picarada sen vergoña.

GUARDIA 1.º

Ipso facto.

GUARDIA 2.º

En menos do que cantar un galo.

GUARDIA 1.º

Tu cala o pico que eu teño galón de primeira e en falando eu abonda. (*Ao apuntador*). É ese o refugallo que estorba?

APUNTADOR

Il mesmo, non fan máis que barullar, mellor ían á escola.

Os nenos na sua banda e as nenas na outra, postos de pé axúntanse un amplexo amedrontados. Os guardias disparan cada un sobre do seu grupo, os pequenos cáen e vanse da escena ás agatas.

GUARDIA 1.º

Volvendo a se cadrar frente do apuntador.

O señor manda algo máis?

APUNTADOR

Non, o servizo estivo ben feito, ide da miña parte ao señor empresario e que vos dea para unhas copas.

GUARDIAS

Á orden.

Saúdan e volven a saír co mesmo paso desmasiadamente marcial con que entraron. Entra a MOZA I *e indo frente do apuntador faille unha curtesía de minuete collendo a faldra con ámbalas maos.*

MOZA 1.ª

Para lle servir no que goste mandar.

APUNTADOR

Xa era hora de te presentares. Ti que vas facer?

MOZA 1.ª

Eu había de ser namorada do carpinteiro.

APUNTADOR

Pois logo como é que trás o refaixo marelo? Ti habías traguer o refaixo roxo.

MOZA 1.ª

Pero gustoume tanto este...

APUNTADOR

Vaía unha razón! Gustoulle! Non é cousa que cada un escolla o que máis lle gustar, na farsa está ordeado que a namorada do carpinteiro ha vir de refaixo roxo.

MOZA 1.ª

Pero eu non quero ser namorada do carpinteiro... Fan tanto estronicio cas serras, os martelos... Ai!, virariame a cabeza tola. Eu quero namorar cun mariñeiro.

APUNTADOR

Esa é boa! Ti namoras como está mandado. Carpinteiro?, pois carpinteiro!

MOZA 1.ª

Eu digo que non.

APUNTADOR

E eu digo que sí.

MOZA 1.ª

Góstanme tanto o mar..., as cunchas..., as lanchas de vela...

APUNTADOR

Góstalle, góstalle, e xa está! Mais dase o caso que aquí quen manda son eu e has ter carpinteiro porque sí.

MOZA 1.ª

Eu quero un mariñeiro.

APUNTADOR

Tú has querer un carpinteiro.

MOZA 1.ª

Pois non, e non, e non. Quero un mariñeiro!

APUNTADOR

Non se fale máis, que ha ser o que eu diga, e a ver si veñen os outros ou haberá que ilos buscar cós civiles.

MOZA 1.ª

Canta ou recita

Pola mar vai unha lancha,
lanchiña que vai en vela,
pola mar vai unha lancha
i o meu amor vai con ela.
Rompendo as ondas salgadas
vai con ela o meu amor,
rompendo as ondas
que levantan no Prior,
que levantan no Prioriño,
que levantan na Marola,
polo mar vai unha lancha
que o meu corazón arrola...

APUNTADOR

Outra que dalle! Quén che dixo que tiñas que latricar aquí todas esas parvadas? Como volvas abrir a boca sin eu che apuntar con esta varela, vasna tragar enteira!

Entra o Bacharel, viste o clásico atuendo de estudante. Pendurado ás costas un laúde. Polo fondo entra o Mariñeiro e ponse de muita conversa coa MOZA I.

APUNTADOR

para o Bacharel

Tras a tua viola?

BACHAREL

Traio este laúde.

APUNTADOR

Tanto tén, en non sendo música de trombas e tambores todas son mixiricallas quen nin se deixan ouvir. Non se perda máis tempo e dalle serenata á nena fidalga que está naquela fiestra, para que de ti se namore.

NENA FIDALGA

Bota unha gargallada

Vai ser en valuto, por máis que toque e retoque ou deixe de tocar. O meu corazón atende outros compases.

APUNTADOR

Agora debes escoitar arroubada as cordas do Bacharel.

NENA FIDALGA

Que teño eu con bachareles? Mais que viñeran todolos bachareles de Compostela con guitarras e violinos, fintas e fivelas. Eu atendo outros amores.

BACHAREL

Agardas por don Amadis de Portugal?

NENA FIDALGA

Ai, que bon, si de Portugal viñer!

APUNTADOR

Nin de Portugal nin das Asturias. Este será o teu amor porque así está escrito nestes papéis.

NENA FIDALGA

O corazón non entende de escrituras.

APUNTADOR

Entendo eu, e héivolas facer entender a todos vós que andades un pouco rebezos de máis. Empece a serenata, señor Bacharel.

O Bacharel vai para baixo da fenestra e empeza a afinar as cordas do laúde.

NENA FIDALGA

Deixa esas músicas que outras son as que veñen de mui lonxe ecoar no meu seo. ¡Cómo as sinto pasarme como auga de río!

APUNTADOR

Agora debes escoitar a serenata do señor Bacharel como nun enlevo e cando remate déixaslle cair o teu pano branco sedán.

NENA FIDALGA

Non deixo cair pano nin cousa ningunha. Xa vos dixen que non quero ter nada con bachareles. Eu soño un amor que ven de lonxe, pola raia do horizonte sen nunca chegar..., e eu atendendo, atendendo sempre na miña fenestra... A morrer de amor!

BACHAREL

Volvendo a colgar o laúde ás costas

Eu non perdo tempo en serenatear esta fidalguiña melindreira que está máis tola que dona Xohana.

APUNTADOR

É o teu papel.

BACHAREL

Pois regálollo a quen o queira.

APUNTADOR

Eso non se troca nin regala, cada un ten que facer o seu, góstelle ou non.

BACHAREL

Pois eu nono fago, e voume ca música a outra parte.

APUNTADOR

Non irás a ningures. Ficarás como está mandado, como che eu ordeno! Todos habían querer ser autores, empresarios, apuntadores... Sodes monifates, monifates!

O Bacharel non fai caso dos berros do apuntador e vaise para o fondo, senta nalgures e vai tocando baixiño no seu laúde algunha vella romanza. O apuntador diríxese ao Mariñeiro e á Moza 1.ª que seguen en conversa.

APUNTADOR

E qué facedes vós ahí tan de parola? Ti, Mariñeiro, pasa para esta banda. Esa rapaza é do Carpinteiro.

MARIÑEIRO

Esta rapaza quéroa para min e amáis ela concorda.

MOZA 1.ª

Así é, si, señor.

APUNTADOR

Pero non concordo eu que sou o único que dirixe a farsa. Conque pasa para esta banda, Mariñeiro, que onde hai patrón...

MARIÑEIRO

Que máis ten unha banda que outra.

APUNTADOR

Aquí está escrito que tes que te poñer ahí, e xa que tanto tén, pasa.

MARIÑEIRO

Pasaréi; pero non solto amarras, que dela non hai resaca que me leve.

APUNTADOR

Polo pronto poste ahí; logo veremos si hai ou non hai resaca.

MARIÑEIRO

Canta ou recita ó se afastar da moza

A mar anda que desanda
anda de ir e volver
si ves que as ondas me levan
elas hanme de traguer,
elas hanme de traguer
andando de desandar
si ves que as ondas me levan
si ves que me leva o mar.

APUNTADOR

Vádesme facer perder a pacencia con todas esas cantarolainas que non están permitidas. Repítovos que non se pode abrir a boca máis que ao meu mandado.

Entra a Moza 2.ª e máis o Carpinteiro mui collidos do van, andando paseniño.

APUNTADOR

Tomádelo con calma, rapaces.

CARPINTEIRO e MOZA 2.ª

solpresados

Quen, nós?

APUNTADOR

Quen ha ser, chegades derradeiros e ainda con toda parsimoña... E por que vindes tan agarradiños?

CARPINTEIRO

Temos feito compromiso.

APUNTADOR

Sen contar ca miña venia.

CARPINTEIRO

Non precisamos nin temos mester de venia ningunha.

APUNTADOR

Eso pensas tí; pero aquí está ben escriturado que tí, Carpinteiro, has noivar con aquela moza do refaixo marelo. E tí, rapaza, vaite ceibando dese galanteador porque tí estás destinada para o Mariñeiro.

MOZA 2.ª

Mariñeiro, non, que mo leva o mar.

APUNTADOR

Mariñeiro, sí.

MOZA 2.ª

Quero un carpinteiro que non vaia lonxe.

APUNTADOR

Carpinteiro, non.

MOZA 2.ª

Un carpinteiriño pra oílo martelar.

APUNTADOR

Ha ser mariñeiro.

MOZA 2.ª

Canta ou recita.

Mariñeiro, non, que vai e non ven.
Un carpinteiriño que esté no taller
serrando madeira, facendo biruta,
mariñeiro, non, que a maré mo furta.

APUNTADOR

Faltábame esta!

CARPINTEIRO

á Moza 2.ª

Hei de che facer un costureiro de pau de cerdeira, polidiño como un espello.

MOZA 2.ª

Un corazón gravurado na tampa.

CARPINTEIRO

O teu e o meu corazón.

MOZA 2.ª

con entusiasmo

Ai, sí!

CARPINTEIRO

E máis un alfiniteiro de buxo, ben floreado.

MOZA 2.ª

con máis entusiasmo

Ai, sí!

APUNTADOR

Que andrómenas son esas de alfiniteiros e costureiros? Emparelládevos dunha vez como está mandado. Ti, carpinteiro, con aquela moza do refaixo marelo. E ti, rapaza, có mariñeiro aquel dalí. Bacharel, ven para o pé da fenestra serenatear á nena fidalga.

BACHAREL

A esa que a veñan serenatear os doce pares de Francia. Eu vou tocar unha bailada para estes outros.

O Bacharel toca o laúde e canta, bailan mui a modo, desagarrados, como figuras dunha caixa de música, o mariñeiro ca moza 1.ª e o carpinteiro ca moza 2.ª.

BACHAREL

Bailai en Santa Lilaina
bailai de polaina enteira
bailai de meia polaina.
Bailai de zapato baixo
bailai de meia calada.
Danza de amor escollido
mozas e mozos bailaina
mozos e mozas
en Santa Lilaina.

APUNTADOR

mui encarraxado

Pero, que foliada é esta?... Onde se víu parella descompostura?

O apuntador bate de palmeta e chama para o interior. Cantor e bailadores van pousando en fileira no fundo, de frente á cuncha. Os guardias entran ao chamado có mesmo aire desmasiadamente marcial e resoluto. Cádranse saudando ao apuntador.

APUNTADOR

Guardias! Guardias!

GUARDIAS

Á orden.

APUNTADOR

Trincádeme a todos eses desordeiros.

GUARDIA 1.º

Son rebezos.

APUNTADOR

Dan en facer o que mellor lles peta sin chisco de respeto para as escrituras. Desacatan a miña autoridade. Onde se víu? Todos á Cadea!

GUARDIA 1.º

Pasea de lado a lado con grandes zancadas mirando o chao, e párase carrancudo, de cara feia dediante os enfileirados.

GUARDIA 1.º

Conque sodes herexes e masóns.

OS CINCO DA FILA

acenando a cabeza

Non, señor.

GUARDIA 1.º

Despois doutro paseio igual

Conque sodes republicanos e franceses?

OS CINCO DA FILA

Non, señor.

GUARDIA 1.º

tras outro paseio

Con... que... sodes... bolchiviques!

OS CINCO DA FILA

Non, señor.

GUARDIA 1.º

Pois á cadea todos, alí vos aprenderemos a non desacatar á autoridade. E ti, nena fidalga, baixa tamén e séguenos para o calabozo.

Van saíndo todos pasando un a un por dediante dos guardias mentres a Nena Fidalga con grande entusiasmo brada levantando os brazos a fora da fenestra.

NENA FIDALGA

Ai, que ben... que ben! que en xanela ferrada morreréi de amor!

Cérrase a capota do apuntador e cai o pano.

X. MARIÑAS DEL VALLE

A Coruña

PEQUENA AMOSTRA DA POESIA DO CANADÁ FRANCÉS

Jean-Guy PILON (1930): Recurso ô país

(Anaco)

¿Terás ti ista pacencia sin cabo do país pra redicir
as verbas que eu che hei de ensinar, á medidas das
lagoas e das montañas, dos invernos e da choiva?
¿Teréi eu ise don das línguas sin o que o nome Terra-Nai
non tería ren de verdá?

Topámonos a nacencia dun país que terá vida. Mantidos
coa serena ouservación dos descobridores, decatámonos
que nós estamos soios.

... ...

¡A eisixencia do país!
¿Quén son eu pra afrontar semellantes eidos pra
comprender cen mil lagoas, setenta e cinco ríos, dez
cadeas de montañas, tres oceáns, o polo Norte e o
sol que non se pon xamáis no meu país?

¿Onde poñer o meu casal nista infinitude e os seus grandes
ventos? ¿De cál costado plantar a horta? ¿Cómo decir
a despeito dos tempos, as verbas cotidiás, as verbas da
vida: muller, pan, viño?

Hai países prós meniños, outros prós homes,
algúns prós xigantes.

Diante de saber as verbas pra vivir, é xa tempo
de deprender a morrer.

SAINT-DENYS-GARNEAU (1912-1943): Todos e cada ún

Todos e cada ún, cada ún e todos, intercambiábeles
Dúas verbas,
Siños
Da inefable identidá
onde colle a súa luz o poema

Natureza ti tesme cantado
O dúo a voces trabucadas
Equilibro imaterial
Alén da opacidá do númaro
Fluxo e refluxo da mesma onda, ¡Ouh! a fonda unidá
Ondas renacentes infindamente
e co fin de espallar
A luz sobor da ribeira

Iste, aquel, faguervos máis que unha soia carne
Polo amor da miña ialma que vos xunta

Todos e cada ún reversíbeles
I eu non puden moitas vegadas por iste troque
Deixar de aparellarvos

Jacques BRAULT (1913): Serie fraternal

(Anaco)

Acórdome de ti Xil meu irmán esquecido na terra
da Sicilia, acórdome dunha mañá de vrao en Montereal
eu seguiría o teu cadaleito valdeiro eu tiña dez anos eu non sabía
ren ainda.

Eles din que ti morreches polo Honor eles din e
gaban a súa barriga ceiba eles din que ti morreches
pola paz eles din e zugan o seu xaruto longo como
un fusil.

Agora eu sei que ti morreches cun anaco de friaxe
na gorxa cun sucio medo nas tripas
ainda escoito hoxe os teus vinte anos que se domean
nas herbas crebantes de xulio

E nós quedámonos semellantes a nós mesmos roucos
como o retrouso das nosas laceiras.

Nós
os bastardos sin nome
os desterrados dalgunha terra
os sarnosos eternos
os semi sulevados cómodos
os vagamundos mantidos...

Trad. X. CAMBRE MARIÑO
S. Juan de Puerto Rico

CUEVILLAS E O SEU MAXISTERIO

Dez anos compriranse logo de que Florentino López Cuevillas albiscou a *lux perpetua* que demandaba a cotío con arelantes anceios, ó pescudar con degoiro no alborexar da Terra: Porque o gran mestre, profundizando en lonxanos tempos, ó cabo, abrasábase en ardicia de Deus.

Pro Cuevillas remanece vivo nos eidos da discipliña prehistórica, onde fica en pé canto il escrebeu, e ainda afiuzan e corroboran súas tesis, as modernas investigaciós e as recentes descobertas. E remanece viva, tamén, a lembranza do seu maxisterio baril, e da súa amistade doce e garimosa. Encol distes dous aspeitos da súa biografía —o arqueólogo e o mestre— quero centrar istas palabras miñas.

En páxinas cheas de benquerencia pra seu amigo dende neno, deliñou Otero Pedrayo o ciclo vital de Cuevillas. Fillo póstumo de don Florentino López Barbán, nasceu baixo o sino tristeiro dista desgraza, o 14 de novembro de 1886 na casa hoxe número 77 da Rúa do Progreso, confluindo no seu sangue duas liñaxes importantes: a ourensá dos Searas e a castelá dos Cuevillas.

Coma fillo quíxolle seu tío Xulio Cuevillas, home de cultura senlleira, amigo de Valle Inclán e modelo pró sobriño, de entendimento craro e de sabencia limpa. Foi alumno no Instituto, de don Marcelo Macías, Moreno López e don Salvador Padilla, pra quenes gardou sempre os millores recordos.

Nas festas do Corpus de 1901, il e máis Otero Pedrayo, estiveron invitados a merendar con doña Emilia Pardo Bazán, como alumnos do Instituto.

Non dí —craro é— don Ramón que cita o caso, a impresión, sen dúbida de prometedores froitos, que apercebería niles o temperamento sagaz i escrutador de doña Emilia.

No Ourense dos anos trinta, en que eiquí morei, coñecín a moitos dos seus amigos infantís: A don Luis Temes, a don Xaime Colemán, a don Xosé Rodríguez Bouzo; e denantes, craro, o meu tío Antonio Amoeiro, algús diles despois da guerra, e máis en seráns inesquenci-

bles do Parque de San Lázaro, onde tamén me presentou Cuevillas a don Marcelo Macías.

Literariamente, xurdíu pouco máis ou menos no 1920 adscrito ó *modernismo.* Risco, ó estudar o seu grupo xeneracional, escrebe que a postura súa foi de *dandysmo,* con desprezo de tódolos avances científicos, sociás ou políticos que enchían o mundo de entón.

Cuevillas, nun dos seus primeiros artigos pubricados en Nos, dí que pra iles "as invenciós dos irmáns Wright e de Marconi, as custiós internacionás, o socialismo e o sindicalismo eran cousas de xente burguesa, no sentido antiliterario" que lle daban a ista verba "boas pra que elas atenderan Brown, Pérez, Müller ou Dupont, quer decir, o vulgo, máis ou menos ilustrado, dos inxenieiros, os catedráticos e os académicos".

Escrebe xa daquela, nun estilo nídio, fermoso, cheo de galanura i encanto, que conservou deica o fin da súa vida, como pode ouservarse no volume *"Prosas galegas"* en que axuntou a *Editorial Galaxia* as tarefas literarias de Cuevillas. Compaxinaba enton o seu mester literario coa afición á Historia moderna. Lembrome sempre de cando eu voltaba de Santiago, nos días da miña serodia vocación universitaria, cómo me ademiraba, ó pescudar sobor dos meus eisámenes, a súa conversa concenzuda, o mesmo en col de Disraeli ou da Convención que do Despotismo ilustrado ou do Congreso de Viena.

A pubricación de Nos, revista adicada o descubremento i esaltación da Terra, aguillou, a cantos sentían inquedanza polos problemas de Galiza, a empregarse no seu servizo. E falo primeiro diste núcleo de aitividade que non é úneco no frorescer do novo renacimento espritoal galego, porque, certamente, foi o que emergullou, pódese decir que da tricípite ourensá —Otero, Risco, Cuevillas— anque non se debe esquecer ó gran Castelao, persoalidade asimesmo extraordinaria do grupo.

Os outros dous focos: "Irmandades da Fala" e "Seminario de Estudos Galegos", senón creación persoal diles, receberon da tríada inteleitual ourensá un gran pulo. No Seminario vai desenrolar Cuevillas, por cima de todo, a empresa investigadora que perpetuará o seu nome no cadro dos estudos prehistóricos europeus.

Niste abrente de vieiros novos, Cuevillas escolleu ún ríspido. A pesares do seu tíduo de Farmacéutico, deica entón seguira unha tendencia humanística máis que científica pro matinou axiña a onde dirixir as súas angueiras, e coma Otero na Xeografía e Risco na Etnografía, Cuevillas emprincipióu na Prehistoria unha laboura insine.

Atopóu o posto onde poderían xermolar seus anceios de proveito pró país que entón se alcendía en lume de aitualización espritoal. E Florentino Cuevillas, con formidábele autodidactismo, estudóu canto en relación co NO peninsuar se fixera no ámeto da Arqueoloxía: Verea y Aguiar, Barros Silvelo, Vicetto, Murguía, D. Marcelo Ma-

cías, Anxel del Castillo, Maciñeira... na Galiza; Martíns Sarmento, Alberto Sampaio, Leite de Vasconcelos, Ricardo Severo... en Portugal; Cartailhac, Déchélette, Dottin, D'Arbois de Jubainville... na Francia. Esculcou na bibliografía española todo o que atinguía ás culturas prehistóricas relazoadas con Galiza: Bosch Gimpera, Schulten, Gómez Moreno, P. Fita, Obermaier, Cabré... i emborcouse na leitura das fontes crásicas, como Strábon, Plinio, Ptolomeu, Avieno, Polibio, Floro, ou Orosio.

Foi a súa unha tarefa inxente que deu, axiña, froitos maníficos. O que semellaba había de ser tan difícil como tender o arco de Ulises e faguer pasar a saeta polos doce aneles de ferro, convertíuse por obra e gracia do mestre en doada realidade. Nos primeiros traballos acadóu sistematizar a nivel europeu a Prehistoria de Galiza, e de certo que trocóu o caos en cosmos.

Un dos traballos, anque non o primeiro, feito en colaboración con Bouza Brey —*Os Oestrymnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*—, pubricado en "Arquivos" do Seminario de Estudos Galegos, dá moito máis do que promete, pois constituie unha sintesis da etapa prehistórica, dos maores azos.

A iste eido dos tempos antehistóricos adicóu súas meirandes angueiras: Fixóu nos oestrymnios o estrato étnico da cultura castrexa, sobor do que haberían de asentarse os Saefes invasores de fondo hallsttático que introducen a Idade do Ferro na Galiza; baixo o tíduo de *Estudos sobre a Edade do Ferro no Noroeste peninsuar*, fixo traballos decisivos sobre as tribus e a súa constituzón política, a relixión, e as fontes literarias; traballos maxistrales que foron espallado o seu nome dentro e fora do país e fixéronlle entablar correspondencia cos máis esgrevios arqueólogos de entón.

Con aguda penetración andivo a esculcar o problema ligur, a cerámica, as relaciós prehistóricas dos fisterres atlánticos, as habitaciós castrexas, fortificaciós e portas das acrópolis, a armería posthallsttática as fíbulas e o seu siñificado etnolóxico, o inestimábele libro en col das xoias, as esculturas zoomorfas e antropomorfas, o comercio, e meios de transporte, os instrumentos de traballo, as caraiterísticas da civilización castrexa e o seu enclave cronolóxico, co seu fin e pervivencias. Todo, todo canto atinguía a iste período foi minuciosamente analizado, con esprito crítico vigoroso e sin precedentes.

Seu libro *La civilización céltica en Galicia* é o resume dunha laboura teimosa, firme, cotidiá, onde soupo compendiar, sobriamente, un enorme material literario e traballos de campo.

Pois Cuevillas a maores da inxente revisión bibliográfica en que basou as súas teorías, recorreu as terras de Galiza en direito ruar polos seus camiños, catalogando os castros do Val de Vilamarín, de Celanova, de Carballiño, de Melide, de Velle, de Saviñao, de Lobeira ou de Deza i excavou a cidade de San Cibrao das Las, de Troña, de Arneiro e outros lugares.

Mais non foi soio, como se ten remarcado caseque sempre, campo das suas xeiras, a cultura céltica, nen estudou ista con matiz afeitivo

ou con romantismo político decimonónico como alicerce primixenio i enxebre de diferenciación étnica. Pola contra, establecéu no fondo oestrymnico, de raizame precéltica, o substraito indíxena que deu caraiter e persoalidade senlleira ás posteriores camadas indoeuropeas; selo e risco que prevalecéu e impúxose por riba de toda creación exótica.

E investigou con sabencia impar tódalas estadías prehistóricas de Galiza: A Idade da pedra lascada, o problema do asturiense, o complexo megalítico, súa orixe e desenrolo, con amplos inquéritos nas mámoas de Lobeira, Rairiz, bisbarra de Verín, Maus de Salas, Melide, Serra de San Mamede, Saviñao e tantas máis, o neoeneolítico, Cobre e Bronce, en múltiples artigos dados a coñecer en calificadas pubricaciós nacionás i estranxeiras.

Aportou memorábeles investigaciós que atinguen a orixe, relaciós, parentesco, cronoloxía, simbolismo e interpretaciós da Arte rupestre, faguendo unha axeitada crasificación tipolóxica. Abrangue, pois, a laboura de Cuevillas non soio á cultura céltica, senón a tódolos ámetos da Prehistoria galega, que foron pescudados con metodoloxía estrita e rexa asentando coilo os alicerces pra calquer investigación vindeira.

Istas angueiras no eido en que cedo emprincipiou seu laborío, amostráranse nunha obra póstuma que axiña verá o lume. Refírome a *Prehistoria de Galiza,* correspondente á monumental *Historia de Galiza* que está saindo en Bós Aires e da que xa se pubricaron dous volumes, por certo na súa maor parte, escritos por insines ourensáns. No primeiro tomo veñen a Xeografía, debida a Otero Pedrayo, e a Etnografía (Cultura espritual) de Risco; e no segundo a Cultura Material de Xoaquín Lorenzo. Pois ben, o próisimo volume abrangue a Prehistoria, escrita por Cuevillas. Os editores encomendáronme póla ó día, xa que Cuevillas rematáraa en 1952.

Tiven ocasión, ó revisala, de valorar o incomparábele esforzo que ista obra siñifica. Súa inmensa aportación ós estudos prehistóricos de Galiza que sobrepuxa a canto hasta agora pubricara, e cun aparato bibliográfico abraiante.

Iste, sí, será seu libro sazoado e definitivo que ha constituir, por moitos anos, o edificio completo dos tempos antehistóricos.

A cultura romá débelle a Cuevillas, aporcima, varios traballos importantes, tal o primeiro que escrebéu como arqueólogo en 1921: *A mansión de Aquis Querquernis,* e outros como *Unha lápida romana inédita, Restos romanos de Bembibre* e varios máis.

Outro aspeito das pescudas inteleituás de Cuevillas é o referente á Etnografía e Tradiciós populares, ás que lles prestóu, dende o principio a importanza que merescen polo seu vencello coa Prehistoria.

De certo que o método etnolóxico de comparación e paralelismo antre os pobos prehistóricos e os primitivos, levou a algús investigadores a interpretaciós leviáns. Pro o estudoso responsábele que foi

Cuevillas, soupo tirar distes análisis discretas conclusiós, pois sabía ben que en moitas léndas de hoxe, hai un latexo do mito primordial. Pódese asegurar, có escritor francés, que "ningún deus dunha civilización desaparecida morre endexamáis". Moitas veces si non hai unha dependencia xenética direita coa crenza primixenia, hai fenómenos de converxencia por tratárese de pensamentos elementás.

Isto constáballe a Cuevillas, e por elo, dende os inicios das súas precuras arqueolóxicas, tivo bó cuidado de recadar o folklore dos castros; e ó mencioado, nalgures, como en *Terra de Melide, Os Oestrymnios*... e a *"Civilización céltica"*, poño por caso, fai a súa interpretación.

Noutros traballos estuda temas somente etnolóxicos, como no *Culto das fontes, La etnología de la cultura castreña, Sobre la mitología y las costumbres relativas a tres pilas megalíticas del Ribero de Avia, El entroido de Mugares* e máis.

Cuevillas recebe agora, no seu berce o homaxe que meresce; ós dez anos da súa morte, Ourense apréstase a correxir o erro en laudábele xesto popular e oficial, embora en vida recebera honras e preeminencias das principás sociedades arqueolóxicas da España e aínda extranxeiras: Era numerario da Real Academia Galega, Correspondente da Real Academia da Historia, da Sociedade de Estudos Clásicos, Delegado do Patrimonio Artístico, Comisario de Escavaciós Arqueolóxicas, Presidente da Comisión de Monumentos de Ourense, da Sociedade Portuguesa de Antropoloxía i Etnografía, da Asociación dos Arqueólogos portugueses, do Instituto Internacional de Antropoloxía de París, do Instituto Arqueolóxico alemán, e moitos máis tíduos que alongarían ista enumeración.

A súa morte tivo sonoro eco en tódolos meios científicos, que fixeron semblanzas esaltadoras da persoalidade do gran ourensán, especialmente, nos de España e Portugal. Eiquí, o gran arqueólogo —herdeiro espritoal de Martins Sarmento, pioneiro da arqueoloxía galaico-portuguesa— Mario Cardozo, en sesión do 12 de agosto de 1958 da meritoria *Sociedade Martins Sarmento* de Guimarães, fixo unha afervoada biografía de Florentino Cuevillas, na que resaltaba, non somentes a súa estraordinaria erudición e cultura, senón tamén a espellante intuición pra alumear as lobreguentas páxinas do pasado galego.

Iste foi o Cuevillas arqueólogo por min tan minguadamente revivido. Coido, nembargantes, que con sere tan outa a súa persoalidade no campo da Prehistoria, non vai atrás na súa laboura como mestre, chea de bariles calidás humás.

"Letras sin virtud —dixo Cervantes— son perlas en el muladar". Xa dixen denantes, que a intelixencia é don divino, mais a bondade, o dalo todo sin pedir nada, o borcarse xenerosamente nos demáis, a sinxeleza e a familiaridade auténtica, perteñecen á facultade volitiva. E istas virtudes esparexeunas Cuevillas dabondo.

Atopo moitos puntos de contaito antre o meu mestre e Alberto Sampaio, tamén sinxelo, tamén calmo, tamén retraído de todo aito publicitario; e como se decía do portugués, cáseque pedindo disculpa do seu saber.

Tan poucas veces asistíu a Congresos, que Afonso do Paço, un dos bós arqueólogos portugueses de hoxe, laiábaseme da desgraza de non haber tido ocasión de coñecelo persoalmente. Con moitos tivo iste trato por primeira vez no III Congreso Nacional de Arqueoloxía que celebróu unha sesión solemne en Ourense no año 1953.

A súa índole afeitiva engadóu a moitos discípulos, e ó lado da firma do mestre xurden a cotío as dos seus colaboradores: Bouza-Brey, Xurxo e Xaquín Lorenzo, Fraguas, Pura Lorenzana, Serpa Pinto, Fernández Hermida, Filgueira Valverde, Chamoso Lamas, Prieto e quen vos fala. E moitos colaboradores, como o amigo Leuter, traballaron co il.

Mais, posíbelmente, a millor maneira de que vos decatedes de cómo enveredaba á xuventude cara o seu campo de aitividade, é que refira suxetivamente a liña das miñas relaciós co il.

Coñecín a Cuevillas nos primeiros anos trinta na casa de Vicente Risco. Alí fun un día pra consultar a iste unhas dúbidas referentes á historia da miña terra de Verín, que andaga argallando entón, e alí estaban os dous. Véxoos naquil intre, nidiamente, como si fora hoxe aquela lonxana serán primaveiral de fai 35 anos. Sentados perto da ventana no anterior despacho de Risco. Iste, miudo, encollido, levando as cousas ós ollos pra vencer a súa tremenda miopía, ou frotando as maus. Corpo esmaído que gardaba dentro un grandioso esprito. Cuevillas, mirándome cos seus grandes ollos castaños, cheos de viveza. Tersa e afeitada a face; pulcro e señorial no vestir.

Alí me atenderon e aleicionaron con agarimo, e pra solucioar unha dúbida, deume Cuevillas a Xeografía de Strábon. Dende aquela data quedéi prendido definitivamente ó seu maxisterio. Invitáronme a que seguise indo á casa de Risco, onde tiñan unhas reuniós, ás que asistín namentras estiven en Ourense, e aínda dende Verín acudín adoito hasta o ano 1936. Díronme, cando me ausentéi, custionarios, dos que conservo algún orixinal, pra que precurase na miña bisbarra, cousas de Prehistoria e folklore, comezos dos meus inquéritos na comarca do Támega.

No despacho de Risco orgaizábanse as xeiras do Seminario de Estudos Galegos, i eu, xa enrolado na Seición de Prehistoria con Cuevillas, toméi parte en tódalas escursiós que se fixeron. E gocéi dende entón do maxisterio quente do gran mestre. Lémbrome do primeiro viaxe polas terras de Deza. Ian connosco —con Xaquín Lorenzo, con Hermida, cós irmaus Colemán— os tres sabios ourensáns: Risco, Otero e Cuevillas, e lémbrome como ademirábamos dende Cudeiro, camiño de Santiago, as fermosas perpectivas de Ourense; o Miño descrecido polo estiaxe; a terra mol de hortas, viñas e piñeirás, e cómo debeciamos polo deleite da romaxe que nos permitiría coñecer *de visu* a terra tantas veces ensoñada.

Cuevillas, amostrábame a mín, primeirizo nistas lides, os outeiros, as encostas, as gándaras, as estibadas, os cumes dos monticelos á beira da estrada, pra que adeviñase, ou dil adeprendese, onde había castros, e cáles eran as súas caraiterísticas. Logo, polos arredores de Lalín, corrimos a comarca, il Anxelo Ramos Colemán, e máis eu, demandando notizas de castros, medindo os que alcontrábamos, acadando ouservaciós do seu emprazamento, escoitando dos paisanos as léndas e tradiciós que en col diles se contaban, anotando e rexistrándoo todo.

Cuevillas, entón rexo e andareiro, non acougaba, e chegábanos a noite cansos de recorrer cada día máis de trinta kilómetros. Aínda hoxe, amagoado de acordanzas, véxoo ó meu lado dende o raiolar do día deica ó escurecer, ergueito no cumio dun castro ou na tampa dun dolmen, enfeitizado na contemplación da paisaxe, oíndo, nós, as súas leiciós embebecidos.

A guerra espallóu ós xóvenes e findóu o Seminario, pro eu non deixaría endexamáis o maxisterio e a amistade de Cuevillas; e o seu fogar, modelo de familia cordial e de lei, avencellouse co meu nun cariño afincado.

Rematada a guerra, principióu Cuevillas a recobrar os discípulos esparexidos: Un día recibíamos o nomeamento dun cargo, outro un tíduo honorífico, outro cartos pra escavaciós, outro a carta dun investigador, que o faguía polo seu mandado, precurando notizas de cousas que Cuevillas, moito millor que nós, podería contestar; pro mantendo así, a nosa ilusión e azos arqueolóxicos.

No 1939 sofríu un grave ataque de reumatismo articular. A doenza findóu coas súas posibilidades de traballo de campo. Mais espresándome na terminoloxía do pragmatismo anglo-saxón, digo como outras veces, que Cuevillas foi un profesor de enerxía que soupo sobrepoñerse canto poido ás perturbaciós motoras que o deixaran baldado. Acórdome velo, primeiro con bastón, no pasillo da casa, recobrando movementos; logo sin il; e si non lle foi posíbele reanudar as xeiras arqueolóxicas, voltóu a dar miudos paseios, a acudir ás seráns ó Parque de San Lázaro, e asistir á súa oficiña da Delegación de Hacienda, onde sin deixar seu traballo profesional, redaitando oficios, escrebendo nun gran libro de rexistro, ou despachando, decote, con amábele simpatía, ós que ían ó seu Negociado, presidía unhas tertulias inolvidábeles.

Moitas veces cheguéi alí matinando sair axiña pra resolver tantas cousas como a Ourense me traguían, pro prendíame á súa beira, levábame a comer á casa, e alí, naquil despacho acolledor, enfeitado de fermoso bargueño con belidos dourados, un cadro de San Martiño partindo a capa co pobre, crucifixo valioso con incrustaciós de marfil, cadros de pintores galegos, libros e ficheiros, permaescía eu deica a hora de sair o coche que máis dunha vez collín en marcha.

Afeito e familiaridade cada vez máis íntima que me avencellaron a il pra sempre.

Non sei onde lín que a familiaridade enxendra disprezo e cítase a frase de Napoleón de que non hai home grande pró seu axuda de cámara. Eu podo decir —e pensan como a min os outros discípulos— que ista intimidade fixonolo ver cada día máis grande, máis mestre, máis esgrevio, máis ademirábele. Así mantivo perto dil tantos amigos. Pericot, arqueólogo da escola catalá e unha outa figura da prehistoria europea, dixo dil que "aparecía un brillante adalid de una naciente escuela arqueológica, dotada de clara personalidad dentro del movimiento científico español".

Isto é o que foi: un brilante adalide que axudado por colaboradores, algúns escelentes, soupo reglar e acompasar en síntesis orgánica, o edificio da Prehistoria galega, enfiando o material como se enfiaron as pedras dos muros de Tebas pola arpa de Anfión.

E ó mencionar o texto de Pericot venme á memoria o que lle oín cando eiquí estivo no devandito III Congreso Nacional de Arqueoloxía: Un amigo periodista, Dorzán, pedíume que lle presentara a Pericot, pra lle faguer unha entrevista. Acórdome ben o que o famoso arqueólogo lle dixo, respeito ó mestre, que pouco máis ou menos foron estas verbas: Florentino Cuevillas debería rexir unha Cátedra de Prehistoria na Universidade de Santiago. Pola súa sabencia por riba de todo. Mais pensen, tamén, no froito que acadaría a laboura dun home de tan eficentes virtudes de captación e de ensino, no ámeto dun centro universitario. I é certo. Pois asimesmo, como pedagogo deixóu un ronsel escintilante. Foi profesor de Bachillerato nunha Academia de Ourense, e deu crases particulares na casa. Sei por algús dos seus alumnos, da súa crara esposición didáitica, da súa metodoloxía precisa, de cómo espallaba liberalmente, a riqueza da súa intelixenza e do seu exemplo.

Porque foi nista faceta da súa vida o que nas outras: largo e xeneroso en dar, pois nunca gardóu, avarento, a súa cencia, nin siquer adicouna a persoales triunfos, senón que a derramóu apasionadamente; e a pasión —decía Pascal— é necesaria na vida pra recadar colleita. E il, púxoa, decote, porque tiña por certo que coila non hai sementeira erma. Coido que o Santo Patrón de Galiza atendéu aquela pregaria que en 1923, cando querían resucitala terra "e volvela outra vez ó esprendor e riqueza de que é merescente" lle dirixíu afervoadamente: "Graba a túa cruz nos nosos peitos e fai brilar por riba das nosas testas, ben acesa e ben brilante, a túa estrela miragreira".

XESÚS TABOADA

Verín

CURIOSIDAD LITERARIA *

Recorriendo Galicia en exploración folklórica hace ya algunos años, con objeto de formar el cancionero musical de la región, anoté en mi cuaderno la música y la letra de un romance que consideré muy interesante por la novedad del tema en el romancero tradicional. Tenía, sin embargo, mis dudas acerca del origen de la letra, debido a algunos conceptos y frases que parecían de procedencia culta. La música con que me fue cantada la narración ofrecía, en cambio, todos los caracteres de la popular gallega. Comenzaba así la letra:

Padre Adan no llores duelos,
deja, buen viejo, el llorar,
pues que fúisteis en la tierra
el más dichoso mortal.
De la variedad del mundo
Entrásteis vos a gozar
Sin sastres sin mercaderes,
Plagas que trujo otra edad...

La sospecha de cultismo en esta letra y su tema de sátira social me indujeron a buscar algo semejante entre nuestros viejos poetas. Y en efecto, el romance se halla entre los satíricos y burlescos que compuso Quevedo con su tan personalísimo estilo. La versión gallega era una traducción íntegra y fiel del original y en ella, el anónimo poeta traductor, había acertado a conservar la gracia y la mordacidad quevedescas. Constituía este caso una extraordinaria curiosidad folklórica y como tal, quedó incorporado al material reunido en mis excursiones por tierra gallega.

Hoy voy a señalar otro caso que constituye, para Galicia, una curiosidad literaria. Entre la multitud de poesías sueltas que se conocen como originales de Lope de Vega, se halla un romance en que alternan par a par, términos gallegos y castellanos. Se encontraba este documento en un códice autógrafo que poseyó don Agustín Durán, el erudito colector del Romancero general, y fue publicado en la Biblioteca de Autores Españoles, en el volumen en que se recogen las obras no dramáticas de Lope de Vega.

El romance, que imita la forma de los caballerescos, relata el encuentro de los amantes Roldán y Galanzuca, separados un tiempo por haber sido ésta cautivada por los moros "riberiñas de la mar". El escenario en que tiene lugar la acción es gallego, aunque no se declare así expresamente; y gallego, coruñés, es el paje que acertó a descubrir a Roldán en la figura de aquel que aparece como peregrino. Lope, llevado de su exquisita sensibilidad, quiso

---

* Poco antes de su inesperada muerte, el musicólogo Eduardo Martínez Torner, que conocía y amaba a Galicia, escribió para la BBC de Londres el texto que reproducimos ahora por vez primera. Dicho texto fue leído el 21 de marzo de 1955 ante los micrófonos de la Emisora londinense, en su programa en lengua gallega.

ambientar la poética narración empleando en ella términos gallegos, palabras de aquella habla que ya en tiempos medioevales, había sido reconocida por los poetas castellanos como la más apta para delicadas expresiones íntimas. Ofrece el romance de Lope una encantadora combinación bilingüe y constituye, como he dicho, un caso extraordinario de curiosidad literaria. Los términos en gallego son a veces de formación arbitraria. Sin duda, Lope no conocía con exactitud el idioma y recurrió a maneras convencionales. Dice así, en fin, el romance de Roldán, y Galanzuca:

"Triste sale el cabaleiro
De París, esa ciudad,
en busca de Galanzuca;
nunca la pudiera hallar.
Cautiváronla los moiros
mañanita de San Joan,
Collendo rosas y frores
riberiñas de la mar.
Sete anos había, sete,
que las novas no le tray,
ni la fama ni los tempos,
que nunca saben calar.
Para andar entre los moiros
en traje de pobre vay,
que donde non valen armas
el amor busca disfraz.
Sombrero de peregriño
con veneras además;
la esclaviña que levaba
aforrada en tafeitán.
Linda espada en el bordone,
roto vay por la mitad
por deitarla fora al tempo
que debere pelejar.
Bragas leva de brocado
por en bajo del sayal:
en el pecho ricas joyas
por si menester las hay.
Adonde calzaba espolas
zapato de cordobán,
que quein no leva cabalo
de espolas conta non faz.
Embarcóse con los homes
que a la Terra Santa van,
donde a Deus los judeos
le ficeran encravar.
Nunca supera ninguno
que se chamaba Roldán
se naon fora un pajeciño
de Coruña natural.
Mal tempo faz a la nave,
muito longe vaon a dar;
que un desdichado na terra
también lo será en la mar.

Quebrado se habían las cordas
con la muita tempestad;
deron en terra de moiros,
forza fora la tomar.
De noite va el peregriño,
de noite por un jaral;
cuando rayaba la aurora
fallóse en una ciudad.
Por el muro la rodea;
comenzara de chorar:
"Galanzuca, Galanzuca,
hoy mía vida acabará:
pensaba yo que en tus brazos
la pudiéramos pasar;
miño fado non lo quiso,
que los fados poden más.
Dos noites paseí contigo,
la tercera foste al mar.
¡Oh! mal hubieran las frores,
la verbena y arrayán;
leváronte los moriños,
e cuando te foy buscar
fallé yo sobre las yerbas
solmente tu delantal.
Ora queiro en estas pedras
escribir con mi puñal:
—Buscando su Galanzuca
aquí se mató Roldán".
A las palabras postreras
sobre la muralla está
una moriña fermosa;
bien oiréis lo que dirá:
"¿Quién sois vos el cabaleiro
que por amor vos matáis?
Que nunca los homes suelen
tanta firmeza guardar.
—Desdichado es el mi nombre,
otro vos non puedo dar;
natural soy de París
nací de sangre real".
Con la barba y el cabello
que tragía sen cortar
non le conoció la mora;
conocióle en el falar.
Con las perlas de sus ollos,
que eran de fino cristal,
pensaba lo cabaleiro
que el alba chorando está.
Las neveras del sombrero
llenas de alfojar están,
que llanto de tales ollos
en marfil se ha de guardar.
"¿Quién sois, moriña garrida,
que de escucharme choráis?"

—Yo soy, dijo, e non podía,
la esposiña de Roldán;
que le quitaba la fala
la memoria de seu mal.
De razones en razones
los dos conocido se han;
media noite era por filo,
los galos querían cantar,
cuando con treinta cautivos
por la mar fuyendo van".

EDUARDO MARTINEZ TORNER
Londres

ARREDOR DUN POEMA DE ROSALÍA

Unha das cousas que máis solprenden en Rosalía é a súa modernidade. Podemos ollar a súa obra por onde queiramos; podemos aplicarlle os criterios que se nos antoxe, xa sexan literarios ou ideolóxicos —como se ten feito xa—; podemos, ó cabo, esculcar na súa obra poética e sempre nos atoparemos con algunha novedade, con algunha intuición faiscante e xenial, con probas de que esta muller, como todo poeta trascendente, sempre estivo máis alá do seu tempo, ou, millor aínda, que a forza de vivir plenamente no seu tempo, puido intuir con máis forza e vitalidade o porvir.

Cando a obra de Rosalía se estuda á lus da derradeira filosofía, resulta que ven ser un dos primeiros poetas esistenciales e metafísicos de Europa; cando se fala, por exemplo, da chamada poesía social, resulta que Rosalía é tamén unha precursora; cando se estudan as renovacións métricas que se atribúen ó modernismo, resulta tamén que o nome de Rosalía xurde de primeiras e xa a súa obra contiña en boa parte as supostas innovacións métricas do modernismo rubendarián... Non se nos oculta que todo isto, en realidade, é case alleo por enteiro á importancia literaria da súa obra, a súa valoración literaria. Mais tamén é certo que non deixa de ser lexítimo estudar a un autor complexo como Rosalía á lus dunha chea de criterios que non teñen por qué seren somentes literarios. E non soio lexítimo, senón moitas veces comenente (e máis si é unha persoalidade complexa como sin dúbida o é a de Rosalía), pois esa persoalidade resultará tanto máis revelada canto máis se chegue a desvelala en toda a súa complexidade, axudando moitas veces ó crarexamento da persoalidade literaria mesma.

Como sinalaba máis enriba, unha das cousas que nos solprenden en Rosalía é a actualidade da sua obra e das suas actitús diante dos feitos nos que de algunha maneira se xoga o destino do home. A maoría dos seus poemas poderían ter sido escritos hoxe e hoxe lémolos sin coidar un intre que estamos a lér poesía de hai un século. Pois ocurre que toda lírica grande, toda lírica que ó cabo pode ser acreedora deste nome, ten sempre unha capacidade pra resistir ós cambios, ás modas, ó mesmo paso do tempo. Isto ocurre, sin dúbida, con toda lírica *esencial*. Por iso son tan contados os líricos esenciales, os poetas que poidan pasar por unha proba semellante. Rilke dixo unha vez, ó falar de R. Dehmel, que "o seu arte está asinado polo tempo e pola paixón, e pouco del durará e permanecerá", engadindo: "Mais case todo o arte é así!". Dixo ben Rilke ó decir "case", pois o arte de algúns —o do mesmo Rilke, por exemplo— dura e permanece con tanta vixencia e actualidade como nos anos nos que foi concebido. Isto, que de tan poucos poetas se pode decir, podémolo aplicar a Rosalía con toda xusticia. O mesmo interés que nos derradeiros anos espertóu a sua obra é a proba máis sobranceira que podemos dar, pra o caso de que cousas tan evidentes de seu ainda requiran proba. Este interés ha ir a máis cada día, pois a sua obra ten de se liberar ainda de moitos tópicos.

Hai un poema de Rosalía no que, que eu seipa, ninguén leva reparado. E non deixa de ser solprendente porque abondaría con este soio poema pra botar polo chan toda unha chea de esquemas simples dos que algúns se valen pra unha demagoxia á que ún non lle acaba de ver ouxeto. É un poema do seu libro en castelán, "En las orillas del Sar", un dos cantos máis apaixoados como poucas veces se teñen feito á Ciencia e ós homes de ciencia. O poema é ben singular (non quero decir que sexa dos máis siñificativos, porque non o é) e ben merece que lle adiquemos un pequeno comento.

O poema iníciase con estes versos:

Desde los cuatro puntos cardinales
de nuestro buen planeta
—joven, pese a sus múltiples arrugas—
miles de inteligencias
poderosas y activas,
para ensanchar los campos de la Ciencia,
tan vastos ya que la razón se pierde
en sus frondas inmensas,
acuden a la cita que el Progreso
les da desde su templo de cien puertas.

Velahí o que poderíamos chamar o planteamento do poema, si é lícito espresarse así. Xustamente, val a pena reparar un tanto nel. Rosalía empeza por se referir a un feito moi xeneral e ouxetivo: o feito do Progreso, que chama e convoca ás intelixencias do mundo enteiro

"para ensanchar los campos de la Ciencia,
tan vastos ya que la razón se pierde
en sus frondas inmensas."

Rosalía —poeta fondo, ó cabo— non se queda no "progresismo" do seu tempo, progresismo que hoxe nos semella a forma máis simple de poñer un fetichismo no canto de outro fetichismo. Ela non se asombra dunha locomotora —que ó cabo é un trebello máis—, nin de ningunha outra forma doada da técnica; non se queda no "progresismo", senón que, como ela adoita, vai máis ó cerne das custións e o seu asombro colle unha dimensión metafísica, esencial, profunda, e un feito do seu tempo, o estarrecente agromar dos máis insospeitados eidos científicos, amóstrao avencellado ó destino mesmo do ser humán, pois decátase moi ben de que comenza unha nova aventura do esprito do home. Unha locomotora nada lle dixo a Rosalía, como si se decatara de que á volta duns anos sería un de tantos trebellos arrombados logo polo mesmo home que os crea; pero o que en realidade viña ser unha aventura espritoal do home, unha aventura que ía transformar o mundo e cambear ou anovar as bases mesmas de tantas cousas, non podía ser allea a un esprito no que resoaba o mundo enteiro e, máis que nada, a propia condición humán. Ela dixo unha vez que "nos dominios da especulación, como nos do arte, nada máis inútil e cruel do que o vulgar. Del fuxo sempre con todas as miñas forzas..." Esta e outras cousas proban ben que comprisen pasar tantos anos pra que Rosalía empezara a ser comprendida.

Por outra banda, o prantexamento non pode ser máis positivo. En primeiro termo, a firme créncia na Ciencia e nos homes que son chamados polo Progreso —"miles de inteligencias poderosas y activas"— e,

tamén, a fe no noso propio mundo, que ela considera xoven, a pesares das suas enrugas. En calquera caso, a fe —ésta moi do seu tempo, máis quezáis que do noso— na evolución contínua e ascendente do home hastra acadar logros nos que a razón se perde:

Despóis deses dez versos, Rosalía dí:

Obreros incansables ¡yo os saludo!
Llena de asombro y de respeto llena,
viendo como la Fe que guió un día
hacia el desierto al santo anacoreta,
hoy, con la misma venda transparente,
hacia el umbral de lo imposible os lleva.

Veleiquí a parte do poema que eu xulgo máis do seu tempo. O poeta aparécenos nos dous primeiros versos como craro individuo do dazanove, home que empeza a ser espeitador dun anovamento do mundo en que vive e que ten a crara concencia, a seguridade e a fe de que lumbriga unha nova era e de que ésta vai ser redentora e liberadora. E senón ahí está ese "¡yo os saludo!", cheo da euforia do dazanove. Pero case nada máis. Xa dixemos que Rosalía nunca se queda en catro vulgaridades e como ela mesma nos confesa que foxe do vulgar con todas as suas forzas. Despóis do afervoado saudo, o poeta metafísico, esencial, acostumado a furgar nas máis escuras furnas do ser humán, fai que a anécdota do poema esmoreza un tanto e danos unha interpretación —poética, craro é— do siñificado fondo da anécdota: o poeta —"llena de asombro y de respeto llena"— ven identificar o cambio que ela abesulla, e cuia aurora sauda dun xeito afervoado, con outro dos cambios máis fondos que dunha maneira máis definitiva conmoveron o mundo dende sempre e que supuxeron o cambio máis radical, o anovamento máis asoballante polo que pasóu o home:

"viendo como la Fe que guió un día
hacia el desierto al santo anacoreta,
hoy, con la misma venda transparente,
hasta el umbral de lo imposible os lleva."

Non deixa de ser solprendente a comparanza, pois dános unha medida abondo xusta do esprito de Rosalía, unha muller, unha paisana de Padrón, de cuia forza espritoal ímonos decatando pouco a pouco. Rosalía, pois, decatábase con toda craridade de que o destino do home era vivir unha nova aventura espritoal tan soio comparable coa chegada do cristianismo, xustamente un dos tres ou catro grandes eixos da nosa cultura europea. E apelumbra con unha intuición mesmo arreguizante que un elemento de parella importancia estaba a buligar na nosa cultura. A espresión do poema é crara dabondo. Chea de asombro e de respeto chea, Rosalía alucaba así a profunda evolución da cultura europea moderna. Por iso, non podía quedarse en escribir un poema "chea de asombro e de respeto chea" a un trebello calquera, como facían os "progresistas" do seu tempo (ou como fan ainda os do noso, con papanatismo de pailáns, si un sputnik dá voltas arredor da Terra). Pra Rosalía, estes homes chegados dende os catro ventos ó altar de cen portas do Progreso, van cara ó imposible guiados por unha fe semellante á

"....que guió un día
hacia el desierto al santo anacoreta."

De certo que quen dexerga dende Padrón o novo mundo, o poderoso esforzo que a razón desenrola e que deixa a un "llena de asombro y de respeto llena", non pode máis que coidar que somentes unha fe semellante á do *santo anacoreta* é a que compre

"para ensanchar los campos de la Ciencia,
tan vastos ya que la razón se pierde
en sus frondas inmensas"

e que leva a estes homes á mesma lumieira do imposible.

En realidade, esta Rosalía que así se espresa non difire en nada da Rosalía á que estamos afeitos, senón que, pola contra, confírmanos a sua imaxe, a sua fondura poética, a sua asoballante persoalidade. Este poema, nembargantes, apenas se ten reparado nél, e seméllanos moi interesante pra acrarar a sua persoalidade total, pois, como logo imos ver, non se contradí, senón que se complementa con outros poemas seus mais traídos e levados e nos que, a cotío, se fundamentan lixeirezas especulativas que sin dúbida non se terían esposto si se léra a Rosalía un pouco amodo.

Mais sigamos co poema da nosa autora:

"¡Esperad y creed! *crea* el que cree
y ama con doble ardor aquel que espera."

Veleiquí dous versos, escritos coas palabras máis sinxelas i elementales —o primeiro, maormente— cheos de contido. Rosalía, como creadora —no poema diríxese a outros creadores— sabía moi ben as esixencias que ó autor prantexa unha obra de creación merecente deste nome. "¡Esperad y creed!". O mesmo que aquilo de "Pacencia é todo" que Rilke lle impoñía a Kappus (—). Pero isto somentes en canto ás primeiras palabras do primeiro verso. As que lle siguen son as que máis nos solprenden: "*Crea* el que cree". Ademáis de afirmar a sua fe na obra de creación, de creación en xeneral —científica ou literaria—, Rosalía formula unha proposta que non pode faltar da mente dun creador: "*crea* el que cree". Isto é: a obra de creación é por esencia fe e sin fe non hai obra de creación. E, pra un creador, a fe é en sí mesma xa creación. Nisto si que é solprendente a semellanza de finalidade a máis a afinidade de actitude de Rosalía e Rilke, pois algo moi semellante era pra éste, medio século despóis, a ascética que todo auténtico creador debía impoñerse pra facer unha obra que il chamaba "necesaria"; si estaba disposto de certo a facer obra de creación, a *crear*, ou sexa, a ser "poeta" "...non hai ningunha medida do tempo: un ano non conta; e dez anos nada son. Ser artista é: non calcular e non contar; madurecer como o arbre, que non apura as suas seivas e que está, ergueito, entre os trebóns da primaveira, sin a angustia de que non poida chegar un vran máis. Chega, nembargantes. Mais somentes chega pra os que teñen pacencia... Adepréndoo a cotío; adepréndoo entre as doores, ás que estóu agradecido. *Pacencia* é todo".

"¡Esperad y creed! *crea* el que cree.

A semellanza non pode ser máis manifesta anque a profesión de fe rosalián vai máis alá, sin dúbida, do que a de Rilke, pois pra Rosalía creer é xa "crear".

Mais Rosalía, o poeta metafísico de FOLLAS NOVAS, é tamén o outro poeta, como sabemos, que escribiu os "Cantares". Como dí moi ben Carballo

Calero, Rosalía son dous poetas, un o de "Cantares", outro o de "Follas". E na derradeira parte deste poema, Rosalía, anque non é a dos Cantares, decátase de que está nunha terra concreta dese planeta que ela chama xoven, apesares das suas enrugas. Entón, neste intre, cambéase o clima do poema: éste espezóu moi afervoado e seguíu máis afervoado ainda, mais ó ver o poeta que está "en el rincón más escondido de la Tierra", o seu afervoamento esmorece, como si se decatara que todo aquilo que era ouxeto do seu canto está moi lonxe, pra desdita da súa propia terra de viudas de vivos. Vexamos o resto do poema:

"Pero yo en el rincón más escondido
y también más hermoso de la Tierra,
sin esperar a Ulises
(que el nuestro ha naufragado en la tormenta)
semejante a Penélope,
tejo y destejo sin cesar mi tela,
pensando que ésta es del destino humano
la incesante tarea;
y que ahora subiendo, ahora bajando,
unas veces con luz, otras a ciegas,
cumplimos nuestros días y llegamos
más tarde o más temprano a la ribera.

Solprendente e desconcertante. Ó facer a comparanza de duas realidás tan contrapostas —o mundo do seu tempo e máis o mundo da sua terra— o entusiasmo de Rosalía, o quedar estantía diante do primeiro —"llena de asombro y de respeto llena"—, cede diante do segundo:

sin esperar a Ulises
(que el nuestro ha naufragado en la tormenta).

É solprendente como cambea —ainda con perxuicio da unidade e quezáis da mesma calidade do poema— a actitude emocional e sicolóxica do poeta, ó ver que a sua terra semella quedarse en padecer a historia no canto de poñerse a facela; que non sae da sua pasividade de sempre en ves de contribuir coas demáis "inteligencias poderosas y activas" a espallar os eidos da Ciencia. Nin siquera agarda a Ulises, pois éste xa non pode voltar (ou polo menos a sua volta non é esperada), pois "el nuestro ha naufragado en la tormenta". O pesimismo de Rosalía é ausoluto, mais éo en relación coa sua propia terra que non co seu tempo. A escura realidade de aquéla non casa coa lumiosa realidade déste. E ainda así, o poeta fai un esforzo por trascender esta imaxe escura que lle amostra a tatexante realidade da sua terra: anque Ulises non volte, ou non sexa xa esperado, ela

"semejante a Penélope,
tejo y destejo sin cesar mi tela,
pensando que esta es del destino humano
la incesante tarea;
y que ahora subiendo, ahora bajando,
unas veces con luz, otras a ciegas,
cumplimos nuestros días y llegamos
más tarde o más temprano a la ribera."

Rosalía, craro é, viu que estaba nunha terra de viudas de vivos, ben ó marxe do mundo que no seu tempo se estaba a facer; e ó atoparse coa sua magoante realidade, a sua fe, a sua afervoada espranza, o pulo primeiro do

seu canto, collen axiña outro acento. O pulo espranzador, ledo e outimista que o seu tempo lle impoñía, o país, ese "rincón más escondido de la Tierra", embázalle a limpa visión trocándolla en tebreguenta. Era unha muller do seu tempo —vímolo ben craro—, mais tamén da sua terra, como os derradeiros versos do poema nolo dín. O seu pesimismo, por outra banda, estaba xustificado dabondo i é, ademáis, profético, pois ainda hoxe, despóis de cen anos, hai as mesmas viudas de vivos e o mundo do Progreso sigue a quedarlles tan lonxe como entón ás xentes que agora, como naquel entón ("...aldeás e mariñeiros, soia e verdadeira xente de traballo no noso país") traballan esta terra, e que ainda non chegaron á ribeira...

Mais, ¿cál é pra Rosalía ese destino humán, entón, a que alude no seu poema? Tece e destece, semellante a Penélope, a sua tea, ou, o que é o mesmo, agarda, anque non cré na volta de Ulises, e a pesares tamén do desfondamento que lle produce o atoparse coa realidade da sua terra, tan lonxana, pra desdita propia, da do seu tempo. Éste promete, aquéla mantense pasiva. Ainda como non cré moito no que dí, pero que se esforza por ser consecuente coa sua actitude —"*crea* el que cree"—, Rosalía, que con tantos folgos, nuns versos máis arriba, encirraba a crear, a crér e a agardar, semella agora resiñarse a tecer e a destecer a sua tea. I é que non pode facer outra cousa. A mesma referencia ó mito que ela trai a conto é siñificativa: ¿qué é, verdadeiramente, o que pode facer a sua terra diante do mundo que ela vé abrochar? A resposta de Rosalía, hai un século, non podía ser moi outimista, si é que dispoñía de alguñha. Mais ela dí tamén que iso é o destino humán —"del destino humano la incesante tarea"—. ¿Cál? ¿Agardar como Penépole? En canto á realidade da súa terra semella que isto sí é certo; que se impón agardar, anque agardar non é inación, pois Penélope, mentras agarda, fai unha tarea que pra ela é o seu mesmo destino, a sua propia sorte, o único que pode facer mentras Ulises non volta. Mais Rosalía dínos:

"tejo y destejo sin cesar mi tela,
pensando que esta es del destino humano
la incesante tarea."

Os versos que siguen (os catro versos que dan remate ó poema) desacobillan quezáis o pensamento de Rosalía: o destino do home, a pesares de todo, é chegar, e chegamos sempre

"más tarde o más temprano a la ribera."

Mais non sempre se chega dun xeito doado, senón que ás veces imos a cegas, a atoutiñar na escuridade; ás veces cústanos esforzo e hai que subir pouco a pouco, anque outras imos costa abaixo. Pero, pra ela, o destino é chegar. A realidade dunha terra esmorecida, que vive ó marxe dun tempo que ela coida lumioso i espranzador, non é abondo pra adoutar unha actitude negativa, pois o destino do home, despóis de todo, é chegar

"más tarde o más temprano a la ribera."

E isto asegúrao, espeitadora do mundo, pero "en el rincón más escondido de la tierra" e anque non agarda a volta de Ulises.

O poema, pois, remata sin un *happy end*, como case esperaba ún despóis do "¡yo os saludo!". Somentes confía o poeta no destino do home, pois sabe que éste é chegar. É máis, ó cabo semella que confía máis neste destino, no destino en xeneral do home, que na Ciencia mesma. Na derradeira

parte do poema, a autora esquécese un tanto désta e repara un pouco máis naquél. Mais entón, ¿é que Rosalía non cré na Ciencia, non é un esprito moderno, unha mentalidade do dazanove? Pra definir a súa actitude temos que botar man doutros poemas seus nos que, ben de esguello ou ben de cara, nos dá a resposta. Tampouco eiquí podemos agardar un *happy end*. Rosalía non se queda nunca no acomodaticio; nunca anda arredor das cousas, senón que se mergulla de cheo nelas. Estes poemas, ou retrincos deles, poden completarnos a sua actitude i esplicarnos moi ben que a que adouta diante dos feitos trascendentes, é xustamente trascendente, como acai a un esprito superior. Ímolo ver nuns cantos versos moi breves, mais cheos de contido, de fondura, de vibración humán e de calidade poética.

Así como este poema apenas se ten invocado, en moitas ocasións, e pra moi distintas e contrapostas consideracións, ten saído aquel outro de "Follas Novas", tan traído e levado:

"Luz e progreso por todas partes...pero
as dudas nos corazóns...", etc.

¿É o mesmo poeta quen escribe un e máis outro poema? ¡E por qué non! E o mesmo poeta escribíu tamén aquel outro no que volve, ainda que de esguello, ó mesmo tema:

"En vano el pensamiento
indaga y busca en lo insondable, ¡oh ciencia!
siempre al llegar al término ignoramos
que es al fin lo que acaba y lo que queda".

Pois sí, os tres poemas son do mesmo poeta. E non hai contradición algunha entre eles, senón que se complementan uns ós outros. Ó primeiro, semellábanos que Rosalía, case con unha fe decimonónica, cantaba a relixión da Ciencia e do Progreso —"llena de asombro y de respeto llena"—, máis logo resulta que a Ciencia non lle resolve ningunha destas tres cousas: 1) As dudas nos corazóns; 2) O que acaba e o que queda no propio ser humán; 3) A realidade da sua terra. O resultado non pode ser máis que pesimista, e máis ainda si antes se puxo tanta fe, tanto asombro e tanto respeto, no que agora resulta que non val de moito. Veleiqui xa o verdadeiro nó gordián desta actitude de Rosalía. Como xa dixemos, foxe con todas as suas forzas do vulgar, por convencimento —pois así o espresa esplícitamente— e por natureza —pois así resulta de toda a sua obra—. Lonxe dela, pois, toda actitude primaria de fetichismo beato, que non sería máis que unha forma vulgar de beatería, pois ela tiña concencia moi clara de que máis simple que crér nos meigallos é crér na infabilidade da ciencia, pois

"En vano el pensamiento
indaga y busca en lo insondable", ¡oh, ciencia!"

Velahí, pois, unha actitude tan moderna, tan dos nosos días, tan fonda, diante dun problema tan grave da cultura. Os poetas do seu tempo que tocaron este tema, quedáronse na anécdota, na codia das cousas, case no presente zoolóxico: por iso semellan hoxe tan vellos e nada ou case nada teñen que nos decir. Sempre nos lembrarán o vello progresista do noso pobo —de todolos pobos— que non cré nas bruxas, pero que coida que un sputnik ou un foguete teledirixido, como a locomotora onte, son a ciencia, o progreso e a redención do mundo. A nosa autora é allea por enteiro a esas e outras garambainas, afeita a non quedarse nunca na casca das cou-

sas, senón a entrar sempre deica o cérne mesmo delas. De ahí a sua solprendente actualidade, pois ese poema pode terse escrito hoxe e seria tan solprendentemente moderno, de agora mesmo. E seráo de hoxe en cen anos. Pois o verdadeiramente abraiante que atopamos en Rosalía, nesta insatisfación que a Ciencia lle produce, é o adiantarse en moitos anos ós problemas fenomenolóxicos i epistemolóxicos que un sector da moderna filosofía ten prantexados, xustamente na relación Filosofía-Ciencia. Rosalía decátase moi ben (con unha craridade que solprende), a pesares do entusiasmo, da fe, do asombro e do respeto ou do ambente do seu tempo, de que a Ciencia, ben a pesares de toda a sua espectacularidade, non é máis que un esforzo de aprehensión de eidos moi estreitos do fenoménico, reducida á simple constatación de legalidades e, por iso, ensumida dende o inicio na modestia conoscitiva do empírico. Estaba moito máis perto da Filosofía, como intento de esplicación total do mundo que nos arrodea e das perguntas que nos prantexa. Velahí a razón do seu desfondamento espritoal ó se decatar desta realidade que hoxe temos tan sabida e tan esmigallada polos filósofos e teóricos da ciencia. Velahí o que Rosalía intuíu xenialmente hai un século. Velahí, ó cabo, por qué tan soio nos eidos da Metafísica atopóu a sua plenitude. Velahí tamén como nun intre no que a Ciencia moderna estaba ainda no seu primeiro nacemento, Rosalía xa estaba de volta dela. E así tiña que ser: os problemas do Ser non os esplica a Ciencia; quere responder a eles a Metafísica.

X. L. FRANCO GRANDE
Vigo

SEBASTIÁN GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ
NOTAS DA SÚA VIDA E DO SEU TEMPO

O día de San Felipe Neri, 26 de maio de 1908, naceo, na casa núm. 14 da pontevedresa rúa da Peregrina, Sebastián González García-Paz. Era o primeiro dos fillos do matrimonio formado por Don Bernardino e Doña Ceferina, familia de fonda raíz na capital da provincia, agora afincada na abogacía que Don Bernardino exercía con cariño e vocación. A familia había aumentar con outra filla, Daría, e un fillo, Enrique.

Pontevedra era unha ciudade tranquila con grandes resoancias de políticos e da política, fartura de lendas de caciques e famosos pucheirazos celebrados con delicado sortilexio da picaresca electoral, en favor de algún candidato a Diputado a Cortes. Ningunha tertulia alcanzóu tanta popularidade, e houbo varias en Pontevedra, como a da Botica de Don Perfecto Feixóo, tertulia que se celebraba diante da Farmacia, na Plaza da Peregrina, diante da ventana por onde Don Perfecto atendía os seus clientes. No recanto, un pouco arremetido, abrigado e acolledor, xuntábanse políticos e artistas, e alí falaban de canto hai que falar: política, cencia, historia. Alí gobernaban a seu gusto a ciudade, a provincia ou a nación. Paseáronse naquel recanto moitos dos políticos e dos intelectuales de entonces, entre eles Montero Ríos, González Besada, Doña Emilia Pardo Bazán, Don Miguel de Unamuno, Labarta Posse, Ulloa e outros moitos que cos seus decires, de broma ou de veras, resumían a vida no mundo da política, das letras e das artes, con ledicia de rexouba e pasatempo de vidas alleas. Hai un nome que impuña un señorío especial e un outo sentido da riqueza, era o nome de Riestra.

A ciudade era unha capital sosegada, pero cargada de inquietudes que nos compases da política señalaban, según as ideoloxías, oposición e desacordo. O Desastre renova as vellas tendencias republicanas, de cote esparexidas polas vilas e nas aldeas antre as xentes que viñan de terras de fora descubríndose en todos un apaixoado, casi dogmático inconformismo. Por asentimento a un destes remozamentos políticos a familia de Don Bernardino tivo que trasladar a residencia a Vigo en cumplimiento de sentencia de desterro que dictóu a autoridade correspondente. Nunca reviviron eses anos con regandixas de malquerencia no decorrer da vida de Sebastián. Lembraba con ledicia da época da súa infancia pontevedresa os paseos por unha horta súa, o cariño ó can, a estima ós demáis animales e o gozoso encontro cos árboles e coas flores nas horas de sol que acompañaban os xogos i os monólogos que según o seu discurrir iba decindo ou cantaruxando con arreglo ás normas que el mesmo tiña posto de antemán e que coa mesma facilidade con que as fixera as modificaba.

O ano 1918, o chamado *Ano da gripe,* a causa desta enfermedade, morre Don Bernardino González. Sebastián, o fillo máis vello, entraba no Instituto. Era un rapaciño delgado ,amigo do deporte na especialidade do fubol, afincado a un equipo de curso ou do colexio e seguidor do equipo local contra vento e marea.

Os dous primeiros cursos de bachillerato, no entonces Instituto Xeneral e Técnico de Pontevedra, polo Plan de estudios de 1903, tiña como asignaturas de máis traballo a Xeografía Xeneral e de Europa e a Xeografía de España, asignaturas das que era cadeirádego Don Xosé Bañares y Magán, autor dos mellores Manuales de Xeografía que durante moitos cursos manexaron os alumnos nos centros de segundo ensino. Sebastián descubreu que algúns párrafos estaban tomados de unha guía que un día comprou na feira, no rastro da Ferrería. Bañares, home de roxa e longa barba, tiña ós alumnos en filas perfectamente ordeadas sin consentir que ninguén se desviase pra ningún lado. Calquer descuido era correxido no momento con clara e contundente amonestación. Ó quedar vacante a cátedra por traslado do titular veu a desempeñala Don Valentín Villanueva Rivas, máis tarde Canónigo da Santa Ilesia Catedral de Santiago. Con D. Valentín tivemos a Historia Universal e a Historia de España. Era profesor namorado dos feitos locales que explicaba con certa pasión o mesmo que os episodios da Guerra da Independencia contra os franceses e as grandes etapas da historia de Roma. Tiña certo agarimo prós alumnos que lle tomaban notas do que el explicaba e o mesmo pra os que ampliaban as leucións. laboura moi frecuente en Sebastián que lía casi sempre de pe algunha historia que había na súa biblioteca.

Tres profesores de Matemáticas: Vilanova, Domestre e Borrás, levárونnos polo mundo máxico das fórmulas e das demostracións. Borrás tiña costume de facer adiantar postos, o que obligaba a ter unha gran atención no que se facía na clase. Foi profesor de Álxebra e Trigonometría e a forza de repetir os temas pudemos saír sabendo as cousas máis fundamentales. Sebastián non gardóu de Borrás un recordo de perduranza, deixabo no neboento paisaxe humán da indiferencia.

Hai que facer unha mención cicáis especial de unha asignatura e do seu profesor, a mención ten no fondo a descuberta do medo máis grande que moitos pasamos: o Latín e Don Daniel Fraga y Aguiar. Eu podo decir que un día que tremeu a terra fortemente quedei solo na aula con outro compañeiro que se metera no van dunha ventana. Non me movín deica pasado bastante tempo, cando penséi que non volverían prá clase. A razón da miña quietude foi por ter moito máis medo ó desenrolo da clase que ó tremor da terra. Don Daniel era un home alto e o único profesor que puña o birrete namentras daba a clase. Tiña a lista nunha libreta de forro negro e ó anotar as faltas non chamaba máis que ós que non estaban. Esto fatigaba moitísimo porque parecía que algo misterioso quedaba movéndose no espacio da aula. Para os que habíamos comenzado os estudios do latín con algún crego tíñamos o incomenente da pronunciación e unha falta servía pra que nos recordase o noso aprendizaxe. Vostede decía: "estudió latín con el cura de su pueblo". Sabíamos, con certa precisión, a folla da libreta que ocupaba cada ún e así cando buscaba a quen iba preguntar había un triste e medoñento silencio froito da angustia na espera de ser requerido a responder as preguntas do día. No remate do curso íbase aprobando con relativa facilidade por uns eisamens que facía de xeito moi personal comparando un grupo que tiña as mesmas puntuacións. Agora é mester descobrir o gran segredo: iste profesor tan sesudo, rodeado pola tremenda coroa do medo, era unha belísima persona, e se algún alumno se achegaba a facerlle unha pregunta de calquer duda era atendido en todo, pero iste descobrimento facíase ó rematar o curso. Un día fomos á súa

casa varios alumnos antre os que iban Gil Portela e Sebastián González. A pesar de que eu era o máis corpulento debo confesar que era o que levaba máis medo, louro froito do pasado, medo cargado, eso sí, dun profundo respeto e ademiración. O seu recibimento e o diálogo que sostivo con nós, demostrounos moi ben cómo aquel famoso muro da clase non era como creíamos unha gran muralla, era unha defensa pequeniña á que nosoutros mesmos dábamos outura e consistencia.

O instituto ocupaba o edificio máis cercán á vía do tren, con xardíns diante das dúas portas de entrada e unhas columnas con cadeas pra limitalos e defendelos. As clases daban comenzo ás nove e media e remataban á unha da tarde. Había tres clases diarias de unha hora de duración e un cuarto de hora de descanso entre clase e clase. Pra saír daban a hora os porteiros e pra entrar tocaba o conserxe unha campana. Inda lembramos a figura de Alberto, home de correctísimas e delicadas maneiras pra atender a profesores, alumnos e familiares. A distribución das clases permitía uns impresionantes partidos de pelota nos que tomaban parte un gran número de alumnos, sin bandos de curso, nin equipos, nin porterías. O fundamental era dar patadas á pelota, que tanto podía ser verdadeira pelota de goma ou trapo como unha laranxa verde e pequena.

O bachillerato non tiña separación de letras e cencias. Todos estudiabamos as mesmas cousas, as aficións de cada ún irían abrindo os camiños que despois seguíamos uns e outros. En Física e Química tivemos de profesores a Camarasa e Don Vicente García Rodejas. Estivera denantes Caballero; home de outa preocupación polos problemas científicos tiña pra os alumnos a gran categoría de sabio, categoría que xustamente merecía. Gabinete e laboratorios eran completos, non había unha soia lección que non tivera o seu esperimento ou un aparato de demostración, incluso había uns Rayos X. Tamén era completo o Gabinete de Historia Natural que estaba a cargo do catedrático Don Ramón Sobrino Buhigas que facía tomar parte moi activa na clase a tódolos alumnos. Había que dibuxar láminas, tomar notas, facer observacións polo microscopio: lembro a impresión que me causóu ver a circulación da sangre na pata dunha ran. Pra que non faltase ningunha aitividade tiñamos salidas ó campo pra recoller minerales e plantas. Entre as condicións previas pra aprobar figuraba a presentación da libreta de láminas e o herbario. Foron moitas as excursións que fixemos polos arredores de Pontevedra. O noso grupo estaba composto por Luís Brey Bouza, poeta e rapaz de moi bo humor, Alfonso Moure Moure, que se burlaba dos versos do anterior con sinxelos pareados. Xosé Martínez Vicenta, home moi traballador, Xoán Gil Portela, un dos alumnos máis intelixentes do curso, Aurelio Janeiro Gómez, Sebastián González García e quen esto escribe. Buscamos moito e topamos pouco. Non fomos capaces de encontrar berilos inda que Sobrino nos dixo que se encontraban en varios lugares cerca da capital. Encontramos un depósito de Bolivarita nas proisimidades da carretera de Xeve, era un mineral verdoso descuberto por Sobrino. Do noso viaxe levamos ó Instituto unha bulsa e un saco de pedras con capas de mineral.

As clases de literatura tíñas o titular da asignatura don Alfredo de la Iglesia, home de barba blanca, de fala roufeña, de elegante compostura e de clara explicación que percuraba intresase ós alumnos pra despertarlles intrés pola lectura dos clásicos, tanto españoles como estranxeiros. Precisábase de unha biblioteca pra poder ler algunhas cousas e foi a Biblioteca de Sebastián González a onde acodían tamén Xosé Candendo, Anxel González San Pablo, Crescencio González García, Miguel Gallas Novás e al-

gún outro que non lembro, onde tiñamos obras pra ler a noso gusto. No curso derradeiro percurábamos preparar con maor extensión os temas de Filosofía que, co título oficial de: Etica y Rudimentos de Derecho, explicaba Antonio Losada Diéguez o mestre que máis influeu en moitos dos que fomos seus alumnos. Losada facía a clase intresante tendo como punto de partida das explicacións o libro de texto que recomendaba e os Códigos españoles. Tiña unha gran memoria pra conocer ós alumnos ós que recordaba por nomes e apellidos dende o primeiro día de clase sentándose cada ún onde lle parecía. Católico exemplar, endexamáis se mostraba irrespetuoso con ninguén, calquera que fose a sua maneira de pensar. Era entusiasta dos deportes, detíñase algunha vez pra contemplar o partido que se desenrolaba xunto do Instituto.

É agora cando temos de facer resaltar un dos sentimentos maores de Sebastián González García, sentimento que durou canto durou a sua vida: a gran preocupación polas cousas da Terra. Nos paseos que faciamos e nas pequenas tertulias presentábanse problemas de estudio da historia de Galicia, da historia de Pontevedra, problemas que debían estudiarse debidamente. Un día propuxo Sebastián que debiamos organizar un pequeno centro de estudio e comenzar a traballar. Surxío así unha pequena sociedade que chamamos: Sociedade da Língua, co seu reglamento e unha insignia formada por un pequeno triángulo de plata e as letras S. D. L. colocadas unha en cada vértice do triángulo. Os que formabamos a Sociedade, que eramos poucos, levabamos a insignia e gardabamos segredo do contido, por eso supuñan moitos que era un equipo de fubol ou algo semellante. Ninguén pertenecía á agrupación sin ser requerido por nós. Tiñamos como temas de estudio facer un Dicionario Galego, estudiar os blasóns pontevedreses e facer un estudio da economía das repoblacións forestales feitas polos veciños das parroquias e lugares campesíos de Galicia. Este pequeno Seminario de Estudios surxía en abril do 1924. A nosa preocupación foi dar toda no "Seminario de Estudos Galegos" que se fundara en Santiago e do que nós non tiñamos idea. Foi Losada Diéguez, quen ó saber das nosas inquietudes nos alentóu a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa Historia de Galicia e coa sua cultura. Foi esta unha longa plática que tivo despóis de entregar as notas do curso, cando xa rematáramos o bachillerato, despóis de ter, a porta e ventanas cerradas à lección maxistral, comentada moitas veces, que tiña como misión fundamental espertar a sublime comprensión da dignidade humán nos homes que hoxe non son máis que mozos e alegremente poden faltar ó seu deber se non sinten a responsabilidade dos seus actos. Como anédota curiosa podemos contar que Losada díxonos tamén que iba suspender uns poucos rapaces do curso anterior porque tiñan cambiado os temas no eisamen. Sebastián saleo na sua defensa decindo que polo menos sabían algo da asignatura. O bo deseo de Losada pra aprobar, fixo que tomando en consideración as palabras de Sebastián aprobaran uns cantos rapaces que nunca soupemos quenes eran e tampouco souperon eles quen intervira no seu favor.

Rematado o Bachillerato cada ún colléu camiños diferentes e tan solo Sebastián e máis eu fomos á Facultade de Letras da Universidade de Santiago, ben que denantes tiñamos requerido informes de carreiras especiales por si era mellor de conseguir unha situación económica sin tantos gastos. Sentiamos ter que separarnos porque xa comenzáramos a facer papeletas de palabras e de pedras de armas pontevedresas, traballos que viñan sustituir a outras labouras curiosas como un periódico de información deportiva feito na máquina de Sebastián, e no que eu non colaboraba por ser totalmente lego.

A Sección de Historias da Facultade de Letras na Universidade de Santiago facía pouco que fora creada. Era Decano don Xosé González Salgado que casi nono viamos pola Facultade, pois como catedrático xa estaba xubilado.

Denantes de comenzar os estudios universitarios eu preguntáralle a Xosé Pumar Landeiro, estudiante de Filosofía, carreira que deixóu a un lado pra facer a de Farmacia que agora exerce, cales eran as dificultades do primeiro curso, o Preparatorio, común pra Filosofía e Dereito, e se había medios de vencelo por libre. As respostas eran de gran outimismo. Podíase facer folgadamente por oficial e tamén por libre como había algúns que o facían, e inda había quen levaba a carreira de Dereito e máis a de Filosofía, as duas ó mesmo tempo. Eu tiña que vir por ensino oficial por non ter medios de facelo por libre, pois non tiña a bibliografía máis indispensable pra estudiar as tres asignaturas do curso. Sebastián iba facelo por libre. No mes de setiembre veu a Santiago meu pai a matricularme e a buscar pousada pra min que atopóu na calle do Hórreo, pousada sinxela que denantes de rematar o curso trasladouse pra Antealtares. Alí estiveron tamén Aurelio Janeiro e Alexandro Andión Pena, procedentes de Pontevedra e Lorenzo Gesteira Vidal de Santiago.

O curso Preparatorio tiña tres asignaturas, as tres diarias: Lóxica, Historia de España e Lengua e Literatura Española. A Lóxica estaba a cargo de don Ramón Gallego, Auxiliar numerario da Facultade e Catedrático numerario de Xeografía e Historia no Instituto; por ser da sección de Letras deu tamén uns cantos días Historia en ausencia de don Ciriaco Pérez Bustamante que tivo que estar ausente por razóns de goberno da facultade. Don Ramón, ademáis da Lóxica de Eleizalde e da Historia da Filosofía de Balmes, daba uns apuntes de temas relacionados coa Metafísica. Era profesor sinxelo e tradicionalista moi intelixente, resaltaba sempre que tiña ocasión a valía de Antonio López Ferreiro, de Oviedo e Arce e de Villaamil e Castro.

A Literatura estaba desempeñada por don Armando Cotarelo Valledor, que este curso, o día 24 de Santos do 1924, estrenóu no Teatro Principal en homaxe a Carracido "Lubicán", conto dramático de lobos e de amores, posto en escea polo cadro dramático da Universidade, dirixido por Mariano Tito Vázquez e con decorados de Camilo Díaz. Compuñan o cuadro María Pérez, Basilisa Piñeiro, Matilde Docampo, María Lois, Carmiña Sierra, Xosé G. Posada Curros, Xosé Teijeiro, Fermín Bouza, Xoán Xesús González, Ramón Martínez, Luís Feijóo, González Rey e Secundino Lugrís.

O rector da Universidade era Don Luís Blanco Rivero, catedrático de Mediciña que fora Decano da súa facultade e Alcalde de Santiago. Ninguén tan querido de todos en Compostela como a seu Arzobispo, don Manuel Lago González, o cantor do Neno Dios. Na Universidade dixera: "Yo aprendí a amar a Galicia cuando conocí su historia; quise profundamente, vehementemente a Galicia cuando conocí su pretérito buceando en las profundidades épicas de su ayer". Eu vino na apertura de curso, a primeira á que eu asistía. O Prelado falóu con algúns estudiantes e deu a todos a sua bendición. A morte veuno buscar poucos meses despóis, pola festa do San Xosé do 1925. Eu informaba por carta a Sebastián de tolos pormenores da vida académica e dos afáns de uns e outros. A crónica universitaria tiña que ser moi detallada, había que dar informe da marcha das clases, das explicacións, dos apuntes, sobre todo os de Cotarelo que Sebastián

aumentaba. Non había que engadir cousa ningunha á miña libretiña de fonética, resumen moi axeitado pra poder repasar en calquer momento o sinxelo capíduo que tanto medo puña ós estudantes.

Denantes de rematar o curso Sebastián veu pra Santiago e foi parar a unha pousada que había na rúa das Rodas. Alí paraba xente maor sin ningún estudante: un contratista de obras, un carteiro, dous retirados e inda alguén máis. Todos xente de moi bó humor e boa voz que puñan a proba certas veces facendo un pequeno orfeón. En moi poucos días Sebastián estivo ó corrente de todo. Non precisaba máis que poñer en orde os seus conocimentos, o que estudiara, na sua casa, na calle de Andrés Muruáis, no despacho onde tantas veces estudiáramos xuntos. No mes de San Xoán aprobóu folgadamente as tres asignaturas.

No segundo curso xa ven por oficial. Faríamos o viaxe xuntos desde Pontevedra. Na carta que me señalaba o día fálame tamén de unha conferencia de Antonio Nobre. "Hoxe, sábado, falará en Artesanos don Antonio Nobre, escritor portugués, de gran prestixio e nombradía. Adxunto envíoche unha folla que a propósito de elo repartiuse. Paréscème feita por Millán". A carta e do 26 de setembro do 1925. A folla é unha chamada ós pontevedreses, casi mellor ás pontevedresas, pra que vaian ese día ás sete e media da tarde a escoitar a Nobre.

Na Facultade formouse o grupo que había de rematar xunto: As señoritas María Pura Lorenzana Prado e Carmela Rey Martínez, e ademáis Alfonso Vázquez Martínez, Sebastián González García-Paz e Antonio Fraguas Fraguas. De xeito especial viñeron Manuel Souto Vilas, Vidal Fraga, Respino e inda algún outro que non tiñan máis que unha asignatura ou viñan probar fertuna.

Ós profesores Bustamante e Cotarelo xa os tiveramos no Preparatorio. Co primeiro comenzamos os traballos sobre cousas de América a través dos documentos publicados. Eran as minas, a emigración, o traballo o que agora había que ver ó través das leises e facer estadísticas e comentarios. Sebastián traballóu en colaboración con María Pura, e os demáis, tivemos traballo independente basado en facer fichas e ir resumindo en números os resultados de difrentes fenómenos relacionados coas formas de traballo e poboamento. Algúns destes resultados publicáronse e con eso abríase unha nova faceta: a investigación. Don Armando tardóu moito en poñer clase que era moi intresante, pero un pouco curteira, pois nunca duróu media hora.

Don Calixto García Seoane foi, xunto con don Luís Villar Somoza, profesor encargado de Latín. Era un gran latinista e facíanos dar mil voltas a cada oración que aparecía no texto. Semellante labor requería, ademáis de moito saber, moito traballo, e por tales razóns que estimamos de moito peso non fomos á clase deica que don Calixto mandounos recado de que se volviamos a faltar daría conocimento da nosa desaplicación ó Decano. Aquel mesmo día preparamos nunha libreta significados e tradución, traballo que agradóu ó profesor o cal nunca máis nos dixo cousa algunha pola nosa falta, en realidade falta preguiceira feita mancomunadamente. Sempre lle tería Sebastián o máis delicado afecto, que se traducía nas súas cartas pregándome sempre que lle presentase os nosos respetos. Con don Luís Villar Somoza defendiámonos millor pola literatura. Era fácil facer historia da vida e da obra de calquer autor e, incluso, dar unha visión da sua obra porque manexábamos textos en castelán.

Denantes de rematar o curso Sebastián iba á cabeza do grupo, cousa que nós estimábamos moito porque a sua xenerosidade non tiña lindeiros

por ningures e sempre que nos facía falta, e facía moitas veces, el botaba o seu trunfo a noso favor.

Profesora auxiliar foi tamén a señorita Luisa Cuesta Gutiérrez, do corpo de Archivos, Bibliotecas e Museos, con destino na Biblioteca Xeneral Universitaria. Con Luisa Cuesta comenzamos os traballos no Archivo da Universidade. Co tempo sairían o estudio de Sebastián sobre San Clemente de Pasantes, o de Alfonso Vázquez sobre os Estudios de Gramática e o meu sobre o Colexio de Fonseca e os Colexiales do mesmo.

Tivemos unha fonda preocupación co profesor Galindo, que nos impuxo moito medo explicando Fontes da Historia e uns cantos temas máis. Cando chegamos despóis do Nadal xa se marchara trasladado, e tamén podemos decir que a mitade do medo iba fora porque descubrimos que o libro que usaba en alemán tiña tradución española.

Recordamos todos con moito cariño a dous catedráticos: Don Mariano Usón Sesé e don Luís Pericot García. O primeiro, catedrático de Paleografía, era un gran maestro e un leal e desintresado amigo. O segundo era prehistoriador e de continuar en Santiago houbera formado unha gran escola. No tempo que estivo abréu os horizontes de unha das ramas máis novas do saber histórico e quizáis a máis apasionante. A súa clase ó redor dunha mesa longa facíase de un xeito práctico, enseñando fotografías, láminas, lendo traballos e mostrando algún ouxeto, labor conxunta que espertaba en nós un gran intrés, que aumentaba pola persuasión do mellor prehistoriador galego: Don Florentino López Cuevillas. Os vieiros de Sebastián estaban xa seguros, dende agora iría por eles deica rematar a xornada.

Inda temos que lembrar ó profesor don Salvador Parga Pondal, encargado de Epigrafía e Numismática; con el comenzamos a catalogación e clasificación das moedas da Facultade, metidas entonces nunha bulsa. Comenzóu o traballo Sebastián comprobando a basculiña de pesar, e vendo que todo estaba en condicións de poder poñer en orde as moedas, fíxose a sua catalogación. Eran na sua maoría moedas de cobre e casi todas románs; cando xa tiñamos ordeadas bastantes o Decano, entonces don Ciriaco Pérez Bustamante, rogounos que catalogáramos tamén a Biblioteca da Facultade.

Un viaxe de estudios

Casi sería millor decir un viaxiño, se facemos comparanza cos viaxes que se fan agora. Nós fomos a Madrid. De todos, somentes Alfonso Vázquez conocía ben a capital porque botara alí un curso; sería, pois, o noso guía. O viaxe fixémolo en tren por Curtis i en terceira. Era o mes de Nadal e xa estaban os días dentro das vacacións de navidade. A mañán era unha mañanciña neboenta con moi pouca neve na serra. Chuviscaba de cando en cando e non se podía alcanzar a grandeza do paisaxe; a serra, cuberta de neboeiro, non era máis que un conxunto de penedos sin horizontes. Había certa curiosidade por ver o Escorial e cando aparecéo á nosa esquerda, algúns levamos unha desilusión. Tiñamos outra visión mui diferente da estampa escurialense. A sinceira confesión que nese senso lle fixemos a don Ciriaco foi tema de comentario con Luisa Cuesta, en col da nosa incomprensión estética.

En Madrid as rapazas foron parar á Residencia de Señoritas e nós a unha pensión da Calle Mayor onde paraba Salvador Parga. Houbo unha visita protocolaria ó Ministerio pra saudar a González Oliveros. Da ma-

neira que señala Vives fixemos unha moi complida cortesía que coñecerí-amos dende entonces por: unha vénia de ministro. Veu ó noso recordo este saúdo vendo o recibimento oficial que facía un día Sebastián, como Rector interino da Universidade de Puerto Rico, ó entonces Vice-presidente Lyndon B. Johnson.

A nosa estancia en Madrid foi proveitosa, vimos con moito detimento o Museo do Prado, o Arqueolóxico Nacional e o de Valencia de don Juan, onde por primeira vez saudamos a don Manuel Gómez Moreno. Fomos ver a Residencia de Estudiantes e tiveron con nós moitas atencións regalándonos libros que eu inda conservo i estimo.

Non podía faltar a xornada toledana. Na ciudade imperial fixemos o decorrido polos principales moimentos e moi sosegadamente polas plazas e rúas deténdonos con saudade na casa do Greco. Toledo foi pra nós esa gran esperencia de ver un gran museo erguido nun garboso outeiro e cercado por un río. Non esquecemos os mazapáns, e hasta se correo a sorte dos alfinetes, que daquela tiña fonda tradición antre as rapazas casadeiras. Ó rematar a xornada don Ciriaco renovóu a pregunta do Escorial e a resposta esta vez foi de moi gozosa e cumplida satisfación; resposta que comentóu de novo pola coincidencia de gustos diante dos valores estéticos. Tamén nós retificamos o día que estivemos no mosteiro do Escorial e fixemos as correspondentes ouservacións personales con relación á estampa que pra cada ún ten o conxunto monumental, consideracións que foron estimadas no viaxe de retorno a Madrid.

Rematada a carreira no mes de maio, cos seus ribetiños emocionales descubertos diante da dubidosa xornada das mañáns que virían sin saber moi ben por onde coller, Sebastián fixo a Licenciatura que foi calificada co maor galardón de Premio Extraordinario.

O Doutorado

Pra ter completos os grados académicos Sebastián González foi, no curso seguinte, facer o Doutorado a Madrid. Vai ser un curso un pouco a saltos, porque unha chea de desordes que houbo en todas as universidás motivaron cerres e hasta se chegóu ó cerre por todo o curso. Tivo alí dous grandes amigos: Don Xosé Ramón e Fernández Oxea, Ben-Cho-Sey, e Iglesias. A primeira impresión do mundo universitario madrileño é de gran tristeza, pesadume que recende a isolamento de maneira principal cos compañeiros: "Os alumnos son todos idiotas; eu permanezo isolado, i é pra min o maor tormento de Madrid. Hai neles presunzón, parvada i egoismo. Vounos tratar como a xente de pouco peso. Rapazas hai bastantes, guapas e feas, burras e listas. De lista presume unha catalana, que non levanta unha coarta do chan".

Os profesores tamén foron xusgados, todo coa advertencia "conta que é a primeira impresión. Don Manuel Gómez Moreno, é un home simpático, afable a quen vexo tódolos días no Centro de E. H. i eso que a min non me gusta ir por alí porque estóu un pouco violento. Cabré é famosísimo, pásase ben con el. A clas con Gómez Moreno é tres días á semana, ata agora einda non empezóu co arábigo. Don Severino Aznar é unha boa persona, un don Ramón Gallego, cepillado; pero a asignatura é moi aburrida e a clase é do máis *grande* que se pode dar; hai que baixar por unhas esqueiras, é pequena e con pouca lús. Ten texto en francés que inda nono merquei porque nono hai. Ballesteros usa bisoñé e ten unhas patillas famosas, en resume un tipo da época romántica, ó Duque de Rivas (véxase

o dibuxo que eu fixen na porta da habitación) patillas e bigote recortado. Explica a tombos, é decir, hai momentos en que fala moi alto e outros en que non se lle pode ouvir ren. De Tormo non falo polo de agora".

Esta era a primeira impresión. De tódolos compañeiros soio iría María Pura a Madrid. El está desexando que chegue: "estóu desexando que veña Pura, porque eisí non me aburriréi tanto na clás, mellor na anteclás"

A carta era do 2 de novembro de 1928. Por aquel entonces soio se relacionaba con un compañeiro: "somentes me resultóu un pouco simpático un crego, xoven e con unha boca de orella a orella".

O día dezaséis do mesmo mes, volve a queixarse notando o cambeo de clima e a súa influencia, impóndolle unha tristeza especial: "é naturalmente influencia do medio, vense a sustituir o clima húmedo, cálido i emotivo de Santiago, polo frío, seco e inexpresíbel de Madrid, onde me atopo isolado, na clás, nas rúas, etc., cando non teño un acompañante como o Ben-Cho-Sey. Somentes na pousada estóu no meu medio con Iglesias e moitos peisáns máis; fora de iso, soio, completamente soio, ao marxen de toda cordialidade. Si ao menos estiveras ti ou Vázquez eiquí. Pero a vida hai que tomala como ven e aguantar, sofrir e facer cincoenta disparates ao minuto". Na mesma carta prégame: "dime a direición de don Calixto, que lle teño que escribir e dalle lembranzas miñas".

Eu tardéi uns días en responder á súa carta, non era preguiza, quería mandarlle uns datos que precisaba. A morriña saudosa facíalle sentir máis pasión por Santiago: "ahí está sempre o meu esprito, agora valeiro dese ambiente que enche e chega ao fondo das almas. Cando teño notizas desa vella vila, estóu de bo humor, é o úneco que pode distraer a miña morriña".

No curso do doutorado os profesores don Elías Tormo e don Antonio Ballesteros, puñan como condición indispensable pra aprobar facer un traballo de investigación. Sebastián preparóu San Martín Pinario, traballo con moitos gráficos, fotos e planos, e documentos, pra don Elías Tormo; e pra Ballesteros o Virrey Taboada, despóis de pensar sobre as minas e as relacións do traballo e outros apartados que comenzara eiquí. Durante moito tempo foron os traballos preocupación por ter medo de non rematalos, e tamén desconfiaba da dureza dos mesmos catedráticos. Nunha carta decía: "o temor é coma sempre Tormo e Ballesteros". Pasaba todo o tempo que tiña libre de clases nos arquivos. Na Academia da Historia estaba deica a última hora, hasta o límite de concesión a todo investigador. Un día por necesidades de quintas tivo que saír ás seis, seguro que con moita pena por ter que perder uns datos que había que recoller outro día. Escribía dende o Café "Granja del Henar, S. A.", onde el decía que estaban as xentes elegantes, e na carta daba a razón de esta presencia no café: "É un miragre que esté eiquí hoxe, mais non debes estranalo pois tiven que saír ás seis da Academia da Historia, pra facer unha foto por mor do servicio militar, pois o domingo seréi tallado, ou feito talladas que é cuáseque o mesmo. Por certo que no servicio non sei se teréi que pedir prórroga pois fai uns días solicitéi, por indicación de López Suárez, e con acordo de Gómez Moreno, pensión por un ano pra Alemania. Non teño esperanza que ma den pois hai moitas solicitudes, de ser así estaréi pra o ano en Santiago". Pouco máis tarde contaba que non sabía como fora o informe de don Manuel e iso que fixera os informes diante del. De todos cantos pediran pensión, Filgueira, Sobrino e Vicente Risco, somentes o derradeiro foi a Alemania, proveitoso viaxe que daría o tema de unha das obras máis curiosas deste escritor. Sebastián inda que sin maor intrés pola pensión neste intre, puxo da sua parte todo canto podía supor méritos pra

conquerila. "En canto ós traballos, ó de San Martín teño que meterlle mecha, pois polo menos un estracto teño que presentalo pra o da pensión, xuntamente con algúns castros de Lalín, xa que o demáis non conta en arqueoloxía". Encarga que se lle faga un certificado no "Seminario de Estudos Galegos" no que se faga constar "conforme teño traballado ehí, e intervido no estudo dos castros das bisbarras do Carballiño, Vilamarín e Lalín, indicando que tamén teño colaborado no estudo e catalogazón do románico rural galego, cuias parciáis pubricazóns ten en preparación o Seminario".

Os acontecimentos políticos deron lugar ó feche dunha serie de Universidades, e os estudos do doutorado teñen unha curiosa fase: algunhas clases danse fora da Facultade "extraoficialmente América na casa de Ballesteros e Arqueoloxía Arábiga no Centro".

"Ballesteros na casa é un home completamente oposto ao da Universidade, agora é ameno, simpático, asequible, etc. Dí chistes, conta anécdotas, métese con tódolos historiadores."

"O cambio é proveitoso; perto da casa de Ballesteros hai un café e alí espero en compaña dos compañeiros (varóns ou femias ás veces) a hora da clás."

A universidade de Madrid péchase. Con uns latinorios comenza o seu informe a carta de Sebastián, latinorios que demostran o seu bo humor inda nun momento de moita seriedade: "Ego sunt homo cesantis, quondam studiantem Doctorati fuit. Hodie Primus Consule, scripsit Decretus vocaverunt nos, plebeyos periculosus. Fica pechada a Universidade ata o outono do 1930. Os perxudicados somos os futuros Doctores, que non podemos rematricularnos noutras Universidades. A cousa está mal, moi mal. Esta xente que se chaman meus compañeiros non teñen a prestancia, nin presenza de ánimo que se require pra o caso. Eu obrei como bo galego, tomando decote por exemplo ó Conde de Gondomar. Cando escomenzóu o lío, puxen certa resistencia á nosa sublevación, vencéronme a exaltada indignazón das mulleres, menos refrexivas que o que a boa crianza aconsella. Hoxe as voces femeninas son de claudicación, medo, etc., eu teño a actitude de sempre".

"Non sei cómo se solucionará isto, nin sei tampouco se terá soluzón posible, polo que non podo adiantar noticias sobre o meu proceder pra o futuro".

"Hoxe fixemos a despedida do curso (6 fotos no Paseo de Rosales). Moi bonito todo, voltei a convencerme de que estóu arredado de todos os meus excompañeiros i excompañeiras, sin exceptuar a ninguén".

Todo tería arranxo, faríanse eisamens e no fin todas as asignaturas aprobadas. Moitas veces laiábase de que María Pura Lorenzana non volvera a Madrid, agora, o día 9 de San Xoán decía: "Aznar fará eisamens o xoves próisimo, e coido que aprobo, pois fai días dixo que había pra cate somentes dous, un fulano americano, e unha rapaza, a máis bonita, ou a única bonita da clás. Por certo que fai días, colléu a lista e chamoume, e preguntoume por Pura, díxenlle que seguramente non viría, e dixo: "Lástima. Era de las chicas más listas del curso".

"Seguindo coa Historia de América, sabe a Vosa mercé que este ano houbo concesións, debilidade e "manga ancha" en razón das anormales circunstancias. Ballesteros examinounos sin previo aviso, dixo denantes que estabamos aprobados, e pideu o traballo no plazo de dous días, estivese como fose, e que este sería pra dar a nota.

"Continuando con Gómez Moreno, que non dixo ren, onte habíamos facer eisamen, mais non foi, e posiblemente fica pró luns. E o sábado próisimo remataremos e seguramente aprobará a todo o mundo".

"O Sr. Tormo dixo que aprobarían máis da mitade, e naturalmente eu que debo facer o "quinto" estóu cuase que aprobado, si é que agora non fago o indio".

A tesis doctoral sería sobre o Colexio de San Clemente de Pasantes despóis de certas tentacións de facer O Barroco Compostelán baixo a direición de Gómez Moreno.

O Seminario de Estudos Galegos

O "Seminario de Estudos Galegos" tíñase fundado pouco antes de chegar nós a Santiago. No primeiro curso que estiven en Santiago paréceme que non asistín máis que a unha sesión. Eu tiña certa espranza na nosa S.D.L. inda que alguén me deixóu sin folgos dando por desfeita a nosa Sociedade e máis as nosas preocupacións que tiñan unha estima especial. As sesións do Seminario parecíanme totalmente alleas por non conocer a ninguén, e por iso preferín non ir. Ó chegar Sebastián, no curso seguinte, fomos os dous a varias sesións que se celebraban nunha aula da Facultade de Dereito. Sentábamonos detrás de todo e atendíamos o desenrolo da sesión que moi ben podía ser o ingreso de algún membro ou traballos de socios e formación de un ficheiro bibliográfico. As papeletas casi sempre as lía Ramón Martínez López. Un día estivo Losada Diéguez en Santiago e iso fixo que Sebastián fose chamado ó Seminario que agora tiña un local propio que lle cederan na Económica, no edificio do antigo Colexio de San Clemente. Sebastián quería que eu fose tamén ó Seminario e rematóu por levarme. Era xa Presidente Don Salvador Cabeza de León, home acolledor, bondadoso e moi simpático, con unha gran vocación pola investigación, e iba tódolos días ó local pra presidir dese xeito a velada que celebrábamos no pequeno local. Non deixaba de vir tamén Don Xoaquín Arias Sanjurjo coa súa diaria carga de libros, que donaba á Biblioteca do Seminario, traídos nun paquete ou nunha bulsa. Os libros, además do seu nome, tiñan fortes raiados e algunha vez faltos de algunha folla que lla arrincara por tratar materia sobre a que el estaba facendo un traballo, sobre todo se eran relacionados con Cervantes ou co Quixote.

O Seminario representaba un xeneroso desprendimento de traballo en favor dos estudios de Galicia. En abril do 1928, durante os días 7, 8 e 9, que foron os días da Pascua, celebrouse en Pontevedra a IV Asamblea. Tomaron parte pronunciando conferencias: Don Salvador Cabeza de León, "Unhas verbas sobre a cultura galega no século XVIII"; Don Ramón Otero Pedrayo, "A vida galega no século XVIII"; douse leitura a un traballo de Cotarelo "A xuventude do P. Feixóo"; ingreso de Don Xerardo Alvarez Limeses, "El P. Sarmiento precursor de los estudios gallegos"; Isidro Parga Pondal, "La Sección de Ciencias Naturales del S. de E. G."; Don Xosé Filgueira Valverde, "O catálogo gráfico do S. de E. G." e a "Hestoria do Arte Galego" (con proieicións); Don Vicente Risco, "Os nosos traballos de etnografía. A literatura popular galega"; Florentino L. Cuevillas, "Unhas verbas"; Don Xesús Carro, "As xoias pre-romanas galegas"; e Don Antonio Lousada Diéguez, "A citania de Domayo" (con mostras). Sebastián fixo a súa conferencia improvisando todo en moi pouco tempo; el puña por exemplo de improvisación esta autuación na Asam-

blea de Pontevedra. "Ademáis que ti sabes", decía nunha carta, "que eu home abandonado por excelencia, remataréi o traballo nos derradeiros días do plazo, a forza de improvisación que é como saen as miñas cousas, exemplo aquela famosa conferencia de Pontevedra". Ó día seguinte da súa autuación sentouse xunto de Sebastián Don Prudencio Landín, felicitouno e faloulle de vellas amistades coa familia. Don Prudencio era un magnífico orador e conferenciante e contóu algunhas hestorias do foro relacionadas con principiantes que se trabucaban na súa intervención, e a conferencia de un señor que polo seu estado de nerviosismo gomitóu nas coartelas que tiña pra ler.

Fíxose unha visita ó Museo Arqueolóxico da que se conserva unha foto onde estamos con Don Salvador Cabeza de León, D. Xesús Carro García, D. Abelardo Moralejo Laso, D. Isidro Parga Pondal, D. Xoaquín Arias Sanjurjo, D. Xerardo Alvarez Limeses, D. Xoán Novás Guillán, D. Antonio Losada Diéguez, D. Florentino López Cuevillas, D. Vicente Risco e un grupo de estudiantes: Ricardo Carballo, Xosé Filgueira, Sebastián González, Pintos Fonseca, Fraguas e Tafall. Esta mesma mañán pudo impresionarse unha placa de Don Casto Sampedro, por suposto sin que el se dise conta; é a foto na que aparece co paraguas na man e que se consigueu por un engano de Losada Diéguez que lle pideu que nos descifrara unha inscripción que había no muro.

Outra excursión foi ó mosteiro de Poyo onde Vázquez Garriga tocóu unhas cantas cousas no órgano e Mercadillo cantóu a media voz unha Ave María. Mercadillo dedicóu tamén unha cantiguiña ás copas de licor que nos deron os frades.

En todas as sesións estivo presente Don Daniel de la Sota, demostrando o seu entusiasmo polas cuestións de Galicia.

Losada falaba moito con nós, cos estudiantes, recomendando traballos; lembro que un dos que recomendaba era sobre Aristóteles e Feixóo, que pouco despóis faría Carballo Calero co tíduo: "Cómo via a Aristóteles o P. Feixóo".

Pra Sebastián González o Seminario foi algo moi seu que levaba tan enraizado que sempre lle afloraba o seu recordo. Estando en Madrid cargado de traballo decía: "eu eiquí traballarei polo Seminario todo o que poida en Documentos e bibliografía". Non importan outros traballos que teña que facer, non importa a laboura das clases, quedará no cerne das ilusións da súa xuventude o Seminario no que pensa e pró que traballa, así, desintresadamente.

A preocupación constante e a súa prodixiosa visión de orgaizador, inda que el fose nas súas cousas un desorganizado, deu ó Seminario unha nova dimensión espacial. Fixéronse as xestións correspondentes e da pequena habitación da Escola Económica pasamos a ocupar o Salón Artesonado de Fonseca e as habitacións seguidas, despóis de facer as obras que se precisaba pra acomodar a Biblioteca. Viñeron novos colaboradores: Don Alfonso Vázquez Martínez, Don Felipe Cordero Carrete, Don Xoaquín Lorenzo (Xocas) e o seu hirmán Xurxo, Luis Pereira Rial, Xesús Ferro Couselo e outros rapaces que traballaban no acrecentamento de ficheiros de bibliografía e gráficos. Don Sebastián González foi nomeado primeiro Segredario de Actas e pouco máis tarde Segredario Xeneral. Inda conseguio un piso en alquiler diante de Fonseca pra instalar as Seccións. A mesma administración coa cobranza dos recibos puxérase ó día, era unha das cousas que lle preocupaban moito. "Derradeiramente, coido que na próisima sesión do Seminario débese aclarar o asunto dos recibos dos socios, cousa farto descuidada, que nos deixa ficar mal con toda a xente.

Paréceme débese proceder con enerxía e arreglalo asunto da mellor maneira posible". Todo se puxo ó día, os recibos chegaban cando correspondía sen retrasos de tempo. Hai que destacar tamén en toda esta marcha do Seminario ó máis constante colaborador: Don Xesús Carro García, que dende o seu ingreso foi o conselleiro constante de todos, home de gran saber, de gran virtude e de gran bondade que repartía diariamente tanto no Seminario como no I.P. Sarmiento, onde tivo parte da súa biblioteca particular.

Os castros e a sua catalogacion

Galicia ten moitas facetas de visión dun paraíso, e un dos maravillosos paraísos, según dixo Obermaier, é o da Prehistoria. Son miles de castros e de mámoas os que se atopan esparexidos, con certeiro orden de poboamento, por toda Galicia. Lenda e realidade dan vida ós tesouros escondidos e gardados por misteriosos personaxes, e no fondo dese misterio unha cultura, máis ben pobre que se pon ó descuberto tan axiña como se remove a terra da superficie nun lugar calquera da coroa dun castro.

A presencia de Pericot na Facultade e o seu entusiasmo por contribuir ó estudio da prehistoria galega, deron autualidade a un problema que xa facía tempo estaba planteado. Como primeira medida faríase unha catalogación de castros, a catalogación non era unha eisploración sistemática, nin tampouco un sinxelo e simple inventario. O Seminario, desde a súa Seizón de Prehistoria, sistematizóu a forma de catalogación dando unhas normas concretas pra cada castro, que comprendía os tídoos seguintes: Defensas, Mensuras, Observazóns, Folklore e Bibliografía. Ó comenzo da publicación fixeron constar estas palabras: "Non se nos oculta a manitude da tarefa que oxe emprendemos, mais o entusiasmo e as forzas mozas que latexan dentro do noso Seminario dannos a seguranza de que ha ser levada a cabo nun tempo relativamente curto".

Iniciada a tarefa, Sebastián foi facer a súa primeira campaña ó lado de Cuevillas. O nome dos dous aparece no primeiro fascículo dedicado ó catálogo dos Castros do Val de Vilamarín, no estudio do Castro Morgadán ou de Morgade e no Castro de Río. Pra que desde o seu comenzo privara un sentido centífico veu prestar a súa colaboración Don Manuel Gómez Moreno. Así, na catalogación do castro de Santa Adega consta que foi "catalogado baixo a direizón do sabio mestre Don Manuel Gómez Moreno por Xosé Filgueira Valverde e Florentino Cuevillas". Interviron tamén con Don Luís Pericot, Vicente Risco, Xosé Ramón Fernández-Oxea, Ramón Otero Pedrayo, Arturo Noguerol, Arturo Suárez, Leuter G. Salgado, Xoaquín Losada e outros rapaces. No número do Boletín Nos correspondente ó 15 de Nadal do 1927, na seizón: "Os homes, os feitos, as verbas", ven unha reseña feita por Florentino L. Cuevillas, tidoada: "Novas da Prehistoria. Da Galiza", e dí: "Por membros do Seminario de Estudos Galegos fíxose a excavazón de varias necrópolis dolménicas (Lobeira, Rairiz, Serra de Penas Libres, Serra da Moá e Maus de Salas); estase exprorando a citania de San Cibrán das Lás e comenzouse o estudo sistemático da Barbanza. Catalogáronse tamén bastantes castros distinguíndose nista laboura pola súa aitividade e intelixencia, dous rapaces, Sebastián González García-Paz e Xoaquín Lousada, que agora se inizan nos traballos prehistóricos".

Na IV Asamblea do Seminario, celebrada en Pontevedra, Cuevillas espuxo un novo plan prá catalogazón dos castros na Terra de Deza, e

despóis de fixar as datas en que se farían os primeiros traballos, engadíu estas verbas: "A Lalín irán o Sebastián e máis o Fraguas". Cumplimos a orden dada polo mestre. Xuntámonos en Lalín o día 4 de maio do 1928 e comenzamos a catalogazón dos castros no medio de curiosas anécdotas e de algunha que outra molladura que nos obligaba a secar a roupa diante do forno ou diante do lume da taberna, onde nos servían despóis unha abundantísima comida. Cuevillas, a requerimento dos directivos do Casino de Lalín, pronunciou unha conferencia sobre a Prehistoria Galega: Os castros e as mámoas. Unha noite chamamos á porta de Don Ramón Aller. Íbamos saudalo e máis a pregarlle que nos ensinase o ceo polo telescopio. Don Ramón, coa amabilidade que o caracterizaba, enseñounos todo o ouservatorio, onde abundaban aparatos feitos por el, e de remate poidemos ver a lúa e unhas cantas estrelas que Don Ramón coñecía como se foran veciños da súa porta. Aquel día dixéranos un canteiro que traballaba no cementerio: "Don Ramón é o home que máis sabe do mundo". Paréceme que tiña razón. Un dos nosos guías, Don Severo Goyanes Sánchez, morreo ó día seguinte de marchar nós de Lalín.

Os traballos da prehistoria tiñan xa as súas excavacións e Sebastián entra axiña nista laboura na compaña de Cuevillas, Losada, Pericot, Merxelina e Cabré: "Fai uns días chegóu Merxelina —dí nunha carta— e viñémonos pra Domayo, i eiquí ficaremos ata o domingo próisimo, dando o sábado por rematadas as excavacións, pois tenzoamos ir abrir unhas mámoas perto de Pontevedra. Iremos logo ó Trega por uns poucos días pra ver cómo Cabré busca a necrópole e pra remate botaremos o resto en Taboexa.

"Este ano non hai diñeiro por parte das Diputacións e todo esto farase por conta das 5.000 pesetas adicadas pola Xunta de Excavacións a Galicia".

As ordes pra que fora á Guardia con Merxelina déras categóricamente Don Xoán López Suárez.

Había moito feito en Lalín onde tamén se excavaron unhas mámoas. "Estiven alí tres días e catalogueí somentes catro castros axudado polo Martínez López. I o derradeiro día excavamos unhas mámoas e tivémola sorte de topar unhas insculturas. Comuniqueille a noticia ó Cuevillas e díxome: "Diste xeito vostede fará o das mámoas e o do rupestre. O Fraguas firmará o Catálogo de Castros i eu escribirei unhas notas en col do tesouro da Golada, do machadiño de mármol e do puñal e puntas de saeta do monte das Cabras. A seizón de Prehistoria aparecerá asín cun traballo xeitoso e fino".

Nas excavacións da Guardia aparecían algunhas cousas de intrés. Cando se publicóu o traballo de Cuevillas sobre Os Oestrimnios, Sebastián decíalle a Cuevillas como engádega: "Agora poidera apuntarse unha espada de antenas (puño de bronce e folla de ferro) que apareceu no Trega fai perto dun mes e por unha casualidade... Como tamén de un achádego de onte: unha folla de puñal de cobre como as que xa tiñan aparecido (25 cm. de longo) con anacos de madeira do mango". Esta carta do 9 de agosto de 1929 iba dirixida a Cuevillas e máis a min que estabamos excavando as mámoas do Monte da Morá, e nela tamén quere que se lle faga unha relación dos castros do Seviñao pra ver as notas do P. Sobreira.

Foi unha perda que non se pudo reparar, a morte de Antonio Losada ocurrida en Pontevedra o día 15 de Outono de 1929. O día do seu enterro subimos as escaleiras da súa casa: Don Xesús Carro García, Don Salvador Cabeza de León, Presidente do Seminario, Sebastián González, Ramón Martínez López e máis eu. Na entrada estaba Castelao chorando

amargamente, foi abrazando a todos, e ó rematar, movendo a cabeza, dixo: "Alá vai o noso mestre". Aquela tarde ó baixar do Cementerio de San Mauro, Valentín Paz-Andrade convocounos a unha reunión pra constituír a Asociación de Escritores Galegos.

Non había ser soio a prehistoria a materia dos estudios de Sebastián; foron as diferentes ramas do Arte nas que tivo por mestre a Don Xesús Carro que foi o mestre constante de todos nós; con el fixo varios traballos como o estudio do románico de terras de Deza que inda está inédito, e publicóu coa súa colaboración: "O Tesouro de Foxados".

Inda fai falta destacar a intervención de Sebastián no estudio dos castros da Terra de Melide, onde estivo en varias xornadas para sistematizar as cousas de prehistoria e do románico.

Profesor da Facultade de Filosofia e Letras

Sebastián, rematado o Doutorado, veu pra Santiago e aqui celebrábamos os seus éisitos cantando unha marcha que tiña bastante parecido coa dun gaiteiro de Corpus en Pontevedra.

No ano 1931 foi pensionado ó estranxeiro. Estivo en Francia e máis en Alemania. Como sempre, conta as súas impresións: "A vida é bastante cara i enriba a Prehistoria está a 26 km. e hai que coller un tren pra topala. Esto non se pode facer sempre. Polo regular vou ler á Biblioteca. Tres francos que me custóu o permiso. Eiquí págase por todo. Vas xantar e vés 5,75 francos, e logo resulta que con unhas e outras cousas son cuáseque sete francos. O restaurant é dos máis baratiños que se poden achar en París. Unha vez que fun a St. Germain en Laye a véla Prehistoria, esa miña noiva, tan noviña e con tanta hestoria xa, que ten tantos pretendentes, custoume o xantar 25 francos".

Na mesma carta fai unha declaración que reflexa claramente a súa alma, a súa maneira de ser. "Pero eu son optimista, non serei catedrático, non quero máis que traballar escuramente e gozar cos descubrimentos, sin ambición de ver o meu nome no papel impreso. Que recolla todo o proveito o Seminario e as xeneracións que veñan detrás do meu traballo de futuro, porque ata o de agora nada teño feito".

Os auxiliares mandáronlle as bases pra ter unha reunión pra tratar da *clase*, e Sebastián como non podería asistir díxolles: "A laboura tanto do catedrático como do Auxiliar deben ser controladas, e no caso de ser negativas aos cinco anos, pólos na rúa".

Foi auxiliar logo de vir de Madrid, plaza que gañóu despóis de unha brillante oposición. Deica os comenzos da Guerra civil tivo a seu cargo a cátedra de Arqueoloxía e Historia do Arte e pronuncóu conferencias en Ourense i en Pontevedra, en Vigo, noutros lugares de Galicia. Tamén tomóu parte en cursillos especiales organizados polo Museo de Pontevedra baixo a ordeación de Filgueira Valverde.

Baixo a súa direición realizáronse as excavacións nos castros de Borneiro e Baroña. Sebastián publicóu no Boletín da Universidade de Santiago, número dedicado ó Profesor Rodríguez Cadarso, un importante traballo titulado: "Noticia de las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña". As excavacións tiveron a axuda do "Instituto de Estudios Regionales" creado na Universidade polas xestións do entonces Rector Don Alexandro R. Cadarso. Sebastián comenza o seu estudio decindo: "Desde hace una decena de años, fue deseo vivo de la Facultad

de Filosofía y Letras de Santiago, el iniciar una intensa campaña de excavaciones arqueológicas en Galicia. Entonces, en 1924, un trabajo de los profesores Pérez Bustamante y Parga Pondal, anunció el comienzo de la labor, que por circunstancias diversas había de quedar interrumpida". Agora ordénanse os traballos e volverán a quedar interrumpidos pola guerra no 1936. Esta interrupción separóu pra sempre a Sebastián González García do seu amoroso traballo sobre a terra fresca removida, co placer de sementeiras arelantes nas ruinas dos castros verdecentes e das mámoas ateridas de medo nas pasadas noites de ladroizos misteriosos.

Aínda compre destacar a brillante actuación na Semana Galego-Portuguesa do Porto, sendo Presidente de Seminario Don Luís Iglesias, nomeado despóis da morte de Don Salvador; as misións de estudio nas xeiras feitas polos arredores de Santiago pra catalogar os castros na compaña de Luís Tobío, de Ramón e de Pepe Martínez López, e outras a Carboeiro, A Finisterre e costa brava deica Malpica; a Terra de Lobeira cos hirmáns Lorenzo Fernández e Ventura Castro Rial e a outros lugares, sempre co seu característico bo humor que se impuña cantando unha composición que predispuña á marcha polos camiños, principalmente cando chovía, pasando con certas dificultades un rigueiro, subindo a costa de Carboeiro con marcha procesional ou baixando de Toques referindo historias de ilustres cortesáns. Tomóu parte no Congreso de Cencias que se celebróu en Santiago i encontrábase no Pazo de Oca no tempo de derrubarse unha parte do piso de unha sala, sin que por fortuna lle pasara nada.

Moitas veces decía na tertulia que non tiña feito nada. Non é verdadeira a afirmación. Ademáis de "O Tesouro de Foxados" en Col. con Don Xesús Carro publicóu, en Col. con Don Ciriaco Pérez Bustamante unha historia resumida da Universidade de Santiago que leva o seguinte título: "La Universidade de Santiago. El pasado y el presente". En Col. con Xesús Filgueira Valverde: "San Lorenzo de Carboeiro". Publicóu igualmente un importante traballo sobre Domingo de Andrade, capítulo, pero mui reducido, dun libro que pensaba facer sobre O Barroco en Santiago. Non sabemos qué se fixo dunha Guía de Pontevedra que lle encargaran e que comenzóu a escribir. Tamén tiña preparada a edición do Molina, con notas, soio lle faltaba unha derradeira pasadela.

En Santiago frecuentóu dúas tertulias: unha no café Español e outra no Derby. A ésta viña Álvaro das Casas, xa profesor en Noya, Fermín Bouza, xuez na Estrada, Xoán López Durá, Luís Pereira Rial e Primitivo Rodríguez Sanjurjo. Cando acompañaba a algún forasteiro gustáballe enseñarlle as estampas das rúas e das plazas pola noite, e que escoitasen as doce na Plaza da Quintana; recordamos cómo o profesor Adolfo Schulten contóu as campanadas en alemán i en correcta posición de firme. Viña á tertulia Don Ramón Otero Pedrayo os días que se encontraba en Santiago e con el conversabamos deica pasar a media noite. A eses días Sebastián chamáballes xornadas especiales; pero o cotián era o Seminario, á tertulia podía faltar, pero non faltaba nunca ó Seminario onde sempre facía algo. Tamén facíamos algunha visita a Camilo Díaz e algún que outro día había animada conversa nun departamento do Seminrio onde estaban Carlos Villar, Aquilino Iglesias Alvariño, Carballo Calero, Francisco Fernández Del Riego, Manuel Cabada Vázquez, Xesús Ferro e algún outro que por unhas ou por outras razóns viñan ó Seminario.

En Santiago viveu na pousada da rúa das Rodas e despóis na Rúa do Preguntoiro, no núm. 17, eiquí durante toda a carreira. Despóis na Fonte de San Miguel, 2 e na Plazuela de San Agustín. En setiembre do ano 29

deciame: "Pousada fai falla, e que sexa decentiña e baratiña; ten de vir con nós Paco Gastañaduy, confiado á miña experencia e virtude". As verbas derradeiras están por el surraiadas polo evidente tono de broma que encerran, un rasgo claro do seu bo humor. Os últimos tempos que pasóu en Santiago botounos coa súa familia nunha casa do Camiño Novo.

Na súa inquietude política non había máis que o intrés pola súa terra, moi amigo do orden e de que as cousas se levasen por camiños sin andar a saltos de ningún xénero. Un día, cerrada a Universidade, falouse de que os rapaces querían que se lles dera clase como pasara no Doutorado. Sebastián decía: "Pola miña parte coidei aceptar si a invitación proviña dos alumnos, e rechazar ou mellor excusarme si viña da F.U.E.". Non deixaba de lembrar nunca ûnha famosa reunión celebrada nun baixo da calle de San Antonio, no que debía ser Círculo Republicano, con motivo de conmemorar a proclamación da República o 11 de febreiro. En Santiago foi Concellal sendo alcalde Anxel Casal o propietario de "Editorial Nós", establecida primeiro na Coruña e despóis en Santiago na Rúa do Villar. Curtiño foi o seu mandato pois ó comenzar a guerra fixéronse novas corporacións municipales.

A marcha pra Puerto Rico

A pouco de comenzar a guerra civil quedóu moi claro que iba durar bastante a contenda e unha chea de razóns, familiares e académicas, aconsellaron a Sebastián un viaxe a Puerto Rico. Nada máis que un viaxe, xa se sabe que un pouco sosegado, pero ó fin e remate o que pensaba Sebastián era un viaxe a Puerto Rico, que viña moi ben pra un profesor que terá logo que facer oposicións a cátedras. Era como unha pensión ó estranxeiro que lle pagaba a súa familia. A longa travesía marítima daría lugar a moi belidas tardes de Compostela pra disfrutar logo do retorno Iba ver universidades de fama e maestros de gran categoría; era esto un cálculo de méritos que pensaba conquerir no tempo que durase a súa estancia en América e botalos sinxelamente na súa hora diante do sesudo tribunal de cátedras.

A guerra levóu tres anos, e cando rematóu xa estaban encarriladas outras inquitudes de Sebastián no Novo Mundo. Algunha vez había de falarme do seu vivir na sosegada paz isleña; era, pensando ben, un sono do que despertas e sigues soñando.

Nos primeiros momentos en Puerto Rico explicóu uns cursos especiales de Arte e Arqueoloxía que foron seguidos con moito intrés polos estudantes. Na Universidade pronuncióu conferencias sobre "Arquitectura Barroca", no Círculo Cultural de Maestros de Español de Ponce, sobre "Compostela: Santuario medieval", na Escola Superior de Santurce, sobre "El Santiago de la Casa de la Troya", en Pro Bellas Artes de Mayagüez, sobre "Temas de Pintura Española". Para o Ateneo Puertorriqueño diotóu un cursillo sobre "El Preciosismo Arquitectónico en la España del siglo XVI"; "El Barroco español en la Arquitectura"; "Dominico Greco" y "Goya" frente a su época". E para a Asociación de Mulleres Graduadas da Universidade de Puerto Rico, con ocasión da exposición de Cristóbal Ruiz, deu dúas leicións sobre "La pintura de Velázquez" e a segunda "La pintura española del siglo XIX". Na crónica que se publicóu no xornal de Puerto Rico, "La Democracia" do 9 de septiembre de 1939 baixo o título: "El Dr. Don Sebastián González García, de la Universidad de Santiago de Compostela, dicta cursos en la Universidad de Puerto Rico", despóis de

relatar os feitos do desenrolo das conferencias, engade: "Todas estas conferencias participaron de aquellas mismas cualidades que señalábamos en los trabajos de investigación histórica y de arte del Sr. González García, relevadas además por su palabra fácil y amenísima que no excluye la precisión del dato, ni el rigor de exposición, ni la más auténtica honradez intelectual. Las constantes alusiones a la historia de España, a su folklore y sus costumbres, que el autor conoce minuciosamente, prestaron al desarrollo de estos temas la necesaria atmósfera sin la cual el hecho humano y el hecho artístico quedarían desvinculados de su ambiente".

Durante o curso 1939-1940 explicóu un curso de "Historia General del Arte Europeo desde la Prehistoria hasta nuestros días. Primer semestre: Historia del Arte desde la Prehistoria hasta el Gótico final. Segundo semestre: Renacimento, Barroco, el Arte Romántico y el Arte Contemporáneo".

Cando se anuncióu o curso dixo o cronista: "La Universidad de Puerto Rico se honra con la presencia del Dr. González García en su cátedra y siente honda satisfacción al ofrecer su curso de Historia General del Arte Europeo a los estudiantes y al pueblo puertorriqueño".

O goberno da Universidade de Puerto Rico deuse moi ben conta do que valía o novo profesor e por eso abríronlle de par en par as portas, polas que entróu como o que era, un concienzudo profesor, un intelectual sin fatuismo nin vanidade.

Non sería soio a terra americana a que iba gañando as inquedanzas de Sebastián, foron tamén as xentes, entre as que hai que contar unha rapaza garimosa, de porte serio e sinxelos modales, de moi donosa compostura e altamente fermosa, que despóis de algún tempo sería a súa dona: Doña Manuela Lamela Fernández, descendente de xentes pontevedresas que tiñan emigrado á isla.

Agora os seus amores están en Río Piedras, na isla, nos estudantes, na familia e quedan como un profundo sono que adormenta pasadás ilusións a súa galeguidade, agora soliña de unha a outra banda do mar, unha vivencia que trai aquelas horas do café de Madrid con Ben-Cho-Sey, Suárez Couto, Penzol, Cortón e as reformas do Seminario, as excavacións e toda a sua actividade que facía pouco desenrolara tan brillantemente en Galicia, na sua terra. Cando lle mandéi a Historia da Universidade de Santiago, en tres tomos, envioume un Calendario da sua universide no que escribeo: "Gracias tres veces, una por volumen, por la Historia de la Universidad que leo y releo sin cansancio porque con ello renazco a días de esperanzas e ilusiones". Ilusións e recantos da terra que tanto quixo terían sempre vida no seu vivir, mais ningún deses recantos minguaba nin interrumpía a sua labor e o seu afecto á noble terra portorricense, e á Facultade e Universidade que con tanto cariño servía; boa proba é ler a dedicatoria que me puxo no Calendario de 1949. "Querido Antoniño: Dende esta Universidade, *miña Universidade,* unha lembranza chea de saudade e moitos éisitos neste ano que empeza. Sebastián". Debo aclarar que o surraiado é de Sebastián. Desde o punto de vista dun universitario vale a pena considerar ese posesivo, razón máis que fundamental que valora o enraizamento dun profesor na Universidade onde ensina, onde vive entregado á sua labor sin ridículas pedanterías. Digamos tamén que Sebastián foi ben recibido e moi ben comprendido, por iso o consideraron seu. O Dr. Jorge Enjuto, Decano de Humanidades, nun brillante homaxe póstumo que lle adicaron na Universidade de Puerto Rico, declara que quere "dar testimonio —dice— del mensaje que a muchos de nosotros dejó don Sebastián, nuestro don Sebastián". Así é: Amor con amor se paga.

Pode preguntar calquera, ¿qué fixo don Sebastián en Puerto Rico? A resposta é moi sinxela, e ó mesmo tempo moi clara. Empezóu explicando uns cursillos de Arte, foi incorporado como Profesor ó claustro Universitario, foi Decano de Humanidades, Decano de Estudios, Rector interino e Senador Vitalicio.

Foi o primeiro Decano de Humanidades e dirixeu a Facultade durante 20 anos. A Reforma Universitaria, por iniciativa e baixo a direición do Rector Dr. Jaime Benítez, crea esta nova Facultade que o primeiro Decano goberna, e pra que se comprenda todo o alcance que ten esta nova seizón, Sebastián explicará a todos que son as Humanidades.

"Nueva rama facultativa, dice don Sebastián, que con nombres distintos se encuentra en todas las Universidades, viejas y nuevas, llamándose Facultad de Letras, o de Filosofía, o de Filosofía y Letras, o como entre nosotros de Humanidades, nombre bien poco expresivo para la generalidad de las gentes. Y digo poco expresivo, porque la confusión en lo que significamos es muy frecuente. Y hay quien cree que este apellido académico quiere decir corazón grande y abierto, comprensión y entendimiento de lo humano en sus pasiones y emociones. Es decir, una especie de academización del típico. ¡Ay bendito! Y en otros las interpretaciones resultan todavía más extrañas y disparatadas, tantas y tan diversas, cómicas y trágicas, candorosas o resabidas que mejor es ignorarlas.

"A riesgo de repetir lo que muchos saben y algunos han olvidado, por Humanidades se ha entendido siempre en el campo académico el significado y la valoración de la obra del hombre en las letras, las artes y el pensamiento."

"La Humanidades de hoy —explica máis adiante concretándose á súa Facultade—, han llevado a plano secundario los estudios de lenguas clásicas —el griego y el latín—, han dejado también a la orilla del camino la grandiosa literatura de la antigüedad, y en cambio se han resaltado, y siguen relativamente sobreestimadas, las letras modernas, las lenguas y las literaturas nacionales."

Con un amplo concepto humanista, concepto novo revitalizado a cotío, leva á sua Facultade, Teatro, Coro, Pintura, como valores estéticos en dinámica proieición da Universidade a tódolos pobos da Isla.

"El Teatro —comenta don Sebastián—, oficio inferior de juglares o ministriles, ejercido por gentes de dudosa reputación social en el pasado, ajeno a las aulas como disciplina propia de programas universitarios y no como ocasional motivo de diversión o recreo, figura ahora entre nuestros estudios y es cauce oficial para quienes sientan su vocación. Y lo mismo podría decirse de la Pintura o de la Música, cuya consideración y rango académico fueron en otros tiempos bien sospechosos, como al parecer se comprueba por una abundante literatura de ponderados y sesudos tratados llenos de eruditas citas de autoridades en materia divina y humana.

"La novedad de incorporación de estas Bellas Artes, prestan a nuestra Universidad un aspecto muy peculiar, acaso bajo un punto de vista estrictamente académico un tanto heterodoxo, dotado de un poder expansivo que rebasa el marco del salón de clase para verterse en la calle y entre el pueblo, donde están sus raíces. Ejemplos de estas proyecciones en públicos no universitarios, son el Coro de la Universidad de Puerto Rico, generosamente prodigado en ciudades y campos de la Isla; el Teatro Universitario y su variación móvil, el Teatro rodante, esfuerzos loables por llevar al pueblo un trasunto de la vida universitaria; la Sala de Exposi-

ciones abierta a pintores y escultores de dentro y de fuera de Puerto Rico, libre su entrada para todos y ejemplo a seguirse en las ciudades de la Isla.

"Estas actividades no académicas, pero sí universitarias, quiere decirse propias de universitarios que actúan al margen de sus programas de estudio, no buscan sino despertar fuera de la Universidad un interés, un afán de emulación y de competencia que a la larga multiplique las agrupaciones corales, los cuadros dramáticos y las salas de arte en todos los rincones del país. El día que la tradicional rivalidad entre Ponce y San Juan, además de medirse en *teams de baseball*, se refleje en polémica sobre los relativos méritos de sus grupos corales, este esfuerzo de precursores, que tal significa la obra de la Universidad en estos momentos, habrá dado los frutos ahora deseados."

Moitos outros motivos de traballo, investigación, excavacións, pensións ó estranxeiro, a formación do Museo Universitario e outras moitas cousas vivas da autualidade realista, dentro de outos e sanos ideales, foron nobl ocupación e parte da constante inquietude dunha concienzuda entrega á Universidade e ós universitarios. Nunha entrevista de J. A. Irurozqui publicada no "Mundo" de Puerto Rico, o periodista senta denantes de comenzar as preguntas que "su labor ha sido y es fecunda, pues vuelca el entusiasmo y, a la manera más grata, enseña, infundiendo confianza y aliento".

Casi desde a chegada a Puerto Rico intresouse pola sua historia, quería saber o pasado da Isla, e pra saber, buscóu e rebuscóu en revistas, coleicións de xornales e nos Archivos. Ninguén millor pra informarnos destes momentos que o propio Rector da Universidade, Dr. Jaime Benítez: "Su primer año en Puerto Rico lo pasó don Sebastián familiarizándose con la historia del país, leyendo todas las colecciones de revistas y periódicos asequibles, y con aquel afecto suyo de las cosas pasadas buscando los antecedentes de nuestra realidad inmediata. Así solía ocurrir que en la tertulia Sebastián aportara referencias olvidadas de retratos del *Puerto Rico Ilustrado*, de 1916, de crónicas y caricaturas del *Tiempo* o del *País*, o *La Democracia*, de comienzos de siglo. Años después sobre el San Juan del siglo XVI, sobre los gobernadores del siglo XVII, sobre una comida de gala en Fortáleza hace doscientos años y sobre el estado de nuestros archivos en Sevilla y Madrid".

Os seus afáns levárono á creación do Seminario de Historia de Puerto Rico "iniciado en la modesta tarea de clasificar, registrar y acumular los materiales para una historia que está por hacerse. Labor paciente de años, ingrata, sin relumbrón de nombre y gloria, pero base absolutamente necesaria para que en el futuro se pueda trabajar sin los titubeos o tropiezos con que hasta la fecha se ha trabajado en la Historia de Puerto Rico". Esto foi o que dixo o propio don Sebastián pra explicar unha labor tan intresante. Non se escapará a ninguén o paralelismo co seu antiguo Seminario de Estudos Galegos onde se traballaba, guiados por el, na recolleita de materiales con esa pacencia que fai falla, prescindindo da presuntuosa nombradía. O acerto de todas estas preocupacións levouno a figurar na "Comisión Nacional Organizadora del Tercer Congreso Histórico-Municipal Interamericano", celebrado en San Juan de Puerto Rico en abril do 1948.

Profesor ameno na exposición e de moi claros xuicios, pronuncióu unha serie de conferencias nas aulas universitarias e nos salóns das Sociedades culturales da Isla. Unha de esas conferencias foi pronunciada o día 15 de abril do 1948, con motivo do Terceiro Congreso de Historia Municipal

en atención a ser inaugurada a Sala de Pinturas na Universidade de Puerto Rico. Había unha gran Exposición onde figuraban cadros dos pintores portorriqueños do século XIX. Outra vez, e tamén relacionado coa pintura, foi Dali tema da sua disertación denantes de ser contemplados na Universidade os cadros que compoñen a famosa "Trilogía del Desierto". Sebastián lembróu primeiramente ó home, fácil do conocer en calquer sitio polos bigotes de forquilla, "bigotes de una irrealidad más grande que si fuesen postizos, enormes, engomados, partidos al medio y retorcidos hacia arriba". Logo ó arte e ó artista. No Ateneo deu varias leicións sobre a pintura de José Campeche e a evocación do medio e da época en que viveo o pintor puertorriqueño ó que sin duda pensaba adicar unha monografía e con quen vai ficar xunguido nunha triste coincidencia, a de morrer na casa onde nacera.

Publicóu moitos artigos en revistas e xornales e un intresante traballo tidoado: "La juventud del Padre Rufo" pró que recolleo os datos que se atopan no arquivo da Universidade de Santiago e completóu con moitas notas da Isla. Ten separata do númaro 4 da Revista "Extramuros" do ano 1963. Unha vegada máis lembramos a sua queixa e censura de sí mesmo por non ter feito máis cousas, por non ter publicado máis traballos, pero, non podía ser porque Sebastián non traballaba pra el, máis que nos tempiños perdidos; traballóu sempre sin descansar pra os demáis.

Na sua labourra universitaria entraba a organizacion de cursos especiales, ciclos de conferencias, excursións de profesores e alumnos con calendario de traballo repartido polas ciudades que visitaban; ésta era outra das preocupacións que resolvía matemáticamente.

Afincado nas terras americanas non veu Sebastián a España deica o ano 1954; eiquí descansóu e disfrutóu a ledicia da compaña familiar e a dos amigos. Volveo no ano 1960. Das duas veces estivo un ano enteiro, e dous meses en 1964. A última vez en 1967 viña soio por un mes e non puido volver máis. Cando viña botaba tempadas en Madrid e pasaba os días nos arquivos onde se sentía feliz descubrindo documentos intresantes, principalmente prá historia de Pontevedra, pasión que durmiñaba pero endexamáis se perdía. Parte dese material escudriñado en Madrid ou nos arquivos da propia Pontevedra, sirveulle prá os traballos publicados no Museo: "Casa de las Cinco Calles". Museo de Pontevedra, T. XIII, páxina 247; "El Arciprestazgo de Morrazo. Nombres de las Parroquias"; "Península de Morrazo (Pontevedra). Advocaciones de las parroquias". Museo, T. XIII, páx. 253. Pontevedra 1959. "El Conde de Gondomar y los Nodales". T. XV, páx. 65. Pontevedra 1961. "Pontevedra a fines del siglo XVI. Tres dibujos desconocidos". Pontevedra 1965. Tamén arrecadóu notas pró traballo de San Clemente que quedóu inédito e que pensamos que algunha entidade o poida publicar; de non ser así, farémolo os amigos como homaxe á lealtade dun home que endexamáis quixo recibir homaxes.

Na vida de Sebastián hai unha aurora sosegada que se cambia coa alteración da paz en España; son as horas de incertidume que o levan a Puerto Rico e alí queda, e alí terá ocasión de convivir con outros españoles que, o mesmo que el, escolleron a terra insular pra vivir e pra morrer, como Juan Ramón e Federico de Onís, entre outros moitos. Recordamos agora unha das derradeiras intervencións académicas, que lembramos por ir relacionada con Onís. Con motivo de colocar unha lápida na sepultura de don Federico de Onís, Sebastián pronuncióu un pequeno discurso que nos dá un certo estremecimento porque nos parece en moitos párrafos que se trata del mesmo: "Es ocasión, —di no Cementerio de San Juan—,

para expresar a Harriet y Juan de Onís nuestras gracias, las de los amigos aquí reunidos y las de los discípulos, amigos y admiradores de don Federico, por tanto que el nos dió.

"A todos, en la medida de frecuencia de su trato, de la proximidad de su relación, nos dejó algo, que se percibe cuando sin darnos cuenta lo imitamos en un gesto o en una palabra, en la rotundidad de una afirmación o de una negación, o porque en el diálogo subimos el tono de la voz y también por coincidir o discrepar de su personal manera de hacer o pensar."

"Y este legado fue posible porque hasta su muerte el viejo maestro se mantuvo como en los días que en Salamanca era discípulo de Unamuno o en Madrid de Menéndez Pidal, o en Oviedo joven profesor: un mozo lleno de vigor, de entusiasmo y de apasionadas convicciones."

"A todos nos dio seguridad y confianza en nosotros, porque con los dos años, y más aquí, en Puerto Rico, don Federico, sin dejar de ser don Federico, pasó a encarnar en su persona al hombre español. Un español leyenda: recio, aún hosco, tajante, leal, el ademán suelto, la voz tonante, y detrás de esta auténtica fachada, la sensibilidad y la ternura que todos, más de una vez, hemos visto asomar en sus ojos o hemos notado en el quiebro de su voz cuando oía cantar o el mismo cantaba algún ejemplo de la música, que conocía como nadie, de cualquiera de las tierras españolas, de las de América y de las Españas."

"Era un castellano que en 50 años de América no perdió ni uno solo de los rasgos de su estirpe y por español ganó conciencia de sentirse en propia tierra y con su propia gente a donde quiera que acudiese, en Cuba, en Méjico, en la Argentina, en Chile, en Puerto Rico, elegido para su eterno descanso por estar adentro en su corazón."

"Frente a esta tumba tedremos que venir a rezar y a meditar cuando sintamos la angustia de la duda de lo que somos, cuando nuestro ancestral modo de ser se sacuda por la fuerza de ajenas corrientes."

"Y bien sé que al dejar este rincón del evocador cementerio de San Juan regresaremos a nuestro mundo de todos los días llevándonos algo de la reciedumbre y de la ternura de don Federico de Onís, sintiéndonos, nosotros mismos, españoles de todas las Españas y de todo el mundo."

Quen conoceo a don Sebastián González e lea canto acabamos de trascribir, sabe perfectamente que con variar os anos e o nome teremos ben sinalada a firme personalidade súa, co seu falar, o seu ademán, un xesto, o seu acento clásico, inconfundible, a sua bondade, todo unha maneira de ser que vai decorrendo con maxistral exemplaridade.

Jaime Benítez, o ilustre Rector, tantas veces citado eiquí, no Homenaxe póstumo ó profesor falecido, e co tíduo: "Sebastián González García. Su huella en la Universidad", fai unha lembranza de emocionado recordo do amigo, moi amigo, e do profesor, do gran profesor que foi da sua Universidade. Busca unha comparanza coa simpática figura do Padre Rufo, estudiada con tanto cariño por Sebastián. "Don Sebastián y el Padre Rufo, a cien años de distancia el uno del otro, fueron profesores gallegos, doctorados ambos en la Universidad de Santiago de Compostela, donde también iniciaron su carrera docente. De allí salieron por causas de guerras civiles españolas para buscar y para encontrar en Puerto Rico una segunda morada entrañable. Aquí se hicieron puertorriqueños en el trance de servir con excepcional denuedo por el término de sus vidas a la educación de nuestras juventudes".

Confeso que tiven durante bastante tempo a espranza de que inda viñese á Universidade de Santiago, anque non fora máis que pra facer algún curso monográfico. Despóis das conversas que tivemos no seu primeiro viaxe finaron todas esas espranzas. Os problemas que tiña ó seu redor habían gañado os seus azos e do pasado non quedaba máis que un recordo.

Pode ser que alguén fique un pouco intrigado por non saber cómo foi nomeado Decano de Humanidades na Universidade de Puerto Rico este xoven profesor español, procedente da Universidade de Santiago. Pra sabelo non temos máis que escoitar o que nos di o Rector de aquela Universidade: "Cuando en 1943 llegó el momento de nombrar a nuestro primer Decano de Humanidades, el asunto no planteó problema. Verdad es que se trataba de una persona recientemente incorporada al claustro, sin experiencia administrativa alguna, indiferente para las cargas y usos de la vida burocrática. Poseía en cambio condiciones espirituales y académicas, cuya primacía considerábamos indispensable destacar. Era una persona con vocación universitaria genuina. Le gustaba estudiar y le gustaba aprender. En este deleite del derecho y del revés de la docencia había una libertad de corazón y un interés por buscar el conocimiento y por disfrutar la belleza, primero en soledad y luego en compañía, que le calificaba excepcionalmente para la función de *primus inter pares,* en la dirección de las Humanidades y más adelante en el Decanato de Estudios".

"En estas tareas sacudió de su ánimo toda preocupación de sí mismo. Cuando empezó a jadearle el corazón, redobló el aliento de su espíritu. Todos somos deudores de aquella generosidad suya...los estudiantes acostumbrados a nuestro tono de voz suave, pastoso, desdibujado, percibían resonancias imperiales en la enunciación tajante, áspera, precisa del profesor de Galicia. Le sorprendía luego el contraste entre el tono de voz y la ternura espiritual de aquel abogado de las causas perdidas para quien era siempre más importante el alumno que tenía delante que el catálogo que tenía sobre el escritorio."

A estimación é unha conquista e don Sebastián facía esta conquista estimativa con todos, sempre, con sinxelos decires, con franca e humana comprensión. O di con toda precisión un dos seus antiguos alumnos, don José R. de la Torre, no *Mundo,* xornal puertorriqueño do día 10 de agosto de 1967: "Don Sebastián era el Decano que hablaba con los estudiantes". Así le conocí yo siendo estudiante. Lo deteníamos en la calle, en el cine, en el teatro, en cualquier pasillo de la Universidad, y nos atendía. Su oficina, ¡que oficina!, el mismo con su sonrisa abierta y gestos amplios nos decía que se la habíamos convertido en "plaza pública", tanto por el alboroto como por estar discutiendo, si "el ser es o no es"...a viva voz y como si en ello nos fuera nuestra reputación de estudiantes intelectuales. Lo de menos era, naturalmente, la metafísica.

"Por su privado desfilábamos todos... Eso sí, después de cumplir con el protocolo. Este consistía en dar dos golpes en la puerta, abrirla sin más, asomar la cabeza y empezar a hablar. Así, todos: estudiantes que le consultábamos sobre problemas de Historia del Arte y de economía, sobre todo de esto último —la nuestra que siempre estaba en crisis—; profesores, administradores, secretarias, conserjes. (Nunca olvidaré el día que llegué y me leyó los trozos que creía mejores de los poemas de un conserje cuyo nombre no mencionó nunca)."

Pensamos agora nos versos de Piteira ou de Manuel, os dous porteiros e tan amigos de falar en verso, e o primeiro autor de un libro de aleluyas. Manuel usaba os pareados e algunha que outra vez falaba en tagalo

que adeprendera en Filipinas sendo soldado. Tamén lembramos e lembrarán moitos conmigo, o despacho de Pontevedra, o despacho da calle de Andrés Muruáis, onde tamén se entraba coa fórmula da chamada e se discutía, e discutíase algunha vez hasta de Metafísica. Quizáis pra calmar algunha desas discusións decíame un día: "Regaleille a Brey un libro de Metafísica e teño outro igual reservado pra tí".

Nos viaxes a España Sebastián traía á sua dona e ós tres fillos: Sebastián, Juan Manuel e María del Pilar. No último viaxe, o fillo maor quedóu en Puerto Rico, viñeron soio os dous máis novos. Penso que o tres de agosto entróu na Biblioteca do Instituto Padre Sarmiento, herdeiro do antigo Seminario. Alí falamos un instantiño. Contoume que era Senador Vitalicio "e fun nombrado por abrumadora maioría", díxome pra saír ó camiño dos meus enredos. Concertamos pra pasados poucos días unha longa entrevista, esta vez sería na nosa casa, en Insuela, pra recordar moi vellos e xa lonxanos tempos dos nosos estudios. Non se puido celebrar. O día cinco do mesmo mes, pola mañán, don Felipe Cordero Carrete, gran amigo dos dous, doume a tristísima noticia da súa morte, que ocurrira aquela madrugada na mesma casa, agora transformada en Hotel, onde nacera, na pontevedresa calle da Peregrina; coincidencia co pasamento do pintor que estudiara con gran cariño, o portorriqueño José Campeche, que tivo lugar tamén na casa onde nacera. Quedóu trunchada unha vida que inda tiña moitos anos pra traballar, pra guiar ós universitarios co fin de adequerir a centeza de que a sua xuventude ó abandonar as aulas levase consigo, "no la fórmula mágica, que no la poseemos, para abrirse paso en la vida, sino la certidumbre de que su mocedad universitaria les ha servido para aprender a aprender".

Con profunda emoción rezamos á sua beira e fomos hasta o cementerio de San Mauro, onde foi sepultado xunto dos seus familiares. Cando saliamos do Cementerio sabiamos que quedaba alí, sin vida, un home extraordinario, que nunca quixo figurar de relumbrón, un gran mestre e un gran amigo, amante da sua terra e da sua ciudade de Pontevedra, prás que soñóu con profunda ilusión a fertuna de máis outos valores que poidan rexistrar as páxinas da historia. Exemplo perenne de compañeiro que gastóu a sua vida, o seu corazón, repartindo bondade con tan xeneroso desprendimento que tamén nesto é mestre prás xeneracións que nos sucedan.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
Santiago

A LENDA DO GRAAL

Como os demáis romances hispánicos, o galego-portugués incorporóu á súa literatura a historia da demanda do Graal. A creencia nunha vinculación especiâl do Graal a Galicia é moderna. Dende logo hai unha tradición antiga, anque posterior a Chrétien de Troyes, que sitúa en España o castelo do Graal. A súa localización en Galicia fúndase no miragre do Cebreiro —que é o miragre de Bolsena— e no privilexio de esposición permanente do Santísimo Sacramento na catedral de Lugo. Aceita esta localización Cabanillas, na súa saga *O cabaleiro do Sant Grial.* Para outros, o castelo do Graal está en Baviera, ou en Francia, ou noutras terras. Naturalmente, o castelo do Graal está nunha xeografía fantástica; pero para Chrétien de Troyes ese castelo, que aparez ora cheo de xente e ora valeiro de habitantes, ergue en Gales as súas torres cando nel durme unha noite Perceval. De todos xeitos, se esta revista ten por nome *Grial,* é porque se pensóu nunha relación do Graal (ou Grial) con Galicia, ou se creéu relacionabre co Graal por entenderse que a lenda do Graal era unha lenda celta.

Non semella esto esacto, como o leitor pode ver no estudo *La leyenda del Graal,* de Martín de Riquer [1]. Secomasí, hoxe en Galicia, e sobre todo na revista *Grial,* ten que ser ben vida toda información que ao Graal se refira.

No número 2 desta revista pubricóuse unha "Noticia do Grial". ¿É *Grial* tiduo escolleito para unha revista galega polo que poda ter de labio celta? Suporía esa escolla dúas cousas: o celtismo de Galicia e o celtismo do Graal. Ambas admitidas sen discusión por moitos antre nós durante moito tempo. Como é sabido, toda a Europa ocidental foi nun determinado intre da protohistoria máis ou menos celtizada. O pobo celta poseía unha nova arma, a espada de ferro, armado da cal irrompéu no oucidente europeo. A meseta castelá foi dominada polos celtas, e celtas eran os numantinos. En Galicia foron probablemente pouco numerosos, como o espresa o nome de Céltigos, que na nosa toponimia semella indicar grupos isolados sobre un fondo precelta. Pero a escola de Murguía opuxo celtas a iberos como galegos a casteláns, e fixo do suposto celtismo de Galicia un rasgo caracterizador do galego.

Cuevillas xa se nos presenta liberado do prexuicio celtista. As relacións de Galicia coa Armórica e a Bretaña son anteriores á presencia dos celtas nesas terras. Son os oestrymnios, seguramente mediterráneos, o sustrato fundamental do pobo galego, e os celtas uns dominadores estranxeiros, como logo o foron os románs. É posibre que Pondal, inda que astur por liñaxe paterno, estivera convencido de ser celta. Pero moitos dos seus seguidores, cantores do mítico Breogán, eran de certo máis oestrymnios que celtas, e máis afíns aos iberos que aos celtas, xa que logo.

---

[1] MARTIN DE RIQUER, *La leyenda del Graal y temas épicos medievales,* Madrid, 1968.

A historia da cultura está chea de confusión. A *matiére de Bretagne* é unha elaboración literaria francoxermánica, construida, ao sumo, sobre informes ou fragmentarias tradicións galesas, inda éstas mesmas máis eruditas que folclóricas. E se o Rei Artur e a súa corte representan unha versión pazá de algunha tradición británica, a historia do Graal é allea nas súas orixes ao mundo artúrico, e non hai tradición celta á que poda lexitimamente remontarse. O artúrico é producto da cultura cabaleiresca, mentras que a historia do Graal é producto da cultura eclesiástica. Polo demáis, o *graálico* ten sido moi reelaborado. Na forma definitiva como a lenda se espallóu pola literatura europea medieval, é unha espresión da mística cristiana que non garda relación co paganismo celta.

A primeira documentación da lenda do Graal atopámola en Chrétien de Troyes, que semella ser o seu creador, anque se refire a un libro sobre o que traballaría, e que lle tería dado Felipe de Flandes. Pero ao morrer Chrétien sen concluir a súa obra, *Li contes del Graal,* o motivo caéu en mans de continuadores que, iñorantes do pensamento de Chrétien, lle deron o xiro que tomóu definitivamente ao traveso das diversas elaboracións da historia, representada en galego-portugués pola *Demanda do Santo Graal* e demáis testos en prosa, que son traducións do francés.

En Chrétien de Troyes o Graal é unha sorte de prato, que pode conter alimentos, como peixes: *Mes ne cuidez pas que il et Luz ne lamproies ne saumon.* A verba atópase coa mesma siñificación, e función enteiramente profana, en testos franceses anteriores a *Li contes del Graal,* e con distintas variantes é voz viva en numerosas falas dos dominios francés, provenzal e catalán. Non se ve en Chrétien indicio algún que apunte á copa de Xosé de Arimatea, que tería recollido o sangue do costado de Cristo ferido pola lanza de Lonxinos, e mesmo tería servido con anterioridade para a consagración do viño na Derradeira Cea. O profesor Martín de Riquer, no seu citado estudo, prantea o problema relativo á siñificación que tiña para Chrétien a procesión do Graal, que Perceval presencia silandeiro no castelo do Rei Pescador. Está na deriva natural dos acontecimentos narrados, que Perceval voltara ao castelo, curase as eivas do Rei doente e lle devolvera o señorío das súas terras. O profesor Riquer con toda cautela, aventura a hipótese de que Perceval representa ao conde Felipe de Flandes, curmán de Balduino IV, o Gafo, rei de Xerusalén. Felipe, que estivera en Terra Santa en 1177-78, fora recibido por Balduino como un salvador do reino, inda que as súas esperanzas non se realizaran. Chrétien, que adica a Felipe o seu *roman,* pretendería escitalo a facer unha nova espedición a Xerusalén, simbolizada no castelo do Graal, para salvar ao reino da destrucción con que o ameazaban os turcos seliúcidas. Felipe volvéu a Terra Santa en 1190, como participante da Terceira Cruzada, e alí morréu ao ano seguinte. Con anterioridade a 1190 tería morto Chrétien, deixando o seu *roman* interrumpido.

R. C. C.

A POESÍA AFRICANA MODERNA

A carón da literatura oral e tradicionalista, tense desenrolado nas derradeiras décadas na África todo un movemento moderno, escrito principalmente en francés, inglés e portugués, as línguas das meirandes potencias colonialistas no continente, e que despóis da liberación siguen sendo as falas oficiás dos novos estados independentes. Novelas, obras de teatro, contos ou poemas que tratan os conflictos do home na civilización de arestora ou nos seus choques coas formas de vida antergas, ou ben, as súas saudades do orde esistente denantes da chegada dos europeos e as inxusticias do réxime colonial.

Dende fins do século XIX tiña xurdido, en rexiós como a África do Sul, unha literatura escrita por africanos nos idiomas da metrópoli; pero as obras desas primeiras xeneraciós de "asimilados" eran, en grande parte, calco dos modelos europeos. Só a partir da Segunda Guerra Mundial e como consecuencia dos fondos cambios económicos e políticos que tiveron lugar no mundo, xurde o primeiro movemento literario de importancia, que rompe cos moldes oicidentás e guinda o grande berro de rebeldía do Negro pra recuperar os seus valores culturás perdidos.

A traveso da *Negritude*, movemento esencialmente poético, e que atinguíu os seus maores seguidores nos antigos territorios dominados por Francia, irrompiron no mundo literario dos nosos días as primeiras figuras africanas como Leopold Sedar Senghor, Jean Joseph Rabearivelo, Jacques Rabemananjara, David Diop, Bernard Dadié e moitos outros.

Os ollos de Europa e máis de América voltáronse cara o continente africano, ademirados diante dese grupo de poetas que se adonaba da língua francesa, e arrequecíaa con xiros e formas novas, pra espresar as súas angurias i esperanzas.

Os poetas da *Negritude* abriron o camiño prás seguintes xeneraciós de escritores africanos. O interés que espertaron no público determinóu que algunhas casas editoras europeas se empeñaran en publicar novas obras i en descobrir novos talentos. Foron os primenros cantores dun mundo que emprincipiaba a se espreguizar.

Si os escritores de espresión francesa déronse a conocer a traveso da poesía —e siguen mantendo dentro da literatura africana a súa hexemonía niste eido— os de espresión inglesa fixérono a traveso da prosa.

A partir do 1946 comezan a se publicar as obras de novelistas e contistas como Peter Abraham, Amos Tutuola, Ezequiel Mphalele, Cyprian Ekwensi e outros, empeñados en revelar as realidás dos seus países, tan diferentes ás posesiós francesas.

Os seguidores da *Negritude* cantábanlle ás antigas culturas, esaltando e idealizando os seus valores pra reafirmar a súa "africanía"; pero os es-

critores de espresión inglesa nados na África Ocidental, tiñan medrado no meio das súas propias culturas tradicionás, ás que a política de Goberno indireito inglés apenas tiña influido nas súas estroiturras, e si naceran na África do Sul, país altamente industrializado, tiñan que se enfrentar ó réxime racista imperante. Istas realidás económicas, políticas, sociás e culturás tan variegadas, determinaron a aparición de dúas tendencias literarias completamente diferentes na forma e máis no contido.

A poesía africana de espresión inglesa emprincipia a se conocer internacionalmente durante os derradeiros sete anos, e pesie a que aínda non acadóu a perfeición téinica e o dominio do idioma da de espresión francesa, xa se deseñan algunhas figuras prometedoras como as dos nixerianos John Pepper Clark, Christophe Okigbo. Wole Soyinka: os ghaneses George Awoonor, William i Efua Sutherland cos seus interesantes esperimentos baseados na poesía tradicional; e o sudafricano Dennis Brutus. Nembargante, sigue sendo na novela e máis no conto onde os africanos de lingua inglesa teñen dado os seus millores froitos.

O illamento no que se manteñen as colonias portuguesas ten impedido un conocemento máis vasto encol do desenrolo da literatura neses territorios, agravado polo feito de que case tódalas obras dos poetas de Angola, Mozambique, San Tomé e Illas de Cabo Verde, atópanse espalladas nos xornaes e revistas locales. Nembargante, unha das poucas obras de consulta esistentes —a escolma de Mario Pinto de Andrade "Poesía africana de espresión portuguesa", publicada en París no 1958— permítenos apreciar o senso e o valor dos poemas de Agostinho Neto, Viriato da Cruz, Noemia de Souza, etc.

Velahí agora unha amostra do meirande poeta da Negritude: Leopold Sedar Senghor. Tidúase "Unha man de luz" (pra flautas):

"Unha man de luz ten acariñado as miñas pálpebras de noite —e a túa sorrisa tense ergueito riba das néboas que aboiaban— monótonas sobre do Congo. —O meu corazón tenlle feito eco ó canto virxinal dos paxaros da alborada. — Como o meu sangue que ritmóu denantes o canto branco da seiva — nas ponlas dos meus brazos — Eis a frol do monte e a estrela nos meus cabelos — e a fita que cinguíu a fronte do pegureiro-atleta. — Recadaréi a flauta que ritma a paz do armentío. — E todo o dia sentado á sombra das túas pestañas, — perto da fonte Fimla. — Fiel, apastaréi os muxidos loiros dos teus rebaños — Porque ista mañán unha man de luz ten acariñado as miñas pálpebras de noite — E durante todo o día, o meu corazón tenlle feito eco ó canto virxinal dos paxaros".

C. B.

LA TRADIZIONE MANOSCRITTA DELLA LIRICA GALEGO-PORTOGHESE, por Giuseppe Tavani [1]

Comeza o seu estudo o profesor Tavani fixando o sistema de siglas que lle parez axeitado para designar os manuscritos da primitiva lírica galego-portuguesa que teñen chegado ate nós. Estas siglas son as seguintes: *A* Cancioneiro da Ajuda; *B*, Cancioneiro Colocci-Brancutti, hoxe tamén chamado da Biblioteca Nacional de Lisboa; *C*, Catálogo de autores feito por Colocci; *M*, Copia do século XVII da tenzón antre Afonso Sánchez e Vasco Martins de Resende da Biblioteca Nacional de Madrid; *P*, Copia da mesma tenzón e do mesmo século da Biblioteca Municipal do Porto; *R*, Pergameo Vindel, hoxe estraviado, coas sete cantigas de amigo de Martín Codax; *V*, Cancioneiro da Biblioteca Vaticana; *V*ª. Os cinco lais de Bretaña tamén contidos en *B*, copiados no século XVI e insertos nun códice vaticán; *E*, Códice j. b. 2 da Biblioteca do Escorial das Cantigas de Santa María; *F*, Códice das Cantigas de Santa María da Biblioteca Nacional de Frorencia; *T*, Códice T. j. 1 do Escorial das mesmas Cantigas; *Tol*, Códice "toledán", hoxe na Biblioteca Nacional de Madrid, da propria coleición mariana.

A tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa resulta moi pobre en comparanza coa da lírica occitánica, oitánica, sículo-toscana ou catalana paralelas.

O estudo do profesor Tavani versa sobre a tradición manuscrita da lírica profana, da que son testemuñas *A, B, V, C, M, P, R* e *V*ª. Os tres Cancioneiros, *A, B, V*, están emparentados, e os testos soltos non aportan novedades. Realmente, todo esto acreta unha escola de importación aristocrática que non chegóu a se manter en tradición arraigada. Non só se produxo o abandono cáxeque súpeto das formas e dos temas, senón o progresivo desprazamento do estormento lingüístico dende o galego ao castelán. Así, esprícase a falta de interés por perpetuar mediante copias repetidas unha poesía rápidamente demodada.

As partes comúns de *A, B* e *V*, ou de dúas destas coleicións, e mesmo a táboa colocciana *C*, seguen sustancialmente un mesmo ordre na disposición dos testos. Pero nen *B* pode se derivar de *V*, nen *V* de *B*. Polo tanto, *B* e *V* teñen que proceder dun ascendente común. Mais non poden derivar del inmediatamente. Tavani coloca antre ese ascendente e *B* un elo, e dous antre ese ascendente e *V*. En canto a *C*, representa outro manuscrito que

[1] *Cultura Neolatina, Bolletino dell'Istituto di Filologia Romanza della Universitá di Roma.* Estratto dal fas. 1-2, vol. XXVII (1967).

debe ter un ascendente común, e inmediato, co ascendente común de *B* e *V*. Pero o manuscrito de máis alto nival ate agora suposto, aquel antigrafo común a *C*, *B* e *V*, non pode se identificar con *A*, nen descer del, nen ser o seu ascendente, senón que ha estar ao mesmo nivel de *A*, como derivados ambos dunha única fonte.

O estabelecemento desta xenealoxía é resultado dunha laboriosísima comparanza antre os tres manuscritos *A*, *B*, *V*, e a *Tavola colocciana*, comparanza na que o contido, o ordre e os erros de transcrición, manexados con rigurosa crítica e aguda lóxica, proporcionan as bases do cadro de dependencias e relación que constitúi o precipitado esencial desta estraordinaria indagación do profesor Tavani.

Semellan parellamente asisadas e ateigadas de saber filolóxico as conxeturas relativas á datación dos manuscritos perdidos e postulados como necesarios. O Cancioneiro da Ajuda é considerado como probabremente saido da oficina toledana do Rei Sabio onde se executaron os códices das Cantigas de Santa María.

A continuación estuda o autor cómo se ten constituido a tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa. Ésta coñecéu orixinariamente a transmisión por rolos (*Liederblöter*), testemuñada por *R*, *M* e *P*. Leitores devotos ou mecenas copiaron ou promoveron a copia daqueles rolos en compilacións cuia unidade estaba dada pola autoría común dos testos (*Liederbücher* ou Cancioneiros individuás), polo seu carácter xenérico ou por afindades de tipo social antre os autores (*Liedersammlungen*). Na corte de Alfonso X elaboraríase o arquetipo da tradición documentada, organizándose o contido segundo os tres xéneros principás, i engadíndose posteriormente os conxuntos dos dous grandes poetas reás. Sobre este arquetipo confeicioaríase *A*, que, como os códices das Cantigas de Santa María, emprega o sistema castelán-galego de representación dos fonemas *ñ* e *ll* mediante as consoantes xeminadas. Unha copia do arquetipo, feita xa en Portugal a mediados do século XIV, foi seguida de transcricións catrocentistas nas que se incorporaron testos xa estraños á pura tradición lírica galego-portuguesa; e dous destes apógrafos pasaron de Portugal a Italia dando orixe ás transcricións *B* e *V* executadas polos amanuenses de Colocci.

Ao fío do tema principal son tratadas por Tavani numerosas custións incidentás que arrequentan de modo sobexo o interés do traballo.

É coñecida a reserva da filoloxía italiana verbo do carácter tradicional que a portuguesa e a española asignan ás cantigas de amigo. En Tavani, como en Pellegrini, pois, manifféstase este criterio, que pon baixo caución a hipótese dunha tradición pretrovadoresca estilizada nos Cancioneiros.

Para Tavani, a lingua dos Cancioneiros é unha lingua de base portuguesa mesturada con máis ou menos elementos de procedencia galega. Pero estando en Galicia as raigañas do idioma empregado; sendo galegos todos os grandes xenios poéticos dos Cancioneiros, agás os dous reis Alfonso e Denís; habendo unha brillante escola compostelana de trovadores; e sendo, como di Tavani, a corte do rei de Castela o núcleo inicial de promoción da poesía lírica culta, se non comprende por qué tería de ser portuguesa máis que galega a base desa lingua que era a lingua lírica centro-occidental hispánica. De outra banda, semella prematuro distinguir nela dende fins do XII ou principios do XIII inflesións portuguesas e galegas. Os manuscritos máis recentes, como derivados de copias portuguesas, poden certamente

presentar un carácter aportuguesado na ortografía, e mesmo na morfoloxía; pero fora do dubidosa que é unha distinción temperá nestes aspeitos, ela só se podería manifestar, en todo caso, como resultado da evolución da fisonomía das transcricións, e aduro sería o rexisto dunha realidade lingüística dada no veículo idiomático dos contemporáneos de Fernando III e Alfonso X, para quen, chamárase como se chamara, era unha soa lingua, orixinada ao norde do Miño, a que refrexaban na súa *koiné* literaria.

R. C. C.

EL PROBLEMA DEL DESARROLLO EN LA GALICIA RURAL, por J. M. Beiras [1]

Aínda de tempo en vez érguense en Galicia os sabios de casino, e abraiados polo engado dunha cencia recén descoberta, repiten a vella parvada de que en Galicia sobran poetas e faltan economistas. Polo visto poetas i economistas constituin dúas tropas incompatibles, e pra avanzar no conocemento económico do país haberá que condenar aos poetas á mudez, ao esilio ou á castración mental. A verdade é que en Galicia hai bos poetas —e máis que houbera— e vai habendo tamén economistas que se achegan á nosa problemática cun rigor novo, cunha visión axeitada, na que o amor e a espranza non empecen o análise crarificador. Xosé Manuel Beiras é un deles. Universitario por formación, vocación i estilo, non quere decir esto centífico de gabinete, alonxado da realidade da terra e pecho en divagaciós estériles, senón, moi ao contrario, encarado ca valoración inmediata dos datos, teimudo en percuralos i axustado na súa ordeación eficaz. A súa formación universitaria dalle unha seguridade metodolóxica que raramente teñen os que, economistas improvisados, pérdense en inestricables divagaciós, en distorsiós semánticas pedantescas, en simplificaciós escesivas ou na cega valoración duns datos sobre cuia fiabilidade convén sempre precisar moito.

Encétase o libro cunha esposición do método e os propósitos da obra, que enxerga o autor como un análise, realizado por vía estadística, pra conquerir un índice sintético da evolución da nosa realidade económica. Pero, como señala Beiras, o estudo do noso sector agrario leva aparellado, como tarefa insoslaiable, o análise sociolóxico do mundo rural galego. I é esto, a parte II do libro, o que pra os que non somos técnicos e sentímonos desnortados e inermes diante as ringlas estadísticas presenta máis tema pra meditación. Este apunte sociolóxico non é solo o marco axeitado pra inxerir o desplegue crarificador das estadísticas, senón tamén unha esposición documentada e penetrante da situación, dos tollementos e das posibilidás do noso agro, é decir do ámeto vital dun 60% da poboación galega. "Os datos que imos manexar refírense a unha comunidade humán" empeza por decirnos o autor. Non son pois un xogo técnico, materia pra abstrusas divagaciós, reviravolta pedantesca ou campo pra esperencias arbitristas. Eses números non son unha disposición estética de mañitudes intercambiables. Estas estadísticas que Beiras corrixe, acrara e comenta

[1] **Fundación Penzol. Seminario de Estudios económicos, jurídicos y sociales. Editorial Galaxia. Vigo, 1967.**

amostran "a demolición dunha sociedade labrega", a crise dun sistema socioeconómico no que poderíase atopar aínda muito que salvar. A percura de soluciós á crise endémica da economía galega semella polo de hoxe orientada esclusivamente en beneficio dunha das caras da nosa realidade, a sociedade industrial capitalista, con esquecemento absoluto deste mundo rural galego, maioritario, paralítico e condenado polo visto irremisiblemente á destrucción total, á esterilización de tódolos seus valores, algúns deles potencialmente revolucionarios.

Define Beiras o mundo rural galego como unha sociedade precapitalista con elementos sociales, culturales e históricos superpostos, que a desfiguran ás veces superficialmente, pero sin afectar en fondura a súa realidade radical. É ademáis unha sociedade paralítica á que en troques de buscarlle soluciós aniquiladoras conviría dinamizar pra que desenrolara todas as súas posibilidás, choídas pola inercia retardataria imposta por unha estroitura institucional en desacordo ca súa problemática. Estuda Beiras as caraiterísticas precapitalistas da economía rural galega, o sistema de economía pecha, construído pra satisfacción dunhas necesidades elementales, limitadísimas, e con esquío marxen pra unha comercialización esporádica.

Especialmente interesante é o análise da inhibición ou falla da esprito de empresa, que unha interpretación romántica atribui a raíces étnicas cando en realidade non é mais que o froito da coincidencia de factores sociolóxicos, xeográficos, históricos, é decir modificables. García Sabell mostróunolo no seu estudo exemprar "Encol da fame galega", o primeiro análise que cunha cruel i exemprar lucidez rompe cos restos de mitoloxía romántica que esterilizan en gran parte o estudo da nosa realidade diferenciada.

Observa Beiras que o agro galego presenta acochado un esquema do que é o patrón dunha sociedade en equilibrio ideal. En xérmolo, e paralizadas no seu desenrolo por causas esternas, atópanse instituciós exemprares tolleitas por un encadre de instituciós ríxidas e desaxeitadas. As reflesiós encol das estadísticas de maquinaria agrícola en relación cas necesidades e as técnicas de esplotación, resultan por exempro estraordinariamente acraradoras.

O sistema que sigue Beiras pra o estudo da realidade económica do agro galego lévao a unha crasificación sintética dos elementos retardatarios —o autoconsumo, o minifundismo, as instituciós superpostas e non arraizadas naturalmente no agro. Resulta exemprar por exempro o fracaso dos esquemas cooperativos impostos desde fora, cando a esencia do cooperativismo está no seu arraizamento natural i espontáneo. Estas instituciós artificiales superpostas son causa dun desaxuste que esplica e xustifica o que se ven chamando "manía pleiteante" do galego, víctima en realidade dun cadro legal que non se axusta ao seu contido. Esta tendencia a percurar soluciós xurídicas é mostra dun instintivo senso de respeto á xusticia, e de confianza na posibilidade de solución pacífica e razonada dos conflictos que tal desaxuste provoca. Pero a realidade do noso agro ten tamén aspectos fecundos, aínda que afogados no seu desenrolo potencial. Conta Beiras entre eles as instituciós consuetudinarias que poderían facilitar a formación espontánea de esplotaciós comunitarias ou cooperativas, e a coherencia social, sin graves desaxustes nin desniveles de riqueza escesivos, polo menos hastra o actual desenrolo do capitalismo industrial. A Galicia

rural está formada por comunidades de propietarios mínimos, miserentos ás veces, pero cun senso da propiedade que sólo espera pra revelarse a formación dunha mentalidade comercial e a súa dinamización por instituciós axeitadas.

A terceira parte do libro, seguida dos anexos, está constituída por unha serie de estadísticas que aportan materia pra o estudo do agro galego nos derradeiros coarenta anos. O análise das fontes estadísticas e o cotexo dunhas coas outras pra acadar unha visión o máis fidel posible á realidade, é unha laboura de método asisadamente realizada e que víñase impoñendo como unha necesidade. Este desbrouce na nosa fronda estadística, de tan escasa fiabilidade, é unha das novedades básicas deste estudo exemprar.

O libro resulta pois acrarativo e oportuno cara estudos de conxunto sobre a problemática sociopolítica de Galicia. Agora que estáse a percurar un conocemento acraratorio das peculiaridás diferenciales das diversas comunidades hispánicas —lembremos os traballos de Meliá encol de Mallorca, de Fuster en "Nosaltres els valencians"— traballos como éste de Beiras supoñen un aporte de datos interpretados de importancia verdadeiramente capital. Esperamos agora a pubricación do anunciado traballo encol dos "Factores demográficos del desarrollo económico de Galicia", do mesmo Beiras, no que outro aspecto fundamental da realidade galega pode quedar sustancialmente escrarecido. O traballo de integración e análise de datos, e de crítica das fontes de procedencia, é xa unha laboura urxente realizada, nun intre como éste, no que vivimos unha inflacción de literatura económica pedantesca e irresponsable.

BASILIO LOSADA CASTRO

Á LUS DO CANDIL, por Anxel Fole *

Podemos decir que nestes derradeiros anos foron as reedicións de libros galegos unha das notas máis saintes da nosa vida cultural: Castelao entre os escritores xa mortos, e Fole e máis Cunqueiro entre os dos nosos dias, sin ter en conta as ducias de libros que se levan esgotado nuns poucos anos. Proba ben certa de que o mercado do libro galego é unha realidade e, tamén, de que uns certos autores teñen a preferencia da xente. Dende logo, os escritores galegos máis lidos, verdadeiramente buscados pola xente, son Castelao, Cunqueiro e Fole. Sin dúbida son estes tres os que crearon, ó cabo, o mercado do libro galego. A eles lles debemos o teren creado lectores pra o noso libro, pois moita xente, como é ben sabido, rematóu por ser lector cotián do libro galego despois de ter lido a algún destes escritores. Coido que poucos autores como Cunqueiro trouxeron tanta clientela ó noso libro: moita xente empezóu a lér literatura galega somentes polo feito de que empezóu a lér a Cunqueiro, e por se tratar de Cunqueiro. Despóis deste primeiro encontro coa nosa literatura, eles mesmos foron ampliando as súas lecturas a outros autores. E algo semellante ocurre con Castelao —as edicións de calquera dos seus libros literarios esgótanse ós poucos meses— e tamén con Anxel Fole.

---

* Editorial Galaxia, 2.ª ed. Vigo, 1968.

Á LUS DO CANDIL editóuse en 1953. Dende entón pra acá a literatura galega (a nosa prosa máis ben), foise arrequecendo con novas e, nalgúns casos, estimables aportacións. Naquela data a aparición do libro de Fole siñificaba unha verdadeira novedade, pois dende antes do ano 36 apenas si tiña aparecido entre nós libro algún de prosa galega e, dende logo, ningún de calidade. Na concencia da xente, a literatura galega era poesía galega, e ainda con certas concesións. Un libro de prosa galega, pois, era unha novedade pouco común por aqueles anos, nos que os espléndidos prosistas da xeneración Nos, viñan ser case figuras lonxanas —están hoxe moito máis perto de nós que por entón—, pois os seus libros non se podían atopar nas libreirías e lélos non era moi doado. O libro de Fole foi un verdadeiro acontecemento, como foi dous anos despois o MERLIN E FAMILIA de Cunqueiro, o libro que máis lectores fixo pra a literatura galega dos nosos días. A prosa galega —tan facareña e con tan poucas posibilidás no ambente— contaba con dous verdadeiros prosistas. Fole e Cunqueiro, en moi breves anos, foron os continuadores do labor que tan brilantemente iniciaran Castelao e Otero Pedrayo. Despois deles viñeron todos os demáis. Hoxe, a prosa galega é unha realidade que está ahí, que se impón por sí mesma e con autonomía de seu.

Si por orixinalidade entendemos capacidade creadora —que nisto está a orixinalidade e non en ser eco das voces dos demáis—, a literatura de Fole é de verdadeira orixinalidade. Poucas veces entre nós se deu un escritor máis avencellado co pobo. A tal punto que a literatura de Fole —os contos que conta nos seus dos libros—, é case literatura oral popular. O menos, o tema é sempre popular. Despois, Fole cóntaos —escríbeos— ó seu xeito. Isto é o que levóu a moitos a ter a Fole por un "enxebrista" retrógrado cando o certo é que ahí está xustamente un dos méritos do noso escritor. A prosa deste home sinxelo é un pouco como il mesmo sinxela, natural, sin teatralismo, poderíamos decir que sin "pretensións". Esta falla de teatralismo levóu a moitos a tomar por chata o que non era máis que un mérito, un dos primeiros méritos de Fole: a sua capacidade de interpretar literariamente o seu mundo de arredor. Fole non trouxo novas técnicas —as que nos trouxeron non pasaron diso—, nin chamativas novedás, modas que axiña pasan de moda. A sua prosa é tan equilibrada, tan crara, tan sinxela, case tan medida como a de Castelao. Os dous escritores semellan estar de acordo que pra escribir non fan falla xesticulacións —antes ben, están de máis—, nin argallar certos barullos que si ben poden armar certo rebumbio, non nos deixan nada despois. Nisto, a sua honestidade é ben parella.

Pero o prosista Anxel Fole —un dos clásicos xa da prosa galega— é tamén un creador. Dixemos que un dos seus méritos é a sua capacidade pra interpretar literariamente o seu mundo de arredor. Fole centróu o que poderíamos chamar a sua temática na Galicia rural, é decir, no que en realidade é Galicia hoxe. E ainda dentro desa parcela, centróu a sua atención na montaña e, dentro dela, nas bisbarras do Caurel, que deixóu descritas de xeito maxistral nas páxinas limiares do seu Á LUS DO CANDIL. Fole metéuse de cheo nese mundo que despois reflexaría neste libro que tan boa acollida atopóu na xente. En realidade, o que fixo foi ser por enteiro dese mundo, ou pode que algo máis sinxelo: *voltar* a il, á raíz primixenia. Despois diso, ó escritor foille doado poñerse a *contar* ese mundo. Mais non é a fidelidade a unha realidade o que dá a Fole categoría de escritor, senón a creación literaria que il elaboróu con pe en tal realidade. Atoparemos, si queredes, en Fole unha información da nosa realidade ru-

ral, veremos nos seus contos a espritoalidade do noso pobo, teremos diante de nós, ó lélo, ó noso propio pobo buligando, escoitaremos as suas palabras de acotío (cousas que moitos deberan conocer e non conocen, nin por enriba); mais non é iso, naturalmente, o que califica a Fole como creador. Pode que todo iso comprise pra que Fole sexa o creador que é. Pero non abonda si non se transforma en creación literaria. Iso, xustamente, foi o que Fole fixo. O escritor, vivindo nunha realidade, sendo il mesmo parte desa realidade, convirtiuna en creación literaria. Redimiuna da sua anécdota e transformouna en creación.

Polas particulares circunstancias en que o país se atopa hoxe, nós témonos perguntado moitas veces si é posible ser escritor galego sin proceder desa realidade á que hoxe se reduce, ó cabo, a nosa terra. Proceder de algunhas cidades galegas é case o mesmo que proceder de Pinilla del Toro A proba máis verdadeira disto está, como era de agardar, no idioma. Tense falado moito do idioma de Fole; é de certo un idioma auténtico, pero pode que non teña a dinidade que ten, por exemplo, o de Castelao; o de Fole é máis apegado á realidade oral; o de Castelao, que é tan vivo como o de Fole, é máis escollido, empregado con máis sentido estético. Os dous son bos conocedores do idioma que empregan, anque os resultados difiren nun e noutro. E anque no idioma de Fole podemos atopar certas eivas, anque é posible milloralo ainda dentro do idioma coloquial —pois polo xeneral o pobo fala millor do que escriben a meirande parte dos nosos escritores—, o idioma é auténtico, non emprestado. Comparádeo senón co da maioría dos nosos escritores aparecidos nos derradeiros anos. Non atoparedes en Fole as erexías que nestes atoparedes a montes e moreas, soio por non tomarse o traballo de escoitar. Estes escritores pouco beneficio lle fan á literatura galega en comparanza cos perxuicios que traen á xente. O que ocurre é que non deberan escribir en galego, dende logo. E si tanto debecen por facelo, deben *voltar* ós eidos primixenios, si poden.

Como en toda obra de creación madurecida, solprende en Fole a sinxeleza, a naturalidade con que as cousas veñen de seu. Os seus contos, como os de Maupassant, como os de Chejov, como os de Andreiev, como os de Eça, son un modelo de contos ben contados, de breves relatos faiscantes, de síntesis cheas de sentido, verdadeiros lóstregos que sempre nos collen de solpresa ou nos deixan estantíos. E todo isto, como decimos, dun xeito seu, sin xesticulacións, sin pedantería, sin perderse en cousas que semellan de primeiras moi importantes e despóis resulta que se reducen a unha soia e sin ningunha: mimetismo. Como certeiramente di Salvador Lorenzana no limiar deste libro: "Outros autores pérdense por ises mundos, percurando a humanidade das ponlas remotas; o noso contista acádaa nas raigañas, a forza de se mergullar no chan que o ten ollado (que o ten ollado non), que o ten feito nacer. Por se non situar, moitos non atinguiron ser nin humáns, nin menos ainda universás. Denantes de nada compre ser home da sua terra e do seu tempo. Despóis pódese ser escritor".

Despóis de todo, a única realidade que se impón —porque é máis forte que certas cobizas e máis real que calquera teoría—, é que Anxel Fole é un escritor da xente, que todos o lén con parella ledicia e semellante gorentamento. E nós estamos ben certos de que a xente seguirá a percuralo. Por iso nos semella tan oportuna esta segunda edición dun dos libros editados nestes derradeiros quince anos, tan siñificativos pra a nosa terra.

X. L. FRANCO GRANDE

SUL DUECENTO LETTERARIO IN SPAGNA. IL PROBLEMA DELLA POESIA LIRICA, por Giuseppe Tavani [1]

Antre os hispanistas é moi corrente a convicción de que con anterioridade ao século XIV, Castela non posee lírica escrita, o que se esprica por unha actitude espiritual castelá, allea ás "molezas" da efusión lírica, e volcada enteiramente á esaltación das xestas heroicas da Reconquista.

No ronsel de Menéndez Pidal, que, se admite a esistencia dunha xograría adicada á difusión da poesía lírica, a relega a un ambiente cultural non castelán, e distingue dela a actividade dunha xograría nacional especializada na narración épica, converxen na posición negativa dous estudosos tan antagónicos como Américo Castro e Claudio Sánchez-Albornoz. A lírica en castelán é, pois, serodia, e determinada pola galego-portuguesa —creación autónoma ésta, cando menos polo que se refire ás cantigas de amigo (Albornoz), ou vencellada aos cantos románicos andalucíes (Castro).

O erro destas interpretacións, segundo Tavani, radica na confusión dunha cultura medieval cunha soa molidade lingüística rexional. A literatura peninsular do douscentos se non pode esnaquizar nunha serie de subculturas ligadas ao particularismo lingüístico.

En testos casteláns ben temperáns, de intención narrativa relixiosa ou profana —Berceo e a *Historia Troyana polimétrica*— áchanse elementos líricos. Pero é que a lírica galego-portuguesa do século XIII é unha manifestación cultural que tamén abrangue a Castela, pois a corte castelá orixinariamente, ate a morte de Alfonso X, desempeña un papel de promoción daquela lírica moito máis importante que a corte portuguesa, inda que o estormento lingüístico empregado non sexa o castelán. Non se poden separar en dúas áreas culturás sobre a soa base lingüística, os reinos de Castela e Portugal. Castela tivo poesía lírica no douscentos, ben que esta lírica se servise do galego-portugués. Cando o traductor de Benoît de Sainte-Maure ao castelán adouta nas súas pasaxes líricas a técnica galego-portuguesa, non está introducindo un estilo esótico, senón empregado as formas de decir que el e o seu púbrico tiñan como familiares e sentían como un aspeito da súa propria cultura. O mesmo ocurre no caso da *Razon feyta d'amor*. A espresión en galego non indica particularidade nacional, senón particularidade *xenérica*. O fenómeno é normal na Romania: se os casteláns trovan en galego, os cataláns e os italiáns trovan en provenzal. Galegos e siciliáns, demasiado alonxados do dominio lingüístico provenzal, van facer poesía occitánica polo espírito nos seus dous dialeitos marxinás. E como na corte de Federico II os poetas non son todos siciliáns, senón que atopamos apulienses, calabreses, campanienses, e mesmo algún román, toscán ou xenovés, nas cortes hispánicas de Alfonso e Denís conviven portugueses, galegos, casteláns, leoneses, aragoneses, e mesmo cataláns. Escríbese no dialeito que pide o xénero, non na lingua nadal do escritor. No século XIII hai en España unha común cidadanía literaria castelán-leonés-galego-portuguesa que ten o galego-portugués como medio de espresión para a lírica culta de tradición occitánica.

R. C. C.

---

[1] *Fascicoli di studi e ricerche. Estratto degli Annali della Universitá degli Studi dell'Aquila. Anno I, N.* 1.

MERLIN E FAMILIA I OUTRAS HISTORIAS [1]

A mestura do poético e máis do fantástico chega ás veces a matices de estraordinaria delicadeza. Sobre todo en determinadas literaturas, axeitadas pra criar as narraciós máis belas nos mundos máis inagardados. Tal ocurre coa coleición de relatos que, baixo do tíduo de "Merlín e familia i outras historias", remata de aparecer en segunda edición, enriquecida con novas criaciós do autor.

O pazo lugués de Miranda, ó que arrodea a antiga selva de Esmelle, constitúe o telón de fondo distas breves e maravillosas historias. Dediante dil destacan con craro perfil os çadros narrativos, enfiados co fío conductor do artista. Miranda —na terra meirega— é a pousada galega de Don Merlín, "na que se xuntan tódolos camiños do trasmundo". Cunqueiro preséntanos ó mago, na súa vellez, todo vestido de negro, con barba branca e bufanda colorada. Habitan co il, en Miranda, a súa esposa Dona Ginebra —bretona de nación, outa, loira, e de branquísima pel—, amén doutros persoaxes tocados de singular donaire.

Pinta, o poeta, o ambente do casal vedraio, dende o que se albisca, todo darredor, a fraga de Esmelle; e un algo ó lonxe, o pazo de Belvís que señorea o Enano das Pamelas. Trátase dun ambente xurdido da ricaz imaxinación do autor, e describido con máxica mestría, direita, fermosamente sintetizado. Xentes dos máis lonxanos países e dos mundos inverosímeis da invención, chegan a Miranda en precura da cencia do sabio Merlín: O flautista Mestre John Flute, Elimas o mago algaribo, o reloxeiro mosiú Simplón, Cobillón o demo perfumista...

Un neno, criado de pasamán de Merlín, vainos contando as solprendentes historias que en Miranda suceden. Os relatos valen de seu, e abondan pra acretar a un mestre do cadro narrativo. "Os quitasoles i o quitatrevas", "A princesiña que queria casar", "O reló de area", ou "A sirea grega", encheitos de seiva cooreada, de zumoso lirismo e de fino humor, revelan a un artista de bó decir en prosa galega.

Aparez todo ó longo distas páxinas o escritor imaxinativo, subxugante i estrano. Pero, ó mesmo tempo, conteñen emoción sin sensiblería, saben impresioar sin enganos. Por algo a presión poética que gravita en cada historia, é de moitas atmósferas. Mesmamente desas atmósferas inxeniosas que cria Cunqueiro, e que sabe condensar deica producir un curioso fenómeno literario. O libro ven resultar, así, unha obra xustaposta, contando coa súpeta e chameante imaxinación que o anima.

O talento criador do autor está servido, ademáis, por un galego vivo, fermoso, caudeante, coloquial en certo xeito, que prestixia á nosa literatura. Porque o idioma de Cunqueiro —popular e clásico a un tempo— está abaneado polo lóstrego criador dos narradores que cumían un estilo.

Escribimos todo ísto, ó marxe de calisquera consideración crítica; movidos somente polo calco emotivo que "Merlín e familia" ten deixado no noso esprito. Lémos outravolta o libro, á beira do mar, onde se alenta un ár mol, que semella irese cara moi lonxe; quizaves cara a terra meiresa, onde Cunqueiro tecéu as maxias de Don Merlín. E mentras as pequenas vagas morren na ribeira coma un respiro, gozamos das descriciós de lu-

---

[1] Editorial Galaxia, 2.ª ed. Vigo, 1968.

gares e figuras que, con peculiar feitizo, ten fixado o escritor no "Índice onomástico" que coroa o libro.

Álvaro Cunqueiro acrétase nas súas historias como artista orixinalísimo, o que distinuen rasgos moi peculiares e definidos. E xa non só polo engado da trama argumental; sí tamén por mor dunha prosa que é clásica polo poder e a gracia, nunca ríspida nin arcaizante. Pesie á súa grande riqueza e lanzalía, nada hai nela de académico, debido á súa airosidá, ó seu desenfado. I é que a fala cunqueira, animada do xogo coorístico das palabras, obedece máis ós recursos imaxinativos que ós da refreisión.

O que de certó é escelente, non xa prás letras galegas, sinón pró máis esteso ámbito da vida literaria, é que poidamos louvar a elegancia e a riqueza espresiva da prosa diste libro. Cunqueiro semella ter chegado ó non doado madurecemento dunha carreira que emprincipióu mesmamente co volume que comentamos. Un madurecemento derivado lóxicamente, desprendido como unha froita en sazón, da súa acusada persoalidade humá; esa persoalidade que imantóu de primeiras os seus versos, e que despóis foi formando o esquelete da súa prosa. Porque, ó noso entender, o escritor, persoalmente, é o mesmo dos seus libros; asómase a eles, coma nun lago, pra mirárese e pra que o vexan...

Nistas páxinas de "Merlín e familia", maxistrales e belísimas, aparez na súa autenticidade máis pura, o bó poeta en prosa que alberga no fondal da súa ialma o escritor mindoniense.

C. B.

AS PONLAS BAIXAS, por Vicente Vázquez Diéguez [1]

Cando todos coidábamos que o movimento da "nova narrativa galega" tíñase xa esgotado no seu pulo esperimental, despois de darnos obras realmente importantes nuns anos de sorprendente inquietude creadora dos nosos narradores, aparece agora este "As ponlas baixas" dun narrador novo e hastra o de agora inédito. A primeira impresión que do libro se recibe é que aparece a destempo, fora do intre en que houbera podido ser unha aportación importante a un movemento no que se xunta a diversidade de téinicas e posiciós persoales cunha rara coherencia baseada no desexo de construir unha narrativa galega rigorosamente dentro do noso tempo. Pero o caso é que "As ponlas baixas" estaba escrita hai tempo —eu asistín á lectura duns capíduos hai tres anos en Madrid— e sólo os tollementos con que tropeza a actividade editora galega empeceron a súa pubricación daquela. Muitas veces acúdeseme pensar cántos serán os libros que dormen hoxe nos caixós dos nosos escritores sin atopar canle editorial, os libros de poemas que estánse a murchar, as novelas nonatas.

Pubricada no seu intre esta novela de Vázquez Diéguez houbera sido un dos máis callados froitos daquela inquedanza anovadora —e probablemente un dos máis revolucionarios— pero hoxe, cando xa a narrativa galega semella encetar camiños novos, cando xa a lección de Castelao —agora sí coñecido direitamente, na súa obra— dicta a súa lección de sinxeleza técnica, de instintivo expresionismo popular, o esforzo de Vázquez Diéguez pode resultar valdeiro.

---

[1] Coleición "Illa Nova", GALAXIA, Vigo, 1968.

Si tivera que definir esta novela cunha sola frase, exercicio éste que resulta ás veces útil, e que fora de ser un esforzo de reviravolta inteleitoal pódese convertir nun válido esforzo de síntese, diría que é un esforzo de ordeación do caos. Preséntanos Vázquez Diéguez unhas vidas sin norde, sin anécdota, uns persoaxes cuios perfís esváense esnaquizados nun análise minucioso do seu entorno. Prá novela realista este entorno é o marco axeitado pra situar unhas acciós ou reacciós que sólo se recollen no que teñen de exemprares ou de útis no desenrolo dunha acción que está xa perfeita e cabal no esprito do narrador no intre mesmo en que enceta a novela. Pra o narrador ouxetivista, o home, inxerido no seu entorno e devorado por él, acaba por resultar un elemento máis deste estatismo dramático das cousas. O home é unha cousa máis, o peso abafante da realidade, que está riba del coma un límite insuperable, esgota a súa capacidade de reacción, é decir a súa libertade. Esta libertade poderíase atopar na relación cos outros homes, pero cadaquén é un universo pecho e incomunicable. A cousificación do home é pois o problema base da narrativa ouxetivista, e del pode resultar a solución da antinomia aparente, á que se refería Ferrín nun artigo moi citado, aparecido na revista "Presencia" no 1966, entre a vontade testemuñal destes novelistas e o resultado da súa obra, choída nunha friaxe análitica que limita radicalmente a súa posible proieición maioritaria.

Penso pois que a "nova narrativa" foi un interesante fenómeno como ponto de partida, pra liberar á nosa novela de toda tentación folclorista en primeiro logar, pra mostrar aos novos narradores unhas posibilidás de pura narración, de exercicio técnico, que unha vez visto e probado convén sólo utilizar no degrao en que o tema da novela o esixa. Penso por exemplo que "Manhattan Transfer" soio se podería escrebir como o fixo Dos Passos, e que soio a técnica de Proust permítenos manter a espranza de atopar "le temps perdu", pero que estas dúas técnicas, disímiles e polo tanto exemprares, non se poden aplicar indiscriminadamente a toda esperencia narrativa.

Non esiste materia narrativa —anécdota— en "As ponlas baixas". Unhas vidas desnortadas, persoaxes que non o son porque o autor fuxe de todo o que poidera darlles persoalidade, e sí sólo sombras inxustificadas que levan vida endiante a súa traxedia inútil, un esistir valeiro. E as cousas poñéndose de cote no primeiro plan, luíndo a vida e deixándoa nun vagaroso estar, sin pausa e sin ouxeto. O novelista tece e destece o paso destas sombras con alusiós sin contido a nada que non seña as cousas que as arrodean. E pra siñalar máis o seu valeiro, a traxedia inconcreta deste simple pensar sin orde e andar sin apouso, construi a novela cunha ríxida estroitura esterna, cáseque xeométrica, que apreixa o devalar dun mangado de homes e mulleres que se moven con presa e sin senso como dentro dunha rede que vaise pechando riba deles e afogándoos sin que tan xiquera cheguen a decatárense.

Importante é o limiar de Raimundo Patiño, persoal e discutible, apaixoado e informativo. Volve unha vez máis Patiño a falarnos dun narrador galego, Xohan Casal, en cuia obra, realizada aló pola década dos 50 e inédita aínda —e xa é hora de que deixe de selo, si máis non pra ver deica que punto foi o xérmolo de toda a narrativa nova posterior— ve Patiño o arranque desta preocupación técnica que configurou a laboura dunha xeneración de narradores.

Hoxe semella xa este camiño superado —é decir asimilado de cheo o que nel houbera de útil— e a obra de Neira Vilas e as cortas narraciós que paseniño vainos dando Manuel María, supoñen un cambeo de roita cara a unha eficacia distinta.

E sería inxusto rematar este comento sin teimar no que ao meu ver constitui o valor másimo da obra de Vázquez Diéguez: a súa sobriedade, a intensidade que ás veces acada ca súa frase breve e precisa. A súa capacidade de narrador que nesta novela, maxinada sin persoaxes e sin anécdota, é sólo promesa dunha obra que co tempo hanos dar. Penso por exemplo na novela desa mocedade galega de Madrid, rapaces chegados do mundo morno i estantío das nosas vilas e botados á fervenza ideolóxica dunha cidade abafante, vivindo a crise de toda a apoiatura ideolóxica da súa mocedade, co descobremento dunha Galicia problemática e por facer, a novela que sería o "arredor de sí" duns mozos que descobren que Galicia é os outros.

BASILIO LOSADA CASTRO

LA CORUÑA, por Miguel González Garcés *

Na coleición de guías da editorial Everest, onde recentemente foi pubricada, —a primeira dunha provincia galega—, "*Lugo*", de Álvaro Cunqueiro, ve agora a luz "*La Coruña*", de Miguel González Garcés. Cando o leitor lé ó comenzo do texto istes versos:

Ciudad blancâ y azul, talla perfecta,
indeciso cristal de espuma en vuelo,

xa se decata que ista guía foi escrita por un poeta, en quén amor, amor da vila nadal i as súas terrâs, —Bergantiños, as Mariñas, o Condado de Santa Marta, Fisterre, Noia...—, non quitóu nin unha pinga de coñecimento. As páxinas adicadas por Miguel González Garcés á cidade capital, —"ciudad en el paisaje", "la torre de Hércules", "las galerías coruñesas", "la ciudad vieja" coas súas eirexas e pequenas prazas, "la ciudad vieja desde el mar", "la Pescadería"...—, son ademirábeles, un retrato ó mesmo tempo ouxetivo e máxico, que sigue sendo a fórmula maxistrâl. Sober dos "details éxacts", ó gosto stendhaliano, a recreación poética na que vive a grande e fecunda amistade do poeta co entorno.

Na guía de A Cruña non figura, —i é natural que percise pra ela soia un volume—, a cidade de Santiago de Compostela. Pro está toda, ancha e mariñeira, a provincia cruñesa. González Garcés non podería non deixar de comenzâr póla ría do Burgo, á que adicóu nostálxicos poemas. Cambre, "la más importante iglesia rural gallega", i a fraga de Cecebre, "el bosque animado" de Fernández Flórez. As Mariñas dos Condes e dos Freires, Betanzos dos Cabaleiros, Pontedeume, Monfero onde quizaves foran as cervâs de Pero Meogo, Sobrado enorme, O Ferrol, a pelerinaxe a San Andrés de Teixido, Ortigueira e Bares, —isa outa serra que un día se deitóu no mar—, o Bergantiños onde zoa o vento pondalián, a Costa da Morte e Fisterre, e Noia, coma Pisa nosa, co seu camposânto i aquelo que o Dante dixo de "o doce tremolar da mariña"...

* Editorial Everest. León, 1968.

Volvemos ó dito denantes: un retrato fidel, pro un retrato no que a materia poética, a ollada do poeta, ten tanto que ver coma o dato perciso, a nota arqueolóxica ou histórica, a cita humán...

O poeta quere que deixemos a provincia cruñesa en Noia, onde brila *"la hoja de la brisa en el perfil de los silencios claros"*. Unha fermosa viaxe, na que a ollada do pasaxeiro foi levada ó encadre xusto pra millor gostar da beleza e do rostro máis profundo do país cruñés.

Istá nota non pode esquecer a mañificenica da parte gráfica da guía. Ducias e ducias de fotografías, moitas en color, fan que coidemos que despoixas de ter viaxado con Miguel González Garcés, nun espello prodixioso tivéramos gardado todo o que ó longo do camiño íl nos ensiñou a mirar, á vez na luz xusta e na emoción pedida.

S. S.

NOTICIA DA VIDA E POESÍA DE XOSÉ CRECENTE VEGA, por Manuel María Fernández Teixeiro [1]

Manuel María, poeta da Terra Chá que gosta de chamarse, ten a carón da súa adicación creadora unha notable obra de ensaista. A súa laboura crítica, espallada en xornaes e revistas, poida que sexa recollida un día nun volume e teremos entón un documento de valor pra enxergar dende as súas perspeitivas persoales o desenrolo da lírica galega dos nosos días. As críticas de Manuel María permitiránnos tamén albiscar aspectos da súa obra creadora que, sin ter en conta estas impresiós de lectura, entusiasmos ou reticencias, non poderíamos enxergar cabalmente. Sempre a obra crítica dos poetas —agás cecáis no caso de Cernuda— dannos a pista de influxos imprevistos, de concordancias muitas veces non sospeitadas. No caso de Manuel María, home de lecturas apaixoadas e caóticas, tempero aberto e inxel, cun raro fondo de bon siso labrego tralos seus arrautos de entusiasmo ou de crítica inmisericorde, o ensaio é tamén laboura de creación. Son moi distintos os criterios de valoración do crítico que é sólo lector, dos do que é ademáis un home da capacidade e vocación creadora.

Dous ensaios longos tennos dado Manuel María, e, nada sorprendentemente, adicados aos dous poetas cos que a súa obra ten máis puntos de contacto. Un deles foi o primeiro estudo estenso encol da obra de Celso Emilio Ferreiro. Outro, o que nos ocupa, arredor dun dos poetas menores de Galicia no intre do tránsito do modernismo —o noso modernismo saudosista e labrego—ás poéticas de avangarda: Xosé Crecente Vega.

Crecente era hastra hai pouco un desconocido prás novas promociós de poetas e lectores de poesía. A primeira edición do seu único libro de poesía, "Codeseira", pubricóuse no 1933, e non se reeditóu hastra hai pouco [2]. Esta segunda edición é a única que muitos puidemos manexar, e dela ven o conocemento actual do poeta. Hastra esta edición sólo os seis poemas inxeridos na "Escolma" de F. del Riego permitiannos albiscar

[1] "Biblos", Facultade de Letras de Coimbra, vol. XL, 1968.
[2] Ediciós Celta. Lugo, 1965.

a obra dun poeta que creóu a súa obra fora do seu tempo, das modas e dos xeitos que abalaban dende a primeira posguerra as letras galegas. Crecente, poeta labrego, formado na discipliña dun clasicismo escolar e no contacto cotián e profesional cos clásicos latinos, é o continuador dunha liña humanista moi fecunda e interesante na lírica galega, pero xa absolutamente superada. Non chegóu a acadar a orixinalidade de Noriega Varela — dos mellores poemas de Noriega, media ducia que abondan, porque é gran poeta quen fai un gran poema — e perxudicoulle a identidade temática e aínda expresiva co poeta de "Do Ermo", que forzosamente había de levar a comparanzas. Nesta escola de virxilianismo, de humanismo rural, Crecente é pois un poeta considerable, ao que hai que situar no seu ambente e no seu tempo. E cando a un poeta haino que situar deste xeito é porque non acadóu unha dimensión universal, porque é un poeta menor, por máis interés que teña enxergado cunha perspeitiva xa non crítica senón histórica. Hai poetas cuia inserción de cheo nun paisaxe non empece o seu desplegue universal de creación pra sempre válida. Hai outros, que mergullados nun ámeto restrinxido, non acertan a superalo en fondura, é qué danse na codia descriptiva. Entón, por máis engado que teñan, a súa validez e a súa eficacia redúcese aos lectores que poidan compartir a súa perspeitiva limitada — limitada a mantenta muitas veces.

Manuel María ofrécenos pois un escelente ensaio encol dun poeta menor. E un ensaio feito con amor e conocemento porque Manuel María, chairego como Crecente, pode valorar con siso e fondura emotiva a raigaña paisaxística desta poesía, que coincide temáticamente co seu "Terra Chá" — especialmente ca primeira versión de "Terra Chá". Pra unha perspeitiva cabal das nosas letras compre tamén adicar un esforzo de esculca e comprensión a estes poetas que, sin aportar nada novo, fixeron a súa obra honesta e crara, sinxela e sabia a un tempo arrincando en parte da poesía popular e muitas veces admitíndoa como límite. Manuel María espón na introducción as razós que o levaron a este estudo exemprar da obra de Crecente cando dí que a lectura de "Codeseira" "produxo no meu esprito forte emoción, pois naquiles versos atopei a espresión máis puramente poética da miña Terra Chá, sempre amada e lembrada". Máis que a obra do poeta en sí, o que lle interesaron foron, pois, as lembranzas que lle traguía da súa bisbarra, ecos da nenez, paisaxes entrevistos e recobrados emocioadamente por obra do poeta.

Comenza o ensaio de Manuel María situando a Crecente na poesía do seu tempo, cando a liña aberta polos imaxinistas coesistía en Galicia fecundamente cos ecos da tradición poética do XIX, na que hai que situar a Crecente. Sería interesante que Manuel María, que tan ben conoce e tanto ama aos dous poetas, fixera unha máis demorada comparanza entre Crecente e Iglesia Alvariño, poeta éste no que o humanismo rural depúrase no contacto cas formas novas e abre o camiño cara as derradeiras manifestaciós da escola, xa de cheo nas preocupaciós da lírica actual: Novoneira e Díaz Castro.

Realmente, pra comprender de xeito cabal a obra de Crecente, compre unha visión da Terra Chá como a que nos dá Manuel María neste ensaio. Eu teño feita a esperencia: dar a ler os poemas de Crecente ou de Noriega a xente que non conoce a Terra Chá, i estes poemas nada lles dín. Lerlles logo unha visión da bisbarra chairega — e hainas espléndidas como ésta de Manuel María ou o limiar de Anxel Fole á edición do seu "Terra Chá" — e decontado estabelécese a comunicación, a poesía de Crecente

faise accesible i espresiva. Gustaríame saber si algo semellante ocurre cun lector alleo á lingoa castelán ca poesía de Machado. As páxinas que Manuel María adica á súa terra natal son espléndidas e ás veces antolóxicas. E si se reeditan ou se escolman os versos de Crecente ningún limiar mellor poden levar.

O estudo biográfico, cunha completa apoiatura documental, penso que é o primeiro que se ten feito encol de Crecente, e dende logo con materiás en gran parte —por non decir todos— de primeira man e algúns recollidos oralmente dos que trataron ao poeta. Neste aspeito de recolleita documental, sempre ingrata, o traballo de Manuel María é unha aportación de gran valor. O estudo de "Codeseira", está feito dende unha postura crítica en parte invalidada polo amor de Manuel María a este xeito de poesía descritiva que coincide sustancialmente cunha das súas venas creadoras, pra min a menos válida. Estuda igoalmente a métrica, sinxela sempre dacordo co seu feitío popular, aínda que variada e armónica.

Especialmente importante é a noticia da obra inédita de Crecente, tanto da galega como da feita en castelán. Estes inéditos mantéñense na liña de "Codeseira". Crecente era un poeta de formación rigorosa i en certo senso pecha, pouco dado por tanto a evoluciós e asimilaciós, por máis que Manuel María sinala un certo intimismo nalgunha das composiciós derradeiras, que as alonxa lixeiramente do descriptivismo xeneral da súa obra. Moi asisada a opinión de Manuel María encol da maior variedade da temática de Crecente con relación á de Noriega. Crecente é en verdade máis poeta labrego que Noriega, "Crecente cantaba o mundo labrego dende dentro. E cantábao sinxelamente, sin artificio, sin retórica, como o sentía" di Manuel María. Tamén é asisada a valoración da viveza i espontaneidade da fala popular que Crecente emprega, sabiamente depurada pola súa rigorosa formación clásica e lingüística.

Esperamos que algún día nos dea Manuel María unha escolma de poetas lugueses —chairegos mellor— i entón teremos unha visión depurada e cabal do que supuxo a obra destes poetas do Norte de Lugo na poesía galega, e do muito que nesta poesía de "entre dous séculos" hai aínda vivo pra o lector. Ninguén mellor que el pra facela.

O ensaio, separata da Revista da Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, constitui realmente un verdadeiro libro, ben impreso, cas erratas normales, e uns defectos de paxinación que fan ás veces laberíntica a lectura.

BASILIO LOSADA

VIDA Y LEYENDA DE SAN PEDRO DE MEZONZO, por Carlos Martínez-Barbeito [1]

"Hace mil años vivía en la tierra un hombre bueno, justo y piadoso". Diste xeito comenza Carlos Martínez-Barbeito a sua narración anovelada da vida de Pedro de Mezonzo — Pedro de Curtis, como o chamóu hai pouco, con agarimo paisán, M.ª Vitoria Armesto. Pedro de Mezonzo, que chegóu a santo sin sere nunca canonizado, que entróu manseniñamente no

[1] Editora Nacional. Madrid, 1968.

santoral, alá polo dazaséis, sin estronicios de gran festa, nin aduvío de miragres. "O seu único miragre —dínos Martínez-Barbeito — ademáis do vencemento de sí mesmo e da diñificación do ser humán que na súa propia persoa operóu pra se achegar a Deus e dexergar de perto a sua infinitude, foi o de dar coas palabras que atolaran as pregarias esparexidas que xa daquela dirixía o pobo a María, a nua Nai". Pedro de Mezonzo, o home bó e xusto, que "non nacéu santo", senón "sinxelamente, como nacen os demáis nenos, sin que nada faga agoirar o que niste mundo e no outro lle espera". Pedro de Curtis, de Mezonzo, de Sobrado, de Antealtares, de Iria e de Compostela, poisque todos istes nomes tinguen de tonalidades singulares a faciana humán niste galego esgrevio, todos iles contribúen a darlle a fasquía que o pobo gardóu na súa memoria perene. Cando ún lé esta cristaíña narración de Martínez-Barbeito percibe deseguida que ises nomes non siñifican tanto na vida do noso San Pedro polo que representan na xeografía e na sociedade galegas de aquil tempo, como polo vencello que establecen con trances decisivos e peripecias eisistenciás de sentido ben diverso no decorrer da persoalidade humán de aquil "home bó, xusto e piedoso".

O tempo de Pedro era o século X. Un século revolto coma o noso; violento coma o noso; entebrecido polas premoniciós populares dunha apocalipse pra o ano 1.000, coma o noso — con outras maneiras, outras supersticiós e os mesmos medos — pra o ano 2.000. O século dos homes da "serpe nos ollos", que daquela érano os vikingos, e hoxe sono outros moitos de moi varia caste e aboengo. En Galicia, o século X é un tempo de mocedade do país que ainda non acadóu as súas formas sociás e culturás da madureza. Martínez-Barbeito deténse en describir con moito tino o pobo e o país galegos de entón, a mestura racial que trasloce nos propios nomes dos país de Pedro de Mezonzo. "De semellante mestura racial — traducimos — matizada despois e arrequecida coas modificaciós impostas polo chan e o clima, e logo dunha decantación de séculos, xurdiría o pobo galego tal e como é hoxe, cunha persoalidade específica que se revela coa meirande forza en singularidades de sentemento e humor". I engade: "A ise pobo galego ainda non evolucionado, ainda non definitivamente callado, pro que amostraba xa os seus principás caraiteres distintivos, pertecía, pois, Pedro", o fillo de Martín Placencio e de Mustacia, nado no 930 en Santa Eulalia de Curtis.

Contemporáns de Pedro de Mezonzo son o bispo Sisnando, San Rosendo, o conde Osorio — o "Conde santo" —, o rei amigo Bermudo II, o vikingo Gunderedo, o témero Almanzor. É o tempo da regra beneditina e da fundación dos grandes mosteiros: Celanova, Sobrado, San Salvador de Lourenzá, San Estebo de Ribas de Sil, Carvoeiro. Tempo de fundadores. E, como ten dito Otero Pedrayo, "a voz máis pura i eminente diste coro de fundadores é talvez a de San Pedro de Mezonzo", que tivo — dinos — "a superioridade de ter coñecido a derrota e a tristura de ser vencido".

Martínez-Barbeito sigue paseniñamente as etapas máis siñificativas na eisistencia de Pedro de Mezonzo: a infancia e adolescencia no val de Présaras, na corte dos condes Hermenexildo e Paterna, relatada con pulo imaxinativo e moi galano tono de fábula; a primeira proba e formación cenobial en Mezonzo; a desinación como abade de Sobrado, e a sua xestión do mosteiro co favor do bispo Sisnando; a vinda a Compostela, a Antealtares, chamado por Rosendo á morte de Sisnando; a participación no concilio de León, primeiro contaito coa corte real e co que logo seria Ber-

mudo II; a sublevación dos condes galegos con Bermudo cara Ramiro III, o retiro de San Rosendo a Celanova e a desinación de Pedro prá mitra de Iria-Compostela; a sua participación na vida política do reinado de Bermudo II; a incursión de Almanzor e a destrución de Compostela; a fuxida e o retorno, e a reconstrución da basílica, os mosteiros e a vila. No intre da fuxida ante Almanzor sitúa Carlos Martínez-Barbeito, coa licencia natural nunha obra desta natureza, a creación da Salve Regina.

A narración non pretende, pois, ser unha obra historiográfica, nin tampouco unha pura pantasía. Sitúase entremedias da historia e da fabulación, do real e do imaxinativo. É real o persoaxe, son históricos os feitos cardinás; i é creación de Carlos Martínez-Barbeito a secuencia do relato, o enfiado dos feitos, a composición dos tipos e dos ambentes, e a figuración das esceas que, ás veces, cobran a forza das narraciós de lendas populares. Escrito co galano castelán que é propio de Carlos Martínez-Barbeito, iste libro acerta a manter o clima da narración axustado á imaxe que de Pedro de Mezonzo ofrece ó leitor dende as primeiras liñas do testo. Unha narración sinxela, cun premeditado tono de inxenuidade, como corresponde ó relato da vida dun "home bo, xusto e piedoso que hai mil anos vivía na terra".

X. M. B.

O GALEGO NA UNIVERSIDADE

O dia 9 de xulio derradeiro tivo lugar por primeira vez na nosa Universidade a defensa dunha tese de licenciatura escrita na lingua do país. O tiduo da tese é *A nova narrativa galega* (1954-1968); e a súa autora, dona María do Camiño Noia Campos, que no pasado xunio rematóu os estudos de Filoloxía Románica.

A graduanda defendóu en galego a súa tese, i empregóu ese mesmo idioma para responder ás ouservacións e preguntas que se lle fixeron polo tribunal. Éste estaba constituido polos doutores Otero Túñez, Moreno Báez, Alonso del Real, García González e Carballo Calero. O derradeiro dirixiu o traballo da graduanda.

O notabre estudo, alén da bibliografía, abrangue os seguintes apartados: 1. *Introducción* (a. *A narrativa galega ante "Nós"*, b. *A xeneración "Nós"* c. *Renovación da novela: novas técnicas literarias*); 2. *Gonzalo R. Mourullo* (a. *Biografía*, b. *"Nasce un árbore"*, c. *"Memorias de Tains"*, d. *Conclusión*); 3. *Xosé L. Méndez Ferrín* (a. *Biografía*, b. *"Percival e outras historias"*, c. *"O crepúsculo e as formigas"*, d. *"Arrabaldo do norte"*, e. *A técnica narrativa de Méndez Ferrín*, f. *A ouxetividade de "Arrabaldo do norte"*; 4. *Xosé Neira Vilas* (a. *Biografía*, b. *"Memorias dun neno labrego"*, c. *" Xente no rodicio"*, d. *"Camiño bretemoso"*, e. *A obra de Neira Vilas*); 5. *Camilo Suárez Llanos* (a. *Biografía*, b. *"Lonxe de nós e dentro"*, c. *Técnica de "Lonxe de nós e dentro"*, d. *"Como calquer outro día"*, e. *¿Cómo é a novela de Llanos?*; 6. *María Xosé Queizán* (a. *Biografía*, b. *"A orella no buraco"*, c. *A técnica de Queizán*); 7. *Carlos Casares* (a. *Biografía*, b. *"Vento ferido"*, c. *Realismo de "Vento ferido"*, d. *O tempo en "Vento ferido"*; 8. *Vicente Vázquez Diéguez* (a. *Biografía*, b. *"As ponlas baixas"*); 9. *Epílogo* (a. *O compromiso social da "nova narrativa"*, b. *Lingua da "nova narrativa"*).

Ademáis diste importante feito que reseñamos, compre informar asemade doutro, relativo tamén ó tíduo que coroa a presente nota:

No novo plan da Seición de Filoloxía Románica da Faculdade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, introducíronse como opcionás tres cursos de filoloxía galega. No primeiro ano, "Lengua gallega"; no segundo, "Literatura galaico-portuguesa medieval"; e no terceiro, "Literatura gallega moderna". A cada unha das asignaturas adicaránselle tres clases semanás.

HOMENAXE A RODRIGUES LAPA

Con motivo de se ter cumprido no pasado ano os 70 de vida do noso colaborador e amigo Prof. Rodrigues Lapa, a revista lisboeta "Seara Nova" adicoulle un homenaxe no que colaboraron prestixiosas figuras da cul-

tura portuguesa. Antre elas, os Profesores Orlando Ribeiro, Magalhaes Godinho, e Lindley Cintra.

Do documentado traballo do Prof. Luis F. Lindley Cintra escolmamos os seguintes párrafos:

"Ao ser levado polas circunstancias a concorrer a unha cátedra da que, na miña propia opinión, Rodrigues Lapa debía ser o ocupante habia moitos anos, o mínimo que podía facer era indicar o meu desexo de seguir o seu exemplo. Exemplo como investigador, cuia obra modelar, e internacionalmente conocida e apreciada, elaborada paso a paso ao longo dunha vida difícil (sen que esas dificultás se reflexasen en calisquera precipitación no acabamento dos seus traballos), foi coroada hai pouco pola monumental edición das *Cantigas de escarnho e maldizer;* exemplo como profesor do cal ficóu, en todos aqueles que foran seus alunos, aquela lembranza que Orlando Ribeiro tan direita e vigorosamente fixo no artigo con que abríu a primeira parte diste Homenaxe ("Rodrigues Lapa dava aulas maravilhosas"); exemplo aínda como home, firme nas súas conviccios e respetoso das dos outros, capaz de sacrificar á defensa do que sempre considerou como verdade e como dereitos inalienábeles da persoa humá, a súa comodidade, a súa tranquilidade, o seu benestar, o propio sosego dunha vida de investigador de gabinete, en que quizaves se puidese ter refuxiado, unha vez quebradas as posibilidás dunha carreira docente."

"Polas condiciós nas que se ten podido desenvolver a súa aitividade, é sobretodo a obra escrita do investigador Rodrigues Lapa a que ten permanentemente marcado e continuará sin dúbida a marcar a súa presencia entre nós."

"Pra maior craridade na presentación consideraréi a produción científica de Rodrigues Lapa repartida en tres sectores diversos —a pesares das íntimas relaciós que esisten antre a produción aquí distribuída por varios deles. Teremos así, por unha banda, os seus traballos sobre *literatura e lingua portuguesa medieval;* por outra, as súas ediciós de testos i estudos críticos sobre *literatura portuguesa ou luso-brasileira clásica e romántica,* por outra aínda, o seu estudo sobre o *estilo da língua portuguesa contemporánea.* Orientando e presidindo toda ista produción, o mesmo método esixente e riguroso, o mesmo coidado, tanto como as visiós de conxunto, sólidamente baseadas, como co pormenor (non hai nota, por rápida e acidental que seña, que non se revele meticulosamente pensada e redaitada), a mesma finura e a mesma capacidade de valoración crítica que permiten ultrapasar con seguranza a simple acumulación de informaciós ou datos, pra entrar, cando é necesario ou comenente, na súa interpretación e na valoración das obras literarias (abonde lembrar aquí, como mostra, as páxinas exemplares adicadas, nas *Liçoes* e ou no artigo *Froissart e Fernão Lopes* ao noso grande cronista medieval). E, tornando toda ista produción en leitura non só proveitosa sinón tamén atraínte, un estilo vigoroso —normalmente sereno, pero que non esdena ás veces un ton veemente e apaixoado— de bon escritor, tan señor dos recursos espresivos da língua portuguesa que ó seu análise pode adicar o libro ademirábel ao que xa aludín."

RENACEMENTO DAS LETRAS OCCITANAS

FALA dos trobadores, a fala de oc, conservóu, a pesares de séculos de centralización e de proscripción oficial francesa, un solprendente vigor. De feito, nunca deixóu de sere escrita. Si o nome de Mistral é o máis coñecido fora das fronteiras occitanas, moitos son os escritores de talento que dende o século XII seguiron escribindo en fala de oc. Ista continuidade foi, durante moitos anos, asegurada dun xeito que podemos decir

clandestiño, tanto era grande a chamada cultural de capital e da fala de oil. Grosso modo, un tercio do territorio francés é oxe de fala de oc. E dende fai algúns anos, a espresión occitana coñece un renovamento seguro: pubricaciós e manifestaciós inteleituaes, máis de sesenta libros ó ano en "langue d'oc", unhas quince revistas que saen regularmente. Hai en Vaucluse unha oficiña do teatro provenzal. Hai seis cátedras con máis de tres mil estudantes... Pro iste renacemento coincide cun retroceso cada vez meirande da lingua falada. O proceso de abandono da fala comezado fai séculos, proseguíu lentamente póla defección sucesiva dos nobles, dos grandes e pequenos burgueses, dos obreiros, dunha parte dos paisáns e sobre todo das paisanas. A práitica do "patois" dañaba, coidábase, ó coñecimento do francés, a fala do poder e dos ricos, i entorpecía a promoción social. Ainda máis agora iste retroceso aumenta sobre a acción do "mass media", a televisión sobre todo, escrusivamente francesa. Tres proposiciós de lei tendendo a orgaizar o ensiño das falas provinciaes en tódolos grados, foron depositadas na Asamblea Nacional. Deloutra parte, estúdase dar ás estaciós de Marsella, Rennes e Toulouse, os medios necesarios prá realización de dous "magazines" televisados cada mes, en fala provenzal.

Sin negar a importancia da prosa na espresión literaria occitana, hai que recoñecer que a literatura en fala de oc ten, ante todo, vocación de poesía. Ista vocación arráizase nunha longa tradición. Esprícase ainda máis polo feito de que a verba lírica revela estar en perfeita correlación coa sensibilidade i o xeito de se espresar o mundo do home occitano. A lírica occitana moderna sofríu, como a súa grande irmá do norde, moitas mutaciós, e pasóu dos labios lamartinianos ós sotís arcanos do surrealismo, e tamén si bebeu nas fontes brilantes que se chaman Apollinaire, Reverdy, Saint-John Perse, Elouard... I o número de poetas occitáns medra cada día: Serge Bec, Robert Lafont, René Nelli, Max Rouquette, Sully-André-Peyre..., son os vasos máis novos.

Unha nova ortografía está en uso na fala de oc. O gramático Albert conciliou o sistema mistraliano co sistema Perbosc-Estieu, i o do Instituto de Estudos Catalás, establecido por Pompeu Fabra. Vaia unha pequena amosa, un poema de Sully-André-Peyre:

Aquéli sabour de l'autouno / Deja coun frejo de l'iver; / A l'amour pourtaire de dono / Soubro beléu un lausie verd. / Te dounarai que la fumado / Dis erbo que brulon alin / Emé l'amaro renoumado / Qu'encaro cerco mount front clin.

"Istes sabores de outono son xa os fríos do inverno; / ó amor portador de ofrendas / quédalle quizaves un verde loureiro. / Eu non che darei máis que o fumo / das herbas que arden acolá / e ista groria amargue / que busca ainda a miña fronte incrinada".

S. S.

XOGOS FRORAES DO IDIOMA GALEGO

A coleitividade galega de Buenos Aires convocóu un certame literario de grande manitude: Os "Xogos Froraes do Idioma Galego en Buenos Aires". Teñen acollida nel, dende obras de criación literaria deica estudos socio-económicos en língua galega. Os premios instituídos son os seguintes:

Premio Rosalía — Canto á muller galega. Dotado con 200.000 pesos arxentinos.

Premio Pondal — Canto á nosa estirpe celta. Dotado con 200.000 pesos.

Premio Brañas — Ensaio encol da reestruturación agraria de Galicia. Dotado con 200.000 pesos.

Premio Cornide — Ensaio sobre da promoción e ordeación industrial de Galicia. Dotado con 200.000 pesos.

Cada un destes premios terá dous "accesit", primeiro e segundo, merecendo por elo seren incruídos no libro que se fará do certame.

Forman parte dos Xurados calificadores destacadas figuras literarias, como Juana de\Ibarbourou e Francisco Luis Bernárdez, entre outras.

Semella que é moi abondosa e calificada a concurrencia de traballos ó certame.

A PINTURA DE LUIS SEOANE

Con motivo da "Exposición retrospectiva, 1948-1968" que o pintor Luis Seoane celebróu na Art Gallery International, en colaboración coa Galería Bonino, de Buenos Aires, escribíu Julio E. Payró unha carta dirixida ó artista, á que pertenecen as seguintes liñas:

"A súa pintura é benéfica, inspira outimismo e fai crér no millor que pode aniñar no peito humán. É unha pintura que ilumina. Pensando en vostede coma nun románico do século XX, práceme chamarlle *iluminador*, en todolos sensos que ten ista verba. Nas súas obras, vostede dá o másimo da cór, o másimo da iluminación e o másimo do escrarecemento. Mallarmé asombrouse unha vez de que Gauguin *puidera poñer tanto esprendor en tanto misterio*. Asómbrome, pola miña parte, de que vostede poida ofrecernos tanta riqueza en tanta sinxeleza. Non é doado atopar semellante sinxeleza nun artista tan culto. Empéñase vostede en disimular o que pode baixo formas tan craras e tan acesíbeles que algún as creerá inxenuas. Hai coplas que son merecentes de se inxerir en escolmas dos grandes poetas. Nese senso teñen os cadros de vostede moito de copla. Apaixoado polo popular e aínda polo rexional, o típico galego, no que se nutre boa parte da súa obra, vostede ten sido abondo sabio e grande pra erguer as súas imaxes á categoría de arquetipos. Arquetipos son as súas feiticeiras mozas galegas, como o son as súas talladas de zapallo, as súas ponlas de limoeiros ou os seus albres do gólf de Ranelagh.

Poucas veces me ten producido tal emoción o arte dun contemporáneo. Poucas veces teño sentido perfeitamente realizado o meu soño dunha pintura aitual. Por iso, quizaves, non me é posíbel espresar máis craramente a ademiración que vostede me causa. Cando se di dun home que "é bó como o pan", todo se ten dito sobre del. A súa pintura, Seoane, é boa como o pan e nada máis".

NOTAS

TEN sido distinguida co Prix International de Littérature, a obra do escritor polaco Witold Gombrowicz tiduada "Kosmos". Os debates arredor da concesión do sonado premio destacaron a gravitación de escritores de diversas línguas. Antre iles sobresaíron Claude Simon (*Histoire*), Alejo Carpentier (*El siglo de las luces*), Julio Cortázar (*Rayuela*), Guimarães Rosa (*O Grande Sertão: Veredas*), Michel Leiris (*Fibrilles*), Yukio Mishima *Death in Midsummer* e *The Sailor who fell from grace into the Sea*) e *Kosmos*. Istes chegaron a unha das derradeiras escolmas. A final foi animada polas obras do escritor xaponés e o polaco, que ganóu por doce votos contra nove.

HANS Magnus Enzensberger, ensaísta e poeta alemán radicado na Noruega, viaxóu á India e a Turquía convidado polo Instituto Goethe de Munich pra pronunciar conferencias. En Nova Delhi intervéu nun coloquio sobre "A función da língua na era téinica".

DESPOIS da publicación dos dous volumes da biografía de Marcel Proust escrita por George D. Painter, o nome diste erudito, nado en Birmingham fai algo máis de meio século, tense arrodeado de xusta sona. A ela contribuíu asimade a versión francesa, que espalla na língua do eminente novelista unha visión ó por miudo da súa vida, tan fondamente vencellada á súa obra. Mesmamente iste vencello é o que Painter destaca a traveso das súas documentadas páxinas.

CUN prólogo do Prof. Luís Cencillo remata de se editar un orixinal inédito de Vicente Risco. Tidúase "Orden y Caos. Exégesis de los Mitos". Trátase dun libro importante no que ademáis, se resume o pensamento do ensaísta ourensán sobre do gran tema da mitoloxía, dos mitos coma vida e criación.

O NOVELISTA norteamericano Norman Mailer, moi conocido por "The Naked and the Dead", e autor de "Barbary Shore", "The Deer Park" e "An American Dream", pubricóu recentemente unha nova novela: "Why we are in Vietnam?", que o seu editor, Putman, caraiteriza como "a crucifixión punxente, sin piedade, do elemento máis esplosivo dos Estados Unidos na aitualidade: Texas e os texanos". O protagonista é un xenio de dazaoito anos que se asemella, a un tempo, a un persoaxe de Salinger e a Jack o Destripador.

BAIXO o tíduo de "Rosalía de Castro en el llanto de su estirpe" ven de aparecer un volume firmado por José Caamaño Bournacell. Niste interesante estudo xenealóxico tómanse como punto de referencia documentos inéditos do arquivo persoal de Manuel Murguía, outros outidos en percuras pola terra padroesa e datos estraguidos do Arquivo Rexional de Galicia.

CON limiar i escolma de Frederick L. Gwynn e Joseph L. Blotner, tense editado un volume tiduado "Faulkner na Universidade". Recóllense nel as charlas do novelista cos estudantes da Universidá de Virxinia sobre da literatura nos Estados Unidos.

A BIBLIOTECA da Universidade de Bonn ten no seu poder un dos máis antigos e interesantes manuscritos en pergameo do Ciclo do Rei Artur. Polo xa daquela irrisorio precio de 35 táleros, a Biblioteca adequiríu o século pasado iste manuscrito a un particular. O raro exemplar non pode ser trasportado por un home só, debido tanto ó seu tamaño como ó seu peso, xa que ten case cincoenta follas de pel de burro e unhas tapas de madeira de faia. O manuscrito está escribido en francés antigo por un copista chamado Arnulfo de Kaja, de Amiens, cuio nome aparez nas derradeiras liñas do manuscrito.

ACABA de aparecer, fermosamente editado, un Catálogo da Esposición retrospeitiva que o pintor Luís Seoane celebróu no pasado mes de xulio, na Art Gallery International de Buenos Aires. Abrese cun retrato do artista e un intelixente prólogo de Julio E. Payró. Reproduce vinte óleos escolmados, tres deles en coor, e relaciona as obras espostas por orde cronolóxico. Informa tamén das esposiciós realizadas durante a vida artística de Seoane, dos lenzos díste que figuran en diversos Museus do mundo, dos libros de dibuxos e álbumes que leva pubricado, etc.

NUN edificio típico do vello Berlín, no que viviu Bertolt Brecht, tense estabrecido o vasto arquivo do dramaturgo. Dous milleiros de carpetas con cento setenta mil páxinas de documentos están alí recopilados. De oitenta a cen mil distas páxinas son manuscritos. Un ficheiro orgaízado dacordo con puntos de vista científicos permite atopar rápidamente o material desexado. Con tal ficheiro levouse a cabo o primeiro gran traballo no legado de Brecht.

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 24 de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, y para información de nuestros lectores, se consignan a continuación los nombres de las personas integrantes del Consejo de Administración u órgano rector de la *Editorial Galaxia,* Sociedad anónima, como empresa editora de la presente publicación:

1 Ramón Otero Pedrayo: Presidente
2 Domingo García-Sabell: Vicepresidente
3 Sebastián Martínez-Risco: Vocal
4 Antonio Fernández López: Vocal
5 Jesús Ferro Couselo: Vocal
6 Agustín Sixto Seco: Vocal
7 Emilio Álvarez Blázquez: Vocal
8 Jaime Isla Couto: Consejero-Delegado
9 Ángel Cuiñas García: Secretario.

Asimismo, se hace constar que ninguno de los accionistas de esta Sociedad es poseedor de una participación que alcance al diez por ciento del patrimonio social, a que se refiere el prececto legal referido.

Editorial Galaxia, S. A. fue fundada por escritura pública de tres de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante el Notario Don Miguel Hoyos de Castro, con el núm. 2.909 de su protocolo, con un capital de 500.000 pesetas, dividido en acciones de mil pesetas cada una, en la actualidad enteramente suscritas y desembolsadas.

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	60	ptas.
Estranxeiro	75	"
Suscrición anual, 4 números ..	200	"
Estranxeiro	240	"

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia—Reconquista, 1 — Vigo

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO